




“Nidia Arévalo fíxome a vida bastante difícil”

Marcelino Giráldez

explicía local e aspirante á alcaldía de Mos

Pax.: 6

*Festa do Requeixo
e Mel das Neves*

Pax.: 23

*O Arte Lixo de
novo en Redondela*

Pax.: II

*Festa da Ostra de
Arcade*

Pax.: XII

*O 8M en
Camposancos*

Pax.: XXIII

*Mobilizacións en defensa
do ensino público*

Pax.: XXI

*Entrega de premios
“Antiviguesas Distinguidas”*

Pax.: XXVII

Estrada das plantas S/N
Tameiga

Corredoira Olegario Rodríguez, 3
Sanguñeda



adoa

CENTROS DE XARDINERÍA

Creando natureza dende 1990

www.adoa.es

Campo, xardín, fogar



Philippe Petain e a dereita española

Tino Lago, director de "A Nova Peneira"

editorial

Ao longo de toda a historia da humanidade sempre existiron imperios que baseaban a súa fortaleza no roubo e na explotación dos recursos naturais, económicos e humanos doutros pobos que non dispuñan da forza militar, ou da solvencia política e económica necesarias, para defenderse con éxito cando eran agredidos.

Un factor chave para que calquera política imperialista poida ter éxito nas súas ambicións expansionistas é a figura do colaboracionista local. Cando un país invade a outro ou trata de colonizalo economicamente, o resultado final da agresión dependerá, non totalmente pero si en boa medida, de se son capaces de mobilizar a favor da agresión a parte da poboación do lugar agredido que normalmente exerce de punta de lanza dos agresores, en ocasións con máis entusiasmo aínda que eles mesmos. Son os chamados sipaios. Este é un termo, curiosamente de orixe persa, que nas súas orixes facía referencia aos soldados indios que combatían nas ringleiras do exército colonial británico contra as lexítimas aspiracións de independencia e liberdade do pobo da India.

A evolución posterior do concepto espallouno de tal maneira que hoxe un sipaio é aquel habitante nativo de calquera pobo oprimido que combate contra a súa propia comunidade, a prol dos intereses do pobo que a oprime. Un exemplo paradigmático da figura do colaboracionista, do traidor, do sipaio é a do mariscal de Francia Philippe Petain. A evolución este suxeito é moi curiosa pois pasou de ser considerado un heroe nacional francés na pri-

"Antes del derecho internacional están los derechos humanos y allí no se protegen"

Alberto Núñez Feijoo



meira guerra mundial, na que dirixiu con éxito ao seu exército na terrible batalla de Verdún, a ser un indiscutible traidor que despois da entrada dos alemáns en París colaborou con eles presidindo o réxime monicreque de Vichy. Este réxime dedicouse a defender os intereses da potencia ocupante de todas as formas posibles, incluso coa creación dunha milicia terrorista que asasinaba, delataba e torturaba a quen era militante da Francia libre.

A posición de Petain non é nada novo na historia. Cando hai país agresor que agride a un país máis débil sempre se deron tres posturas posibles entre a poboación agredida: -A heroica, dos que lle fan fronte aos agresores. -A normal, dos que non queren ter problemas e miran a outro lado coa esperanza de que non lles toque a eles -A colaboracionista, de quen colabora cos agresores.

Que posición das 3, dirían vostedes amigas e amigos lectores, adoptou a dereita española en relación á agresión terrible que está a sufrir Irán por parte do imperio que nos tocou padecer nesta etapa da historia e dos seus aliados sionistas?

A resposta non é difícil: adoptaron a mesma posición que o mariscal Petain, a posición de colaborar co agresor. Isto é de tal maneira así que incluso cando o emperador ameaza directamente ao estado español, porque presuntamente o presidente Sánchez lle nega o permiso aos avións militares do imperio para usar as bases imperiais en territorio español para bombardear o país agredido, eles, patriotas de cagar entre o millo, ponse de parte de quen ameaza ao seu país.

Claro, eso queda un pouco feo dicilo, se cadra ata lles pode facer perder as

seguintes eleccións. Entón recorren á estratexia á que recorren todos os miserables: A xustificación moral. E, en palabras de quen non é presidente porque non quere, a vulneración do dereito internacional que cometeron os estados terroristas que agriden estaría xustificada porque viría motivada pola intención de protexer os dereitos humanos do pobo iraniano vulnerados polo seu propio goberno.

Pero que tipo de parvada é esai que forma máis vil de enganar á xente do líder da dereita española?

Feijoo sabe perfectamente que os dereitos humanos non teñen absolutamente nada que ver nesta guerra. Esta guerra está motivada polo mesmo motivo que todas as demais: Esta guerra é para roubar, para roubar os recursos de outros. O que acontece é que a dereita española está exercendo o colaboracionismo a prol dos intereses do imperio, incluso cando o imperio ameaza directamente os intereses do estado español.

A única diferenza entre Petain e Feijoo é o contexto histórico, porque a realidade da súa posición é idéntica: Ambos son uns colaboracionistas.

FLOR DE LOTO
Arte Floral

Ctra. Peinador nº 26 Bajo - Puxeiros
Tameiga - Mos

teléfono: 986 48 60 20
móvil: 687 46 76 34
696 15 63 59

E-mail: flordelotomos@gmail.com

Horario
Lunes a viernes: 10:00 a 13:30
16:30 a 20:00
Sábado: 10:00 a 14:00



Estamos no alto de Puxeiros.
Visítanos!



Visítanos en Peinador

SUMYRENT

ALQUILER Y VENTA DE MAQUINARIA



Polígono O Cerquido, 59 BUDIÑO

SALCEDA DE CASELAS

Telf. 986 34 68 53

sumyrent@sumyrent.com

www.sumyrent.com



As cousas no seu sitio

Baldomero Iglesias Dobarrío "Mero"

opinión

Sempre que hai eleccións en calquera sitio, e a partir dos titulares dos xornais e das noticias que nos invaden, a partir de aí vemos como se moven os fíos que van dar lugar ao resultado final dunha escolla, sentenciada, premeditada e que, ben sabemos debera estar privada das presións ás que someten. Sempre hai aqueles que gañan. E gañan porque veñen axudados do mesmo poder que eles mesmos pretenden, cos medios necesarios, coas oportunas aventuras da difamación e aniquilación previas.

Din que é unha lección para os que perdan, porque non souberon facerse valer debidamente. E así que sempre perdemos os que confiamos, parvos de nós, os que pensamos que nos ían conformar os tan grandes desexos de que as cousas cambien para mellorarnos a vida, para que cambiasen e se abrisen horizontes onde temos depositados o creto.

Claro está, para nada vale a capacidade de pensar e de escoitar todos os comentarios, mesmo os máis atin dos que nos dá todo o mundo. A alternativa é

facerse cargo desa torpeza intransigente e tamén dunha falta de ideas contundentes para romper co peso nefasto do pasado, para romper coa corrupción endémica e o roubo.

Todos temos algo de culpa no posible desastre, partindo xa de sentirnos incapaces de articular unha alternativa fiable e digna, unha alternativa que faga confluír e non exclúa. Todas están cheas de traizóns e silencios, conveniencias e faltas de determinación, letras pequenas que ocultan tramas. Unha alternativa sensata e progresista, sobre todo humana e que comprenda aquilo que é -para todos nós- o máis necesario. Vémonos diante dun escenario de apocalipse que vén directamente contra o noso carácter formal de identidade, tantas veces profanado e lonxe de calquera equilibrio social, de calquera equidade de sexo ou de raza.

Os que aí veñen, e con tanta forza, destrúen a posibilidade de falar e establecer un diálogo. Veñen á confrontación directa ou indirecta, sempre en escenarios de agresión e aniquilación mentireira. Son ladróns da vontade

allea, vencedores por medio do bulo, a dúbida, a negación, a ofensa, a forza e o medo.

Levo tempo indignándome cando leo nos xornais, con perdón, calquera deles, as cousas que se contan e como se contan. Non caio na resignación de que un día as cousas muden de relato, pero o certo é que a día de hoxe as persoas comunicadoras, salvo honrosísimas excepcións, seguen marcando o ritmo que lles ditan e seguen a dicir as mesmas conclusións e directrices que outras persoas dixeron. Con pequenos matices pero sen subverterse a narrar os feitos como son e como suceden.

Non podemos quedarnos na metáfora das anomalías, cómpre, é un dereito e un deber, dar manifestación do desastre que nos come e nos resinte. Non debemos deixarnos quedar na auto-censura, tan evidentes en tantos casos, tan falta de sinceridade.

Eses, precisamente eses, son síntomas de medo, de falta de liberdade e de apoucamento, de prevención na expresión limpa para avanzar e poder abrir

os horizontes. Sinto ter que dicir isto e que as miñas palabras poidan indignar. Mais debemos apostar a dicir algo que teña peso, que realmente exprese a verdade, claramente, para que poidamos avanzar e que as cousas cambien. Non debemos agacharnos na trincheira e esperar que escampe. Debemos saír deste exilio que di tantas cousas que non se entenden, que proclama feitos e palabras ocas, carentes de significados claros e contundentes.

Penso que xa está ben, que debemos parar de dicir o que lles gusta escoitar. Tamén hai discursos clarificadores, pero veñen de xente limpa e honesta que non se vende a calquera subvención ou perversa animación. Os intelectuais e a xente de calidades humanas sensatas, deben coller a pluma e escribir, deben significarse e apostar por unha clarificación de ideas. E, de paso, deixarnos de oportunismos. Hai que sinalar os sistemas e falar deles, co creto necesario e abondando en caracteres. Nada disto se pode resumir. Hai que evidenciar a tormenta que nos ameaza, xa está diante dos ollos, desde fórmulas

vingativas que mercaron o poder, fórmulas que ameaza a liberdade e os dereitos acadados. Cómpre comezar a poñer as cousas no seu sitio.



Cabral Aseguradores, S.L.
Agente Exclusivo
Núm. Registro C0072B27795509
36417 Mos (Pontevedra)
T +34 986 074 017
M +34 685 195 515
cabralseguros@generalimediadores.es
general.es/agente/cabralaseguradoresl



BAR Maceira
Coñece as nosas instalacións e servizos
986 330 473 - 669778419
Avda Sanguinieda, 101
Mos



Bar Zentral
"DESAYUNOS Y CHOCOLATES EXQUISITOS"
PLAZA CENTRAL, Núm. 3 - O Porriño



CÁRNICAS O LABREGO
SABOR RURAL
Praza de abastos
posto nº15
Salceda de Caselas
637 04 93 36
Servizo a Domicilio



Manolo
RESTAURANTE
AUTOVÍA VIGO-OURENSE - SAÍDA 305
PORRIÑO 986 333 404 - 986 344 414



CALIDADE, EXCELENCIA
E TRADICIÓN EN PLENO
CENTRO DA LOURIÑA.
VEN A COÑECERNOS
www.restaurantemanolo.es
info@restaurantemanolo.es

A Nova Peneira parroquia a parroquia

Por *G. Figueiredo*

Sanguiñeda, identidade rural no corazón de Mos



A igrexa de Sanguiñeda



O entroido de Sanguiñeda

No val da Louriña, a medio camiño entre a área metropolitana de Vigo e o rural do interior da provincia, a parroquia de Sanguiñeda, situada no barrio de Piñeiro, representa unha das expresións máis vivas do Concello de Mos. Cunha poboación que supera os 1.600 habitantes, esta parroquia combina crecemento, forte tecido veciñal e unha intensa vida cultural e deportiva. Está oficialmente catalogada como parroquia rural, chamada Santa María de Sanguiñeda forma parte das dez parroquias que compoñen Mos xunto con Cela, Dornelas, Guizán, Louredo, Mos, Pereiras, Petelos, Tameiga e Torroso.

Baixo a advocación de Santa María, a parroquia conserva na súa igrexa, a igrexa de Santa María de Sanguiñeda é o principal elemento patrimonial da parroquia. É unha igrexa vinculada ao Camiño Portugués de Santiago, o que

lle dá interese histórico e cultural, e forma parte do patrimonio relixioso local. Arredor dela estruturouse ao longo de séculos unha comunidade que soubo adaptarse aos cambios sen perder o sentimento de pertenza. Historicamente, Sanguiñeda xa figuraba nos padróns do século XIX cunha poboación de 219 habitantes a mediados dese século.

Na parroquia atópase o parque de Sanguiñeda, unha área verde titulada polo Concello de Mos que ofrece espazos de lecer: área infantil, zona de xogos de auga, pista polideportiva e instalacións para deportes e benestar. É un recurso usado por veciños e familias da contorna.

A transformación demográfica das últimas décadas fixo de Sanguiñeda unha parroquia dinámica, favorecida pola súa proximidade ás principais vías de comunicación e á cidade de

Vigo. A presenza da autovía A-55 reforza o seu papel como espazo residencial estratéxico, onde conviven familias de longa tradición coa nova veciñanza que escolle Mos como lugar para vivir.

E por este trazado da A-55 e as modificacións propostas para a A-52 o que trae á veciñanza de Sanguiñeda o debate e mobilizacións veciñais que xunto coa xente de Bembrive de Vigo, están en loita contra o novo trazado porque esnaquizaría e cambiaría o xeito de vivir destas dúas parroquias do rural galego.

E Sanguiñeda tamén son amantes do deporte e contan cun equipo de fútbol federado, o Alerta Sanguiñeda. Este Club de Fútbol dispón de un equipo categoría Sénior en terceira Galicia e un equipo de Veteranos en segunda división. Actualmente disputan os seus partidos no campo do Pontellas,

do veciño Concello do Porriño

E agora falamos de troula, pois pola vía principal de Sanguiñeda non só se atopa a mítica e coñecida Sala de Festas Queen, onde non deixaron de bailar e festexar varias xeracións das familias mosenses, senón tamén achegados doutros puntos das vilas da comarca e mesmo do país veciño Portugal, senón que tamén é o espazo elixido pola administración local para organizar o percorrido do desfile das comparsas do entroido.

O Entroido de Mos ten unha data marcada en vermello no calendario local. Cada ano, a rúa principal de Sanguiñeda transfórmasse nun gran escenario festivo onde comparsas, música e cor enchen a Avenida. O Desfile do Entroido 2026, celebrado o pasado domingo 22 de febreiro, congregou a 1.353 participantes distribuídos en 21 comparsas que desfilaron pola aveni-

BAR · RESTAURANTE
CASTRO
COCINA TRADICIONAL GALLEGA

Antonio Palacios, 154
 Teléfono: 986 330 757

36400 **PORRIÑO**
 Pontevedra

CAFE
O Rincón de Olga
 C/ CARREIRA Nº 29
 Rúa Carreira, 29
 Cans

Peixería
Luz María
 "O mellor do mar en pleno Peinador"

Estrada Peinador-Os Valos, 7 Interior
 (Mos)

da en pleno espírito de creatividade e celebración popular. O desfile inclúe categorías infantís e adultas, coa competición por premios á mellor comparsa infantil, mellor comparsa adulta, mellor carroza, mellor vestuario e mellor animación.

O desfile comezou coa saída de cinco comparsas infantís, catro de Mos e unha de Vigo, seguida dunha formación procedente de Vigo na que participaban persoas con mobilidade reducida, subliando o carácter inclusivo da festa.

A festa, organizada polo Concello de Mos, aposta por favorecer a participación cidadá sen perder a esencia do Entroido tradicional, cun concurso no que as comparsas optaron a premios á mellor carroza, vestuario e animación, entre outras categorías.

Un dos momentos máis esperados foi a presenza especial de "O Xabará", o popular personaxe infantil galego da TVG, que se sumou á celebración para interpretar unha canción e entregar o premio á mellor comparsa infantil.

Tras o paso das agrupacións pola rúa principal de Sanguñeda, a festa continuou cun concerto do grupo "Pa ti na Má", que puxo o broche musical á xornada de Entroido.

Para moitos colectivos, asociacións culturais e centros educativos, o desfile e as actuacións non son só diversión: representan o resultado dun longo traballo de creación de disfraces, coreografías e mensaxes satíricas que, durante meses, preparan cos seus membros e familias.

Entre o son das campás de Santa María e o ritmo das batucadas do Entroido, Sanguñeda segue a escribir a súa historia. Unha parroquia que medra, celebra e constrúe comunidade, converténdose nun dos corazóns máis activos de Mos.

O BNG consegue o compromiso dun local para a Marcha Mundial das Mulleres da Louriña

No último pleno, o BNG no Porriño conseguiu o compromiso de que as asociacións vencelladas coa loita feminista asentadas no noso municipio poidan contar cun local propio municipal. A abstención do PP fixo que a moción saíse adiante. Dende a forza nacionalista esperan que esta vez o alcalde Alejandro Lorenzo cumpra o acordado en sesión plenaria.

O Porriño

A Marcha Mundial das Mulleres da Louriña, dende a súa constitución, está a ser referencial no activismo feminista do val. A súa acción vai máis alá da convocatoria das manifestacións do 8M ou do 25N. Traballan para colocar na axenda dos concellos da comarca a loita pola igualdade.

No último pleno, o BNG do Porriño presentou unha moción na que solicitou outra vez un local para a Marcha Mundial das Mulleres. A forza nacionalista considéao necesario. Sería unha mostra de compromiso coa igualdade e co obxectivo de nutrir o movemento asociativo feminista do noso concello. Deste modo, o goberno local debería pór a disposición un local municipal para uso exclusivo de asociacións que traballen a prol dos dereitos das mulleres.

A Marcha Mundial das Mulleres da Louriña fixo unha solicitude de local en varias ocasións e a resposta sempre foi negativa. Mentres que outros colectivos sociais contan con un espazo municipal no Porriño, segundo o goberno do PP non existe dispoñibilidade de ningún espazo para este grupo.

"O único que esperamos é que agora o alcalde do PP, Alejandro Lorenzo, cumpra co acordado no pleno. Desgraciadamente, non sería a primeira

vez que o incumprise", afirma Míriam Martínez, membro do grupo municipal nacionalista. O Bloque denuncia a falta de cumprimento do acordado recentemente en pleno a respecto da convocatoria da Mesa de Coordinación e Seguimento sobre actuacións de Violencia de Xénero. Xa que acordárase que nesta ían estar presentes os grupos da oposición e ningunha das dúas forzas que a constitúen foi convocada para a última reunión. Tamén en marzo de 2025 se aprobou a constitución dun Consello Local de Igualdade coa representación de todos os axentes sociais e non se ten dado paso ningún para facer efectivo o acordo. "O respecto polos órganos democráticos non son o forte do alcalde".

Por outra banda, seméllalle á forza nacionalista chocante que, a pesar de que no 2025 houbo un incremento de feminicidios, non houbese unha actuación extraordinaria por parte dos poderes públicos. Recordoulle o BNG a Alejandro Lorenzo que O Porriño foi especialmente golpeado por casos gravísimos de violencia de xénero que aínda non tiveron ningunha reacción na actuación do goberno municipal máis alá dos minutos de silencio. Especialmente cuestionable é a situación das traballadoras do SAF.

Entrega de premios do I Certame de fotografía Xank Penabella

Mónica Vila, Gloria Pérez e Óscar Damián Álvarez recolleron os seus premios de mans de Breogán e Gael Penabella

Salceda de Caselas

O Concello de Salceda de Caselas vén de facer entrega dos premios ás persoas ganadoras do I certame de fotografía Xank Penabella, que xirou en torno á festa do Entroido no municipio. Os traballos ganadores son:

- Primeiro premio: "ANTES DO BAILE", realizada por Mónica Vila Ferreirós, que recibiu diploma acreditativo e premio de 1.500€

- Accésit: "THIAGO", realizada por Óscar Damián Álvarez Martínez, que recibiu diploma acreditativo e premio de 250 €.

- Accésit: "Reflexo dun sentimento baixo a chuva", realizada por Gloria Pérez Fernandes que recibiu diploma acreditativo e premio de 250 €.



RABADEIRA

AUTOMÓVIL - MAQUINARIA AGRÍCOLA
NEUMÁTICOS - ACCESORIOS
ALINEADO
DISTRIBUIDOR AUTORIZADO DE NOKIAN TYRES

Telf. 986 340 753
Revolta.nº 7 - Parderrubias. 36472 - SALCEDA DE CASELAS
rabadeira2011@hotmail.com



Tu Bacata

Estamos en **Torneiros**
(Antigo Bar Cherokee)

Visítanos!



Ferreteria Mos S.L.

"En Puxeiros"

Rúa Ludeiro 31 A - Mos 986 682 494
info@ferreteriamos.com
www.ferreteriamos.com

TODOS PARA EL PROFESIONAL



“Teño visto chorar a máis dunha concelleira por mor da forma que ten a alcaldesa de tratar ás persoas”

Marcelino Giraldez, ex policía local e aspirante á alcaldía de Mos

Marcelino é un veciño de Sanguñeda de 60 anos de idade que despois de máis de 35 como axente da policía local do Concello de Mos xubilouse o pasado 2025. E cando debería gozar desta etapa tan bonita da vida, manifesta que o seu amor polo concello, que lle viu nacer e no que vive, lévalle a tomar a decisión de montar unha candidatura que compita pola alcaldía nas vindeiras eleccións municipais do ano 2027. Marcelino amósase moi crítico coa xestión da actual alcaldesa e entende que o seu pobo precisa un proxecto político diferente, que ilusione á maioría social da veciñanza e que facilite a posibilidade do cambio real. Nese sentido reivindica con orgullo a forma de facer política que tiña o seu pai, militante socialista que chegou a ser alcalde de Mos.

Nós conversamos con el. Velaí vai o que deu de si a nosa conversa.

Ti es unha persoa poliédrica, cuxa vida descendeu por moitos camiños. Como prefires que te presentemos: Aspirante á alcaldía de Mos, ex Policía, ex futbolista..?

A min gustárame que se me coñecera por ser un veciño de Mos, que quere moito ao seu Concello, e que desexa achegar todo o que ten para contribuír a facermos un Mos mellor.

Queremos coñecerte un pouco máis

Ben, eu nacín en Sanguñeda no ano 1965. Na actualidade sigo a vivir na parroquia na que nacín. Estudei a educación secundaria nun colexio do centro de Vigo. Compaxinaba os meus estudos coa práctica do fútbol.

Creo que non se che daba mal iso do fútbol?

Iso dicían. A verdade é que tiña unha

boa perna esquerda, creo eu. Cheguei a xogar na canteira do Real Madrid e no segundo equipo do Celta.

Coincidiches con algún xogador que chegara a destacar?

E tanto que si, cos da “quinta do buitre”. De feito nas concentracións adoitaba durmir con Pardeza e con Mandiá. Lembro que de cando en vez nos levaba o defunto de Juanito, que logo morrería nun desgraciado accidente de tráfico, ás concentracións.

Vaia, que interesante. E como era Juanito como persoa?

Era moi simpático, un auténtico rexoubeiro. Sempre estaba de brincadeira. Como todo na vida aqueles tempos tiveron luces e sombras, pero en liñas xerais gardo moi bo recordo da época do fútbol. Foi unha etapa moi bonita.



Marcelino Giraldez

E tivo que comezar a vida laboral?
Pois si. Saíron unhas oposicións á policía local de Mos, e, creo que foi no ano 1989, aprobeinas.

Ata cando fuches policía?
Ata o ano 2025. O ano pasado déronme a incapacidade por un problema de saúde.

Que recordos che deixa a túa etapa como policía?

Uf.. pois en máis de 35 anos de servizo houbo de todo. Lembro que cando comezamos as cousas non estaban ben. Viviamos unha administración case como a de 40 anos atrás. Un compañeiro máis eu creamos a sección sindical de UXT na policía local, e tratamos de facer unha policía moderna adaptada á realidade dos tempos e que estivera ao servizo da veciñanza.

A policía eu concíboa como un servizo público que debe de facilitar a vida das persoas. E desesa maneira procurei exercer o meu traballo en todos estes anos.

Quen era o alcalde en aquel momento?

Ballesta.

Como valoras o seu goberno?

Digamos que non era unha persoa fácil.

De todos os alcaldes e alcaldesas que coñeciches cal cres ti que gobernou de maneira máis positiva para o conxunto da veciñanza mosense?

Eu diría que o goberno de Ramón Alonso, non tanto por el, senón polo colectivo que o rodeaba. Para min foi un bo goberno colectivo.

En todos estes anos na policía recibiches presións directas dalgún dos

SILVAKARAVAN
AUTOCARAVANAS

COMPRA - VENTA - ALQUILER

- Caravanas, autocaravanas
- Mobilhomes
- Remolques, accesorios
- Todo para el camping

info@silvakaravan.com
www.silvakaravan.com

C/ Rosalía de Castro, 39
36350 Nigrán
Pontevedra

986 365 629
696 383 650
696 293 764

C/ Costeira, 1 - Budiño
36475 Salceda de Caselas
Pontevedra

986 346 842
696 143 835
696 293 764

Talleres SITO
MOS

Distribuidor oficial

Telf.: 634 88 70 54

BCS BERTOLINI Oleo-Mac

ESTRADA PORRIÑO-REDONDELA 73B
CP. 36416 MOS

alcaldes ou alcaidesas cos que coincidiches?

Si.

Quen?

A actual alcaldesa.

Directamente?

Si. Fíxome a vida bastante difícil.

Dirías que Nidia Arévalo ten tinturas ditatorias?

Para min si. Teño visto chorar a máis dunha concelleira por mor da súa forma de tratar ás persoas.

A alcaldesa chegou ao poder por un episodio de transfugismo?

Claramente si. De feito ao concelleiro transfuga durante un tempo tivérono escondido nun hotel de Baiona para que ninguén se achegara a el. Teño moi claro que se Nidia Arévalo segue como alcaldesa foi grazas a aquel episodio. En relación con este asunto quero dicir que eu xa sabía que se estaba a preparar ese movemento, avisei ao PSOE e ao BNG para que tiveran coidado, pero por desgraza non me fixeron caso e non fixeron nada para evitalo.

Cando comezou a túa relación con UCIN?

Hai case catro anos. Todo comezou polo contacto cunha persoa que en tempos xogara ao fútbol comigo. Coméntoume o proxecto de UCIN e houbo un interese recíproco.

Ata o momento nunca presentastes unha lista en Mos, verdade?

Non, de momento a miña participación política limitábase a ter ido nas listas de UCIN ás eleccións europeas.

Procura contestar da maneira máis concreta posible: Nas municipais do ano que ven vas montar unha lista para ser candidato á alcaldía de Mos?

Estou traballando en facer unha can-

didatura si. Estou falando cos distintos colectivos veciñais para tomar nota das súas necesidades e problemas e ver o que se podería mellorar no vindeiro goberno de Mos. Tamén estou falando con distintas persoas para que me acompañen na candidatura.

Por que motivo cres que debes de presentar unha candidatura?

Porque Mos precisa un cambio político e eu considérome co deber moral de dar un paso ao fronte para tratar de contribuír a ese cambio.

Non che valen ningunha das outras dúas opcións: PSOE e BNG?

Mos necesita un proxecto novo, non o mesmo de sempre. Un proxecto diferente que ilusione de verdade. Eu non estou condicionado por ningún apriorismo nin ideolóxico nin de partido. Vou montar unha lista transversal, de xente fiable que poida aportar, composta de persoas de todas as parroquias, incluso con ex do PP, que esteamos unidos arredor de dúas ideas chave: O amor a Mos, e a convicción de que o noso pobo precisa un cambio.

A ti faiche falta a política para vivir?

Non, nunca me fixo falta. Cando era policía vivía do meu soldo e agora que son xubilado vivo da miña pensión. De feito penso que vivir da política, é un problema. A actividade política debe de ser un medio para mellorar a vida da xente, non un medio para que o político poida vivir.

Cales son as túas expectativas realistas?

Aspiro a ser o próximo alcalde de Mos. Se a sociedade me dá un voto de confianza sei, dígoos con toda a humildade, que non vou decepcionar.

Se antes das eleccións recibises unha chamada da alcaldesa para que non montes a lista e che fixera unha oferta de integración no seu equipo, habería algunha posibilidade de que a aceptases?

Non, non hai ningunha en absoluto. Eu son unha persoa íntegra.

O rencor inflúe na túa vontade de competir pola alcaldía de Mos?

De ningún modo. Eu non teño ningún tipo de rencor por ninguén. O único que inflúe na miña vontade de participación política é o amor. O amor a Mos, e a convicción de que Mos precisa un goberno mellor. Eu son de Mos, si vivo en Mos e si pago os meus impostos en Mos.

No caso de chegares á alcaldía cales serían as medidas máis urxentes que levarías a cabo?

-Reducir o gasto político. As dedicacións exclusivas que hai son excesivas, o gasto en comisións e vehículos é excesivo, e a publicidade institucional é excesiva.

-Optimizar a organización da administración municipal.

-Auditar as contas do Concello. Teño serias dúbidas de que os números que presenta o goberno municipal sexan correctos.

-Revisar a concesión de moitas licenzas de obra

No asunto da autovía cal é a túa posición?

Chámame poderosamente a atención que a alcaldesa de Mos estea supostamente liderando a reivindicación de liberar a peaxe da AP9 cando foi o seu partido o responsable de darlle unha prorroga de 50 anos á empresa que a explota. Onde estaba ela cando o presi-

dente Aznar fixo iso?

Estaba calada, absolutamente calada.

Véxote moi ilusionado?

Pois ves ben, porque é a realidade. O cariño e os ánimos que estou a recibir da xente pola rúa, multiplican a miña ilusión. E episodios tan desagradables de persoas que crean perfís falsos en redes sociais para atacarme non fan máis que convencerme de que estou no lado correcto da historia, e que o noso pobo precisa un cambio de goberno con urxencia.

Salceda bota a andar a II fase da excavación da foxa de Soutelo

Trátase de localizar aos cinco homes que permanecen desaparecidos

Na primeira fase localizáronse e identificáronse a dúas vítimas da dictadura



Salceda de Caselas

A alcaldesa de Salceda de Caselas, Loli Castiñeira, e o Concelleiro de Cultu-

adega Tría Carmen

T. 986 333013. Móv. 600 304608

Estrada Porriño - Redondela 237. LOUREDO. 36415 MOS

Inmobiliaria Traviesas

Carlos Parada Pereiro

647.607.657

c/ Vigo N° 14, portal 3 - Bajo
(36470) Salceda de Caselas - Pontevedra

Telf. 986.340.500

Móvil. 628.174.501

www.inmobiliariatraviesas.es

E-mail: info@inmobiliariatraviesas.es



APLIVILCA

APLICACIÓN DE SISTEMAS DE IMPERMEABILIZACIÓN
Persoal especializado e profesional

DEPÓSITOS DE COMUNIDADES DE AUGAS
Impermeabilización, limpeza e desinfección **CERTIFICADA**

SERVIZOS A EMPRESAS E COMUNIDADES
Pavimento, fachada, patio, garaxe, mantementos...

APLICACIÓN E VENDA DE PRODUTOS



Subida ó Rebullón 28 - Mos Telf.: 986 49 88 72 www.aplivilca.com info@aplivilca.com

ra, Alex Rodríguez, veñen de manter unha nova reunión cos socios da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Baixo Miño, O Condado e A Louriña, encargados de investigar o posible paradoiro de 7 represaliados durante a guerra civil, para tratar de organizar os traballos previos para esta segunda fase da exhumación.

Nesta reunión tamén estiveron presentes o párroco de Soutelo e o arqueólogo que dirixirá as obras. Nesta II Fase de Exhumación da Foxa de Soutelo, en Salceda de Caselas, trátase de localizar os restos de 5 homes paseados e soterrados no adro da igrexa, que non foron localizados na I Fase de escavacións en que apareceran só dous deles. Na actualidade aínda non se atoparon todos os desaparecidos en setembro do 36. Catro dos que faltan é posible que sexan veciños do Porriño (Severo Boente, José Cordal, Ramón Pérez e Leoncio Muíños), e o quinto, un veciño do Torroso, en Mos (Modesto Barreiro

Cubillos). A nova escavación seguramente comezará no próximo mes de abril.

O proxecto, que foi presentado pola Concellaría de Cultura do Concello de Salceda de Caselas a finais de 2025 á Federación española de Municipios e Provincias (FEMP), dentro do “VI Plan de Recuperación de memoria Democrática 2025-2026”, vai recibir a contía de 12.500 euros de axuda para completar a finalización da Exhumación que se iniciara en xuño do ano pasado nun dos laterais do adro da igrexa. Agora terase en conta outros testemuños orais dos veciños da parroquia e a documentación recollida polo historiador X. Ramón Paz Antón.

A alcaldesa de Salceda sinala que este proxecto supón un avance coa recuperación da Memoria Histórica e a dignificación das vítimas e o dereito dos seus e das súas parentes a recuperar os seus restos despois de tantos anos, para lles poder dar un enterramento digno.

carcel, así como as concelleiras de igualdade, Selene González e Lorena Soto, veñen de reunirse en varias ocasións para deseñar e mellorar os seus programas de conciliación e igualdade e traballar de novo na solicitude conxunta de subvención á Xunta de Galicia para poder levar a cabo os diferentes programas. A subvención do Plan Corresponsables suporá unha axuda económica a estas entidades locais por parte da Xunta de Galicia e do Ministerio de Igualdade para reducir a desigualdade de xénero entre mulleres e homes nos coidados e na xestión do tempo.

Ambas Alcaldesas valoraron moi positivamente os resultados obtidos o pasado ano, polo que non dubidaron en volver colaborar e realizar unha nova solicitude de subvención mancomunada, convencidas de que o traballo conxunto ofrece sen dúbida un resultado moi favorecedor para as familias dos dous Concellos.

Salceda e Salvaterra traballan por segundo ano consecutivo na realización de campamentos municipais gratuítos que favorecerán especialmente á conciliación laboral durante a época estival do verán. Nos meses de xullo e agosto a infancia e a xuventude de ambos concellos gozará e aprenderá sobre o deporte e vida activa, a cooperación e a competición amigable. Ademais coñecerán a súa contorna mediante a pro-



moción dun estilo de vida responsable e aprenderán sobre a ciencia, rachando cos roles de xénero, promovendo a igualdade e o compañeirismo e facendo comunidade.

A parte formativa virá coa III edición da “Escola de familias”. Realizaranse un total de 10 sesións para persoas adultas nas que paralelamente se adaptará a temática das sesións para a infancia. Esta distribución permitirá formar a familias e crianzas ao mesmo tempo que permite a conciliación. Cinco das sesións serán no Concello de Salvaterra de Miño e as outras cinco no Concello de Salceda de Caselas e as familias poderán asistir indistintamente segundo as súas preferencias.

Como novidade para esta terceira edición, vén de solicitarse un apartado de sensibilización en igualdade a través do teatro que percorrerá as parroquias de ambos concellos.

Os Concellos de Salvaterra de Miño e Salceda de Caselas únense para o III “Acompañámoste: Conciliación con corazón”

Tras o éxito das anteriores edicións do programa “Acompañámoste: Conciliación con corazón”, os Concellos de Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño continúan a traballar unidos para optimizar os recursos e garantir a igualdade e a conciliación nas familias dos seus concellos.

Favorecer a conciliación familiar e os gobernos de Salceda de Caselas e Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño. Por todo isto as coidados é un obxectivo claro para alcaldesas, Loli Castiñeira e Marta Val-



Modauto

Rotulación e impresión digital

986 48 68 44

www.modauto.net

modauto@modauto.net

25

Aniversario

Bar

La Bendecida

Cervercería



Rúa Atonio palacios, 36
O Porriño

Hostal Maracaibo

Ti es a nosa razón de ser

Manuel Rodríguez, 50
O Porriño
986 33 09 01





8 M: Nin submisas, nin depredadoras. Feministas

Carmen Santos Queiruga, ex SX de Podemos Galicia

opinión

Este 8M quero escribir desde a complexidade. Desde a gratitude. Desde a autocrítica. E tamén desde a firmeza.

Porque, se algo aprendín mirando ás mulleres da miña familia, ás miñas amigas, ás miñas compañeiras no ámbito científico-administrativo e ás amigas e compañeiras da miña etapa política, é que o feminismo real non é un apoio puntual nin unha consigna que se activa cando convén. É resistencia cotiá.

Traballo a diario con mulleres que están nos laboratorios e nos despachos do CSIC, sostendo proxectos brillantes mentres manteñen maternidades en épocas nas que a conciliación segue sendo unha carreira de obstáculos. Traballo con investigadoras que adían publicacións, adían ou renuncian á maternidade mentres consolidan a súa carreira ou multiplican o seu esforzo para que ninguén poida cuestionar o seu mérito. Traballo con xestoras rigorosas e eficientes que coñecen mellor ca ninguén os engraxes do sistema e que, aínda así, teñen que demostrar constantemente que a súa autoridade é lexítima. E fano sen ruído épico, sen vitimismo performativo, cunha ética de traballo que impresiona.

Nada disto é casualidade, malia que moitas veces non sexamos conscientes. É herdanza das loitas feministas, das que están e das que xa non están, das que abriron camiño en contextos moito máis duros e das que herdamos os froitos deste esforzo colectivo.

E quero dicir isto en primeiro lugar, despois de reflexionar moito —con

decepción incluída— sobre os escándalos que salpicaron membros dos partidos de esquerdas nos últimos tempos. Inicialmente a decepción pesaba e impoñíase a sensación de que demasiadas veces desde a política non se está suficientemente á altura. Pero cando afondo na reflexión, decátome de que iso é mercar o discurso do patriarcado e do neoliberalismo, ademais de ser un relato absolutamente inxusto. Explicóme.

Por unha banda, é profundamente decepcionante ver como determinadas mulleres da dereita actual —Isabel Díaz Ayuso, Cayetana Álvarez de Toledo, Rocío Monasterio; malia que dá igual o nome— negan o machismo estrutural e ridiculizan o feminismo, cando elas, queiran ou non, son vítimas do mesmo machismo cás demais e están atravesadas pola mesma estrutura patriarcal que nos castiga a todas.

Non vou ser eu quen diga que non chegaron ao seu posto por cualidades e esforzo persoal, pero non por iso deixan de ser utilizadas para maquillar un machismo que nas súas organizacións segue intacto. Porque, malia que logran chegar a esas cotas de poder, son igualmente cuestionadas, mesmo polos mesmos que as apoiaron, algo que negarán sempre. E negaranos por simple supervivencia nos seus partidos. Ata aquí, incluso poden sentir algo de empatía.

Pero co que non poden empatizar en ningún caso é con que, vivindo as dificultades de ascenso para as mulleres nas súas organizacións —ascenso que se lles permite para camuflar ante a sociedade o seu ma-

chismo por rédito electoral— teñan esa incontrolable violencia dialéctica cara ás mulleres feministas, e que o máis amable que nos digan sexa “tolas”, “feminazis” ou “hipócritas”, desacreditando loitas colectivas e impugnando avances conquistados. Ademais de eticamente reprochable, defender os mesmos mantras que nos fan dano a todas, no fondo, é profundamente irresponsable.

Se ser “feminazis” significa defender que nenas e nenos teñan os mesmos dereitos, que as mulleres cobren o mesmo ca os homes polo mesmo traballo, que a maternidade non penalice carreiras, que a discapacidade, a orixe humilde ou a pertenza a unha minoría étnica ou racial non multipliquen a exclusión e que existan leis que nos protexan contra a violencia machista, entón a palabra deixa de ser ofensiva e convértese nun eloxio: pois si, somos “feminazis” con orgullo, e iso é síntoma de que estamos facendo as cousas ben.

Dito isto, sinalalas non nos exime da autocrítica.

Porque desde posicións progresistas, e desde espazos que se declaman feministas, temos que revisar prácticas, liderados e dinámicas internas.

Hai membros moi destacados da esquerda que non estiveron á altura e que fixeron un dano enorme á causa feminista, á igualdade e ás propias mulleres con comportamentos absolutamente repulsivos: denuncias por acoso, agresións sexuais, violencia contra as mulleres, utilización da prostitución, encubrimiento e un longo etcétera que nos avergoña, nos provoca noxo e nos obriga a actuar

con contundencia. Para min, toda esa xente traizooou as ideas e valores feministas da esquerda, e non hai ningún tipo de escusa para minimizar o dano que fixeron.

Pero, pese a todo iso, hai que lembrar a hemeroteca, porque hai diferenzas fundamentais entre o tratamento destes casos e a actuación histórica da dereita no referente ao avance nos dereitos e oportunidades das mulleres. Sen as leis feministas impulsadas e aprobadas en solitario pola esquerda social, moitos dos avances non serían posibles.

Cos partidos da dereita sería máis ben todo o contrario: retrocesos, impunidad, silencio, revitimización da muller e ataques masivos contra nós. Os partidos da dereita votaron sistematicamente en todas as cámaras lexislativas en contra das leis feministas, ou opuxéronse directamente recorrendo a tribunais, medios de comunicación, ridiculizándoas, negando o machismo e a violencia estrutural contra a muller e, ao mesmo tempo, beneficiándose dos dereitos conquistados pola loita feminista: cotas de igualdade, permisos de maternidade e paternidade, protección fronte á violencia machista, políticas de conciliación e un longo etcétera.

E máis: o punto máis diferenciador entre os partidos de esquerdas e de dereitas é que, sen as leis feministas da esquerda progresista, os homes responsables deste tipo de condutas —acoso ou outros delitos de violencia machista— hoxe non terían que responder ante a xustiza. Grazas ás leis e políticas progresistas, agora teñen que render contas perante os

AGRO MOSENDE

Telf. 986 333 688 - 659 661 914 agromosende@gmail.com
Cabadiña, 3A - 36.413 Mosende - PORRIÑO

TALLERES SAN JUAN

Mecánica
Neumáticos
Alineado de dirección
Cambio de lunas
Servicio de grúa a clientes

PEINADOR - TORROSO
(Mos)
Al lado de la Capilla de San Juan
986 337 187
645 991 192

tribunais, os medios de comunicación, as súas organizacións políticas e fronte á sociedade. Sen as leis feministas, ficarían impunes. Esa é, por dicilo así, a xustiza poética do maior triunfo das mulleres no seu conxunto e do movemento feminista en todos os recunchos da sociedade. Estes señores van ser xulgados polas mesmas normas que votaron a favor, pese a non creren nelas. Iso é o éxito do feminismo na súa máxima expresión.

Porque é certo que o machismo non é alleo a ningunha organización e que o feminismo non é patrimonio de ningún partido. Pero o que é absolutamente incompatible é afirmar que “apoias” e “defendes” a muller ao mesmo tempo que negas o machismo estrutural que sofre e non fas nada por eliminalo da sociedade, salvo facer demagogia e carroñería electoral mentres te dedicas a poñer paus nas rodas ás leis e medidas para erradicar o machismo e as violencias contra as mulleres.

Por iso, tampouco abonda con que unha muller chegue arriba. A pregunta é como chega e que fai cando está alí.

O liderado feminino non é automaticamente feminista. Ter un máster en igualdade non converte a ninguén en feminista. E utilizar o discurso da meritocracia para negar os privilexios estruturais non é emancipador: é servir ao poder patriarcal e neoliberal de sempre.

Por iso mesmo, este 8M non pode ser só unha denuncia cara a fóra; ten que ser tamén unha mirada cara a dentro. Porque o machismo non opera unicamente desde os homes: tamén vive en nós cando reproducimos competencia feroz, cando sospeitamos da que destaca, cuestionamos a reivindicativa, desconfiamos da

politizada, criticamos a que lidera, descualificamos a que ten ambicións lexítimas, examinamos con lupa a que fala alto; mentres premiamos a docilidade e a submisión, pero castigamos o empoderamento e a autonomía.

O machismo pretende convencer-nos de que a muller óptima é a que volve á cociña cun sorriso doce e voz pequena, ou a que ocupa un cargo reproducindo os esquemas máis duros do poder tradicional. Por iso non queremos ser nin submisas nin depredadoras. As feministas loitamos porque non cremos nin na concepción da muller como ser submisos que cala nin na que exerce contra outras mulleres o machismo que queremos erradicar. Porque o noso inimigo non son os homes: é o machismo.

Por iso o feminismo non pode limitarse a colocar mulleres nos mesmos esquemas de dominación. Ten que transformar a maneira de exercer o poder: incorporar o coidado, a cooperación, a corresponsabilidade e a xustiza social como eixos centrais. Non como debilidade, senón como fortaleza social.

Este 8M é unha chamada á coherencia e á valentía. E, sobre todo, a non permitir que os nosos erros sexan utilizados para desmantelar décadas de dereitos conquistados.

Por iso, e para rematar esta longa reflexión, celebramos as que investigan, as que coidan, as que gobernan, as que educan, as que lideran, as que escriben, as que emprenden, as que protestan, as que sosteñen familias e institucións. Celebramos as que chegaron antes ca nós e as que están a abrir camiño agora.

Porque cando unha muller avanza soa, resiste.

Cando avanzamos xuntas, transformamos.

O Porriño encara a recta final para contar por fin cun auditorio moderno e versátil

A obra do futuro auditorio municipal avanza a bo ritmo e permitirá dotar ao Porriño dun espazo escénico de referencia, adaptado ás necesidades actuais da programación cultural e do tecido asociativo local.

A obra do futuro auditorio municipal do Porriño foi hoxe escenario da súa primeira visita institucional, na que participaron o alcalde, Alejandro Lorenzo, xunto con representantes do tecido asociativo local vinculado ao ámbito cultural e diversas academias de música e baile.

O novo auditorio permitirá dotar ao municipio dun espazo moderno, versátil e adaptado ás necesidades actuais. O proxecto contempla unha capacidade aproximada de 340 butacas, así como escenario, camerinos e instalacións técnicas axeitadas para acoller múltiples actividades culturais ao longo do ano. A actuación supón un investimento de preto de 2,8 millóns de euros, cun prazo de execución estimado de vinte meses.

Durante a visita, o alcalde puxo en valor a importancia deste proxecto, cualificándoo como un fito histórico para o Porriño, ao tratarse do primeiro auditorio destas características no municipio e unha resposta a unha demanda histórica da veciñanza.

“Hoxe é un día especialmente significativo para este Concello. Visitamos por primeira vez un auditorio que, ata o de agora, nunca existira no noso municipio”.

O rexedor tamén destacou o impacto que terá esta infraestrutura na vida cultural local, ao ofrecer un espazo estable para o desenvolvemento de actividades e iniciativas impulsadas polo tecido asociativo.

“Nun prazo breve, en menos dun ano, este auditorio estará a disposición de to-

dos os veciños e veciñas, así como das asociacións e colectivos que atoparán aquí un espazo de encontro, cultura e convivencia”.

Lorenzo quixo ademais recoñecer o traballo técnico e profesional que está a facer posible a execución da obra, subliñando a coordinación entre os equipos implicados para garantir o seu correcto desenvolvemento.

O proxecto, segundo explicou, foi resultado dun proceso de análise no que se valoraron diferentes alternativas, tendo en conta condicionantes técnicos, urbanísticos e económicos, ata acadar unha solución que permitirá contar cunha infraestrutura moderna e plenamente integrada no entorno urbano.

O novo auditorio está chamado a converterse nun punto de encontro para asociacións, colectivos e cidadanía en xeral, favorecendo a dinamización cultural do municipio. Neste sentido, desde o Concello destacou a importancia da implicación do tecido asociativo, que participou nesta primeira visita para coñecer de preto o avance das obras.

Ademais, sinalouse que a evolución dos traballos será especialmente visible nos próximos meses, cun avance significativo que permitirá comezar a visualizar a configuración definitiva do espazo.

Con esta actuación, o Concello do Porriño reafirma a súa aposta pola cultura como eixo fundamental de desenvolvemento, impulsando unha infraestrutura que contribuirá a mellorar a calidade de vida da veciñanza e a fortalecer a identidade cultural do municipio.




**RESTAURANTE
TAPERÍA**

886.129.138

Val do Louriña Restaurante

**Manuel Rodríguez, 69
36400 PORRIÑO**

KIOSKO EL PINAR

PRENSA - GOLOSINAS - HELADOS - REVISTAS

“LA DE BELEN”

**Novo Local
Visítanos!!**

Rúa Pinar, 11

**Pulpeiro
Lolo**

**Teléfono:
687 45 12 11**





Preparémonos para facer fronte ao fascismo e a guerra global imperialista

opinión

Paulo Vila, Comité Antifascista da Louriña

O pasado 12 de marzo fíxose o 40 aniversario do fraudulento referendo da OTAN convocado en 1986 polo goberno do PSOE presidido por Felipe González. Contou co rexeitamento da maioría do pobo traballador galego, obtendo o 61% pola abstención, e respecto da poboación que participou, o 38% votando non.

No actual contexto xeopolítico, de perda da hexemonía global do imperialismo anglo-ianque-sionista e co aumento das contradicións no seu interior, tal e como puidemos comprobar perante as tensións e escaramuzas entre a fracción conservadora e a globalista dentro da Alianza Militar Atlántica por mor das ameazas expansionistas da Casa Branca de anexionar Groenlandia, xunto coa consolidación do Mundo Multipolar, ábrese unha porta de posibilidades para as forzas antifascistas e antiimperialistas á hora de avanzarmos na

culminación dos nosos obxectivos tácticos e estratéxicos.

Coa guerra provocada pola UE/OTAN contra a Federación Rusa en Ucraína, o xenocidio sionista na palestina, ou ca agresión da Coalición Epstein contra o Líbano e contra a República Islámica do Irán en curso, as forzas que pertencemos ao campo obreiro e popular temos a obriga de situar como eixo central da nosa actividade nas rúas e centros de traballo, a denuncia sobre o grave perigo que supoñen os perversos plans de guerra global do imperialismo.

No noso país a Plataforma Galiza pola Paz, entidade na cal o Comité Antifascista da Louriña está integrado, leva durante estas semanas convocando mobilizacións co obxectivo de ir concienciando os sectores populares sobre as graves consecuencias que para a nosa vida terán os plans de morte e destrución imperiais. Do mesmo xeito, xunto aos Comités Anti-OTAN de

Compostela e Lugo, estamos desenvolvendo a campaña 'Pola Terra, Contra a Guerra' para alertarmos tanto da fascistización e militarización da sociedade, como do papel que para o imperialismo ten Galiza dentro da economía de guerra e da cadea armamentística global.

Estas iniciativas, sumado á actividade específica do CAL no noso marco respectivo de loita, expresando a solidariedade internacionalista coa Rusia Antifazista e co Eixo Antisionista resistente encabezado por Irán, situounos no punto de mira tanto dos fascistas locais, como de sectores neonazis ucráinos. A campaña de sinalamento dos nosos membros que durante este mes foi iniciada por elementos reaccionarios, constata a acertada e coherente liña antifascista e antiimperialista que desenvolvemos.

Por esta razón tamén debemos prepararnos para un futuro escenario onde a censura e a represión sen dúbida van incrementarse. Co paso

do tempo, co aumento das contradicións, co aumento da debilidade do imperialismo e por consecuencia co aumento da súa ferocidade, a rede gladio e as organizacións fascistas serán utilizadas polos servizos de intelixencia inimigos para sinalar, perseguir, e eliminar os sectores máis combativos e organizados do pobo traballador galego.

Vivimos tempos excepcionais, onde á vez que se van dando as condicións para avanzarmos tamén aumenta o risco e perigo para nós. Estamos comprometidos totalmente co noso pobo e coa nosa clase, por está razón temos o deber de dicir as cousas tal e como son, por moi duras e difíciles que poidan parecer.

O antifascismo combatente galego organizado no Comité Antifascista da Louriña estará sen ningún tipo de dúbida á altura das circunstancias. Poñámonos pois mans á obra! Antifascistas e antiimperialistas sempre!

Talleres S. Malvar

Carretera de Vigo a Madrid (Antigua N550)
AVDA DE GALICIA 53 A MOS
986 092 947

CAFÉ - BAR

Casa Gallardo

Puxeiros - Mos 986 48 79 18

Ferreira
SERVICIO TECNICO
Venta, Alquiler y Reparación de Carretillas

C/. Amieirolongo (Las Angustias), n.º 69
36418 MOS (Pontevedra)
e-mail: taller.ferreira@hotmail.com
Tifs.: 986 331 397 - 986 333 489
Fax: 986 344 019

EL SOL

Descontos de 7ct. a Taxistas + 2 lavados gratis/mes.
Descontos de 6ct. por litro ao momento repostando un mínimo de 20 €. Gasóleo micro inflado e gasolina sen chumbo 95 Plus (Activado especial)

Estrada Porriño - Redondela 76
tel: 986336303 - administracion@carburenteselsol.com

Ven e Infórmate!

O BRASEIRO DO LUCHO

ESPECIALIDADE EN CHURRASCO E POLOS A BRASA
E POR ENCARGO A COMIDA QUE NOS PIDAS.

COMIDA PARA LEVAR E A DOMICILIO
NOS COCINAMOS NÓS!

TEL. 604 007 240
R/ Rafael Tilve Adrio, 8
SALCEDA DE CASELAS

CARNICERÍA TRANVÍA CHARCUTERÍA

Peinador, 81
Mos
Telfs.: 986 487 947
646 907 230

Bar Restaurante Curuxeira

Proba as mellores tortillas da Louriña!

Rans 8, MOS
tel: 986 33 23 50

O Multiusos de Torneiros acolle novos obradoiros para achegar a tecnoloxía á cidadanía

O Concello do Porriño, en colaboración coa Fundación Cibervoluntarios, pon en marcha no Multiusos de Torneiros dous novos obradoiros de formación dixital dirixidos á veciñanza en xeral e ás persoas maiores de 60 anos.

As actividades desenvolveranse durante o mes de abril en horario de mañá, con continuidade en maio e xuño, e requiren inscrición previa dentro dos prazos establecidos.

O Porriño



O Concello do Porriño continúa reforzando o seu compromiso coa formación tecnolóxica da cidadanía coa posta en marcha de dous novos obradoiros en colaboración coa Fundación Cibervoluntarios. Estas accións formativas están dirixidas tanto á veciñanza en xeral como, de maneira específica, ás persoas maiores de 60 anos, co obxectivo de reducir a fenda dixital e fomen-

tar o uso seguro e práctico das novas tecnoloxías.

Os cursos desenvolveranse no Multicentro de Torneiros en horario de mañá ao longo do mes de abril, con continuidade prevista durante os meses de maio e xuño.

Por unha banda, impartirase o obradoiro "Apps útiles para a xestión de trámites en internet", que terá lugar do 13 ao 16 de abril, en horario de 10:00 a 13:00 horas. As persoas interesadas deberán inscribirse previamente ata o día 24.

Por outra, está programado o curso "Iniciación ao mundo dixital", dirixido a maiores de 60 anos, que se desenvolverá do 20 ao 23 de abril no mesmo horario. Neste caso, o prazo de inscrición

permanecerá aberto ata o día 30.

Ambas iniciativas ofrecerán formación práctica sobre o uso de internet, administración electrónica, aplicacións móbiles, seguridade dixital e ferramentas de comunicación, facilitando así a autonomía dixital da cidadanía.

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, destacou a importancia destas accións formativas: "Seguimos apostando por achegar a tecnoloxía a toda a veciñanza, especialmente ás persoas maiores, para que ninguén quede atrás nun mundo cada vez máis dixital. Estes obradoiros non só proporcionan coñecementos, senón tamén confianza e autonomía no uso das ferramentas tecnolóxicas".

Pola súa banda, a concelleira de Em-

prego e Formación, Teresa Veloso, subliñou que "a colaboración coa Fundación Cibervoluntarios permítenos ofrecer unha formación de calidade, accesible e adaptada ás necesidades reais da poboación".

As persoas interesadas poden formalizar a súa inscrición a través da web www.yoconecto.org, no teléfono 986 33 82 17 ou tamén a través do correo electrónico administracion@porremprego.org, dentro dos prazos establecidos para cada curso.

Con esta iniciativa, o Concello do Porriño reafirma o seu compromiso coa inclusión dixital e a mellora da calidade de vida da súa cidadanía mediante a formación e o acceso ás novas tecnoloxías.



**ELECTRICIDAD
ALVECAR, S.L.**

Telf.: 986 33 09 51
Avda. Sanguñeda, 156
MOS



RESTAURANTE O LOURINA

ESTAMOS EN ATOS NO LUGAR DOS EIDOS. COÑÉCEMOS



O Progreso
Panadería - Cafetería

O Porriño - RÚA PROGRESO 5
Tui - RÚA CASAL ABOY 4

986 334 079



PARIS
CAFETERIA - RESTAURANTE

Polígono A Granxa
36400 - Porriño
Teléfono 722140108



BAR PAZO DE MOS

Coñécenos!!!



**PANADERIA
Nova Devesa**

Javier González Riveiro

C/ Generoso Dguez. 110
36419 Cela (Mos)
T. 986 907 346
M. 670 327 210
M. 619 839 058
panaderianovadevesa@gmail.com



**NEUMÁTICOS
Belicar**

Joaquín Benito Sousa

652 95 50 50

FRONTE AO LEROY MERLIN
neumaticosbelicar@gmail.com
Ctra. Porriño - Redondela, KM. 1 - Mos



Cousas de Salvaterra

Flecos do crime de don Pancho

Antón Xaque, veciño da vila

historia



Estimados lectores, o pasado mes de Xullo/25 produciuse a primeira presentación do libro “O Crime de Salvaterra, a luz 114 anos despois”. Trátase dun libro de investigación sobre un asasinato acontecido en Salvaterra na persoa dun líder agrarista, Francisco Rodríguez “Pancho”, da parroquia de Lourido o 02 de Setembro de 1911, morrendo o día seguinte polas múltiples feridas de bala que levou. Foi en palabras daquel entón, “O primeiro mártir do Agrarismo”. O libro aínda se pode arranxar na librería Terra de Salvaterra ou ben pódose en contacto co director deste xornal.

Pasados algúns meses da publicación, unha tarde recibo unha chamada dunha persoa descoñecida para min, inda que non da familia á que pertencía, vándome a decir que me quería facer algún comentario sobre o libro, é dicir sobre “Pancho”, máis exactamente sobre os vitimarios. Espertando en min moito interese, concordamos unha entrevista na súa casa, estaban ela e súa avoa nonaxe-

naria esta con unha memoria prodixiosa.

Non fai falta lembrar a cortesía e amabilidade coa que fun recibido pero así foi. Unha vez postos a falar do asunto, e outras moitas cousas, coméntanme un feito acaecido semanas despois do asasinato, na casa onde servía como mucama unha ascendente da familia, trátase da súa bisavoa, natural de Salvaterra, (a Sra. da fotografía é Rosa González Vaqueiro) quen a sazón tiña 14 anos, pura transmisión oral xenerosidade da familia.

Resulta que un bo día dos primeiros meses do ano 1912, (o xuízo celebrábase a primeiros de Xuño dese ano), chamaron a porta da casa onde servía Rosa González, ela abriu e, ¡oh sorpresa!, a que se presentou era coñecida dela, de Salvaterra, era nada menos que Balbina Fernández Porto, muller de José Ramón Alonso Álvarez e nai dos irmáns Alonso Fernández, os caciques vitimarios. Parece ser que a visita foi motivada para interceder ante o patrón da casa para que a sentenza fora benevolente co marido José Ramón Alonso por razón de idade e que de condenar e levar preso a alguén, este fora o fillo Germán Alonso, principal acusado. Tal era a percepción que tiñan do crime cometido e de seren obxectivamente condenados.

Chegado este punto, vou recuar no tempo algúns anos, concretamente ó primeiro de Febreiro de 1891, ese día celebráronse no Estado español Eleccións de Deputados a Cortes. En Salvaterra, na mesa da parroquia de Lourido, entre outros foi Interventor o cacique José Ramón Alonso Álvarez, (páx. 57 do libro), mentres que na parroquia de Salvaterra foi Interventor, entre outros, Gumersindo Queimadelos Bugallo. Ámbolos dous

formaban parte do entremado caciquil da restauración borbónica, durante a rexencia de María Cristina, onde se pode ver nas actas que os candidatos a Deputados gañaban por goleada, sen dúbida por efectos corruptos da Lei Electoral de entón, sobre todo o Artigo 29, que deu lugar o popular dito do “carallo vinteno”. É dicir que moitos anos antes do trágico suceso, estes dous persoeiros xa se coñecían ben, ademais eran veciños de parroquia xa que Gumersindo Queimadelos Bugallo natural de Ponteareas, estaba casado na veciña parroquia de Arantei.

Gumersindo foi pai de varias fillas e dun fillo, (Arturo Queimadelos Barros, médico e que atendeu a Pancho na súa agonía). Entre as fillas, unha chamada Enma María Queimadelos Barros casou o 22 de Xaneiro de 1906 cun afamado político e avogado pontevedrés chamado Vicente García Temes, (Arquivo Diocesano de Tui). E precisamente no fogar dese casal situado na rúa Peregrina nº 08, era onde servía dende uns anos antes Rosa González, (que tiña fama de ser unha grande cociñeira).

Vicente García Temes era moi coñecido por esta bisbarra, así:

No xornal “O Regional de Monção” nº 520 de data 18 de Marzo de 1912, páx. 3, decía:

“Domingo 17. Acompañados dos nosos leaes amigos de Salvatierra os srs. D. Gumerzindo Queimadelos e de seu fillo médico na villa fronteiriça e D. Victoriano Alonso, estiveram aquí hontem os snrs. Vicente García Temes, advogado, D. Jacinto Otéro Blanco, D. Benito Ferreira, D. Perfecto Ortegos e D. José Antunes, official de marinha mercante, todos

de Pontevedra. Estes illustres gallegos representan na capital da visinha provincia a guarda-avançada do partido republicano, havendo já prestado excellentes serviços á República Portuguesa por ocasião do contrabando de armamento nos wagons em Pontevedra. Aos nossos sympaticos hospedes foi offerecido uma taça de champanhe pelo snr. João Antonio de Pino na sua casa dos Milagres, trocando-se entusiasticas saudações. Os bons amigos de Portugal regressaram hoje mesmo a Pontevedra.”

No mesmo xornal nº 549 de data 13 de Outubro de 1912, recóllese:

“De passeio esteve aquí acompañado de varios amigos pessoais e políticos de Puenteareas o ex ministro español D. Gabino Bugallal. En visita tambien estiveram hoje nesta vila regresando á noite a Pontevedra os nossos amigos snrs. Dr. Vicente García Temes, D. Jacinto Otéro e D. José Antunes.”

De novo no mesmo xornal, nº 553, 11 de Novembro de 1912, aparece a breve nota:

“Esteve nesta vila o snr. Don Vicente García Temes, ilustre advogado em Pontevedra.”

Ata aquí, podemos dicir, todo dentro do normal, un home que casou en 1906 cunha veciña de Arantei, con unha boa posición social e económica, relacionándose con amigos, familiares, políticos, caciques, etc., pero...

Pero, que ten que ver este home, Vicente García Temes, co crime de “Pancho”?

Pois resulta que o “patrón da casa” onde servía Rosa García, acabou sendo o avogado da acusación particular da familia da vítima, co resultado que xa sabemos, ¡¡a absolución dos vitimarios confesos!!

COMERCIAL Xinzo, 1-Sobral
Ponteareas
Carrera
986 641 439
609 490 331
Todo en baño y cocina
WWW.comercialcarrera.com
info@comercialcarrera.com

JS TALLERES
EUROREPAR
Campiño Nº2, Tortoreos
36440 As Neves (Pontevedra)
T. 986 64 84 50 - 722 17 09 89
talleresjdasneves@gmail.com
eurorepar.es

audífonos
escoita[®]
PRUÉBALOS
GRATIS
escoita.gal
Vigo | Ourense | Redondela | Porriño
Ponteareas | Tui | Tomiño | Salceda C. | Allariz
900 525 754 | escoita.gal
tel.: gratuito



Xoan Carlos Caballero, mestre

—Encha o depósito —ordenou o condutor sen baixar a xanela tras decatarse de que a máscara que levaba o empregado era das que el mesmo puxera no mercado. Negocio redondo para pechar o círculo.

[illegible]

17 - LANSAXEY - SANTVA
0 - 12 - R - CAVA - UF - N - AN - 13 - O - PG - AXETIAR - 14 - RE - U - AMEIIXOADA - 15 - IA - F - RT - REN - 16 - ADONIS - EOLO - RA -
TROFEIO - 7 - DF - IN - SOR - E - R - 8 - ERA - T - ULTIMA - 9 - ZANARA - MAE - J - C - 10 - AG - RON - XETTO - I - 11 - LAPEIRO - OO
1 - FM - PROSERIANA - 2 - EANES - IRMA - ULA - 3 - RN - S - CANAR - 4 - NUU - SOBE - RE - A - 5 - AEA - LES - SUZA - 6 - NL - PITO

VERTICAIS

K - PAC - UR - LEI - IX - LA - T - I - ARIO - T - TONTO - ON - M - NUÑEZ FREJOO - AAR - T - N - ALA - AE - M - ARDERA - O - ARA
- ROER - FIN - F - O - SET - YLVANIA - A - SX - G - SI - OSOS - R - AM - E - H - ER - B - O - AXOXUECO - I - RM - ESTRUME - FEITOS
- FERNANDAZ DE ALBOR - AL - B - MANUEL PRAGA - EIDO - C - MENA - AM - RCP - AOS - D - PE - PI - ORAPAG - NA - E - RSS - LIN
PRACION - ANA.

SOLUTIONS:
HORIZONTAIS:

Inauguración da casa cultural de Amoedo



Pax.:VIII

CAFE - BAR
O CRUCE

PRAZA DA IGREXA 21 - FORNELOS DE MONTES TEL: 661 898 126



RESTAURANTE



Telf.: 986 45 31 48 Cacharela, 38 Teis
www.a chabola.es Vigo-Praia arealonga

**SANCHEZ
ALVAREZ S.L.**



OFICINA Y ALMACÉN:
FCA. VALONGO/BARRIO ALÉN, S/N
CEPEDA-PAZOS DE BORBÉN

COORDENADAS GPS 42.271587,-8.566229

- EXCAVACIONES
- MADERAS
- DERRIBOS
- RECICLAJE
- G. DE RESIDUOS
- R.E.R.A.

TELEF. 986 45 22 00

MÓVIL: 639 81 06 20

administracion@sanchezalvarez.com

www.sanchezalvarez.com

ARTE LIXO 25

“A edición deste ano trata de imaxinar futuros sostibles para as mariscadoras e para a pesca artesanal”

Colectivo Arte Lixo

Xa está aquí de novo o Arte Lixo, un dos sinais de identidade da Vila de Redondela. Da Redondela lúcida, solidaria, combativa e que non se resigna a ter que lle ceder espazos á peste do lixo fascista que parece que neste mundo voraz do imperialismo criminal se multiplica como os cogomelos se multiplican en outono. Esa Redondela que amamos fai Arte co Lixo, e nós, como cada ano, conversamos con eles e elas para seguir aprendendo durante todo o que nos quede de camiño.

Facemos esta entrevista nun contexto un pouco especial. Podedes contar-nos de que se trata?

Ha, ha, ha, ha..Ben, pois conversamos nun contexto de celebración, si. Estamos celebrando que seguimos aquí, que hai persoas novas que se incorporan a axudar, e que a xente que xa non está, de algunha maneira segue estando con nós....En definitiva, estamos celebrando a vida

Pois preguntémoslle ás persoas novas, Valentín e Ana, como se senten no

colectivo Arte Lixo?

Marabillosamente ben, contesta Ana
E a ti, Valentín, que tal te tratan?

Como ao lixo

Vaia, iso tes que explicalo

Fan arte comigo.

Ha, ha, ha, ha...Pois nada, haberá que comprobar o resultado final desa obra de arte. Imos coa parte seria: Este ano para o Arte Lixo semella un tanto especial pois estades integrados no proxecto “ Mariscando conciencias”. Explicádenos de que se trata

Foto cortesía de Sara “Favorita” de Casa Consejo



De arriba a abaixo e de esqda. a deita.: Berto, Quiquiño, Juanjo, Olguita, Pedriño, Larri, Carliños, Lareira, Valentín, Iria, Ánxela e Ana. Novas e vellas artelixeiras

Trátase de imaxinar futuros sostibles pesca artesanal. Entón decidimos dedicar o futuro das mariscadoras e da car o Arte Lixo á mesma temática. Nós



 **euronics**
REDONDELA

Telf.: 986 405 069
Móvil: 620 89 41 41
Ernestina Otero nº 26
36800 Redondela (Pontevedra)
e-mail: euronicsredondela@gmail.com

defendemos o valor do común, a forza imparable da sociedade civil organizada, e esta é unha forma máis de defender o traballo colectivo en prol do ben da comunidade.

Por que o título deste ano, "ata aquí chegaba o mar"?

Pretende ser unha mensaxe de esperanza. Simboliza o desexo de que as augas roubadas sexan recuperadas. Tratamos de imaxinar futuros sostibles

para todos.

As persoas que teñan interese ata cando pode entregar as obras?

Ata o día 22. A exposición vai durar unha semana máis do habitual. Temos tres salas, máis contido, e queremos aproveitar para que a maior cantidade de xente posible poida achegarse a gozar das pezas expostas.

Unha das exposicións é a do artista local Xosé Cabaleiro. Que nos vai achegar?

A súa exposición vaise chamar "Pedras". Vainos ofrecer unha serie de obras feitas con pedras que e vai atopando e coas que fai unhas fermosas pezas que teñen unha profunda conexión coa terra e con todo o que significa.

A obra de Cabaleiro é dunha profunda densidade conceptual e estamos seguros de que vai sorprenden agradable-

mente a quen aínda non tivera a oportunidade de coñecela.

Tamén tedes unha exposición de artistas locais?

Si, autores com Anxo Barros, Quico Amoedo, Fon Con, Fin"Calderilla", Carlos Fosca, Gesteira, Seijas, Veiga... Buscamos artistas que estean en sintonía coa forma de entender a realidade que temos en Arte Lixo.

Hai unha parte da exposición sobre dúas mulleres mariñeiras

Si, que participan no proxecto no que cooperamos. O ano pasado fixeran un proxecto enfocado ao futuro do mar. Falaran con persoas de El Salvador e construíran, coa axuda da Universidade, unha preciosa danza.

Volve o Foto Lixo?

Si, volve con forza.

Faládenos do proxecto que chamas Foto Bar?

Pois si. Nós estamos profundamente conectados coa realidade social de Redondela e vemos como en bares como por exemplo o Café da Vila ou o Guay hai fotos preciosas do mar de Redonde-

la. Entón fixemos un pequeno percorrido, que aínda non está rematado, polos locais da nosa vila. O que pretendemos é dicirlle á xente ata onde chegaba o mar e que existen probas gráficas documentais nos distintos bares de Redondela.

E por último toca falar do sonalixo?

Ben, pois é un novo exemplo da nosa política de colaboración. Neste caso co Festival de Maquetas. Nós non buscamos competir contra ninguén senón colaborar con todos aqueles colectivos que contribúan ao ben común.

Os grupos do sona deste ano son de gran calidade. Contaremos con: SPT, Autofelación Matutina, Paciencia Paradise, Picota FM, Escombros Dominicano...


Que previsión de obras e de asistencia tedes?

O número de obras expostas van ser arredor de 100. E en canto á previsión de asistencia temos moi boas perspectivas. Estamos convencidas e convencidos de que moitas persoas se achegarán a gozar do talento dos nosos artistas.



amador / pérez
 imprenta | dixital | deseño | web

📍 Rúa da Cooperativa, 10
 36800 REDONDELA (Pontevedra)
 ☎ 986 400 259
 📠 627 900 878
 ✉ info@amadorimprenta.com
 🌐 amadorimprenta.com



A CASA DA BOA CARNE
 CARNICERÍA

C/ José Regojo nº 19 Bajo
 36800 Redondela

☎ 602 64 15 65
 📞 986 11 69 41

Zapatería Candi

Reparación de calzado, cosido, afiados e complementos. Duplicado de chaves e mandos. Cerralleiro.

Tlf: 639 07 54 56
 candi@zapateriacandi.com
 www.zapateriacandi.com

R/. Telmo Bernárdez, 3 - 36800 REDONDELA
 (Fronte ó despacho de butano).

A Cova
 TAPERÍA E VINOTECA

Temos os mellores peixes e mariscos
Especialidade: Chocos na súa tinta

Avda Xeneral Rubín, 22 Redondela

986 40 09 72

XVIII FESTIVAL DE MAQUETAS, E XIX MILLO VERDE DE REDONDELA

“Como sempre facemos: desde a organización imos dalo todo para que o público que nos acompañe saia coa sensación de que a nosa casa é tamén a súa”

Lucía Ramonet e Andrés Edreira

Un ano máis cando agroma a primavera e a luz do astro rei semella que deixa atrás ás interminables choivas deste inverno, chegan ás rúas da nosa querida Redondela os eventos culturais de enorme transcendencia na sociedade redondelá. Comezamos coa décimo novena edición do Millo Verde que como sempre nas últimas dezaioito edicións ven precedido do festival de maquetas. Lembremos que o grupo que consiga gañar o festival será premiado coa súa participación no cartel do Millo Verde.

Neste 2026 o concurso de maquetas celebrárase o vindeiro 11 de abril, na Feira do Gando, a partir das 17:00 horas, mentres que para o Millo propiamente dito teremos que agardar ata os próximos 21, 22 e 23 do mes de Maio. Dos tres días do Millo, como nas últimas ocasións, o primeiro será de balde e os dous últimos con entrada. Nós conversamos con dúas das persoas que teñen un papel máis destacado na organización.



Adrés e Lucía na expo sobre Rosalía no Multiusos da Xunqueira

Comecemos falando do festival de maquetas: Como funciona?

Moi ben. Este é décimo oitavo ano que o facemos e pensamos que xa está plenamente consolidado. O Millo chega á súa décimo novena edición e o festival de maquetas comezou un ano máis tarde.

Como hai que facer?

É moi sinxelo: Nós subimos as bases ás redes sociais e á web. E quen estea interesado pode enviar aí as súas maqueta. Teñen que mandar tres temas propios e, no caso de que teñan, tamén

un vídeo.

E se é un disco?

Ten que ser autoeditado, non pode ser cunha discográfica.

Cantas se presentaron este ano?

Arredor de 40.

Como escolledes aos finalistas?

Cada persoa da asociación que o organizamos ten dous votos: o propio, e o dunha persoa externa, elixida por cada un de nós, á que se lle pasan os temas para que os escoite e vote.

Sabemos os finalistas deste ano?

Si que o sabemos. Pero non os podemos


comunicar aínda porque os grupos finalistas aínda non foron notificados.

Todos os grupos son galegos?

Maioritariamente si. Creo que son todos galegos agás un de León e outro portugués.

Cales son as datas do festival das maquetas este ano?

O 11 de abril na Feira do Gando a partir das 17:00. Outro ano máis xunto con Arte Lixo. O concurso de maquetas en si comezará arredor das 21:30. Teremos a os finalistas Muaré e Boogies o grupo convidado: Mambas Negras. Despois



das actuacións dos finalistas, votárase e o grupo gañador tocará no Millo Verde. Tamén quixeramos salientar que para todas as persoas que vaian ás maquetas e voten, teremos o sorteo dun abono para os dous días do Millo que son con entrada. Iso si, o afortunado ou afortunada terá que estar presente cando se faga o sorteo.

Camisolas á venda, como outros anos, haberá?

As novas aínda nos as temos pero si que haberán algunhas á venda que quedaron da edición anterior.

Falemos agora do Millo: Para o cartel deste ano temos novidades?

O Millo será o 21, 22, e 23 de Maio. Xa temos o cartel pechado e xa está case todo publicado na nosa web. Como nos últimos anos o xoves será de balde, e o venres e o sábado con entrada.

Temos creio que un cartel extraordinario con pratos fortes como por exemplo "Esmorgadas", "Pande Capazo", "Rebelión do inframundo..."

De cantos grupos poderemos gozar nos tres días de duración do festival?

En total teremos 18 grupos. Este ano procuraremos non rematar polas noites tan tarde como en edicións anteriores.

Contaredes con actividades paralelas?

Si, de novo teremos distintos obradoiros. Asemade tamén haberá actividades para os máis cativos. Estamos seguros de que tanto as maquetas como o Millo van ser un grande éxito e aproveitamos a oportunidade das vosas páxinas para convidar a todos os lectores e lectoras a que nos acompañen.

Agardemos contar coa axuda da meteoroloxía

Ha, ha, ha, ha....Agardemos que este ano si, que nos axude un pouco tempo. En calquera caso nós xa estamos afeitos á dificultades climatolóxicas e con chuvia ou sen ela darémolo todo para que o público que nos distinga coa súa compañía saia coa sensación de que a nosa casa é tamén a súa.

colaboración municipal cun colectivo de setenta traballadoras do mar". Considera que se trata dun sector "referente" na economía local que non se pode deixar morrer por inacción das administracións.

González tomou a iniciativa asinando un voto particular ao Pleno que finalmente PP, PSOE e AER votaron en contra. "Trátabase de garantir unha maior colaboración co colectivo de mariscadoras, tanto para adquirir semente de ameixa e croque, como de variantes autóctonas". Tamén considera que se debe compensar outros traballos como limpeza e vixianza dos areais sementados.

Califica Xoán Carlos González de "complicada" a situación do sector. "As intensas chuvias do inverno aportaron unha grande cantidade de auga doce que mata o marisco", sinala.

la. Demanda a elaboración dun Plan de apertura de comportas da Presa de Eiras "tal como abalan diversos estudos, para minizar o su impacto".

Hai unha década arredor de 200 mulleres adicábanse ao marisqueo como socias Confraría de Cesantes. Critica a falla de implicación das institucións que abandonaron o sector con políticas de fomento de melloras de condicións laborais, ou o relevo xeracional leva á situación actual das mariscadoras. Recordamos Xoán Carlos González Campo como "iniciativas agresivas", que a Xunta non renove o Peirao de Cesantes, ou mesmo que o goberno municipal dea por bo o peche dun acceso ao mar en Soutelo, Cedeira. "A alcaldesa Digna Rivas nega estas axudas ás mariscadoras, simbólicamente víspera do Día da Muller Traballadora".

Iniciativa do BNG para duplicar a colaboración económica coa Confraría

Xoán Carlos González, "Demandamos chegar aos 20.000€ para garantir o futuro do colectivo de mariscadoras"

Redondela

No marco da aprobación das subvencións nominativas coas que o concello colabora con diversas entidades redondelás, a organización nacionalista plantexou duplicar a colaboración económica coa Confraría. Especificamente unha aportación para garantir o futuro do colectivo de traballadoras do mar, as mariscadoras. Un sector

fortemente castigado pola alta morbilidade de marisco producido polas intensas chuvias deste inverno, e o desinterese da Xunta de Galiza.

Para o voceiro do BNG, Xoán Carlos González Campo esta proposta tradúcese en duplicar as axudas do concello de Redondela. "Queremos que se chegue aos 20.000 euros, como

Institutos e Concello presentan a revista "Redondela Investigada"

A publicación inclúe seis artigos realizados por alumnado dos institutos de Redondela con temas como a historia da SAR, o Taekondo redondelán e o Club de Remo de Cesantes. Un cuarto texto afonda na tradición das Penlas, outros recollen a historia da librería da Imprenta e unha ollada interxeracional da vida das avoas dos autores.

A cita foi o venres 13 na Casa da Cultura ás 20:30 horas. O proxecto naceu co obxectivo de fomentar "a curiosidade investigadora entre a mocidade, o espírito investigador e crítico". Na presentación da revista agasallárase cun exemplar a cada asistente.

Redondela

Sinexías Secundarias, colectivo formado polas seccións de Xeografía e Historia dos institutos públicos de

Redondela, en colaboración co Concello, presentou o número cero da revista "Redondela Investigada". A cita

ODONTOLOGÍA INTEGRAL

NOVAODONTO

"A TÚA SAÚDE DENTAL, A NOSA RAZÓN DE SER"

ORTODONCIA - BLANQUEAMIENTO - LIMPIEZA
IMPLANTES - PRÓTESIS - ENDODONCIA
TRATAMIENTO - ESTÉTICA DENTAL

¡AGENDA TU CITA! ☎ **660 509 181**

📍 Av. Ernestina Otero 45, Redondela 📱 @novaodontoredondela



Ramos de flores personalizados
Eventos y defunciones
Entregas a domicilio



Tel: 622 614 006 - 646 030 005
Rúa Telmo Benardez, 2
(Redondela)

Facebook: Flores Aym
Instagram: floresam4954



Profesores e alumnos na presentación

foi o venres, 13 de marzo, na Casa da Cultura ás 20:30 horas, e participarán tanto o alumnado como o profesorado coordinador e a alcaldesa, Digna Rivas. Esta publicación recolle os traballos premiados e destacados da primeira edición do certame de investigación de Ciencias Sociais para alumnado de secundaria. O proxecto, que reúne aos centros IES Chapela, Illa de San Simón, Mendiño e Pedro Florianí, nace co obxectivo de "fomentar a curiosidade investigadora entre a mocidade, o espírito investigador e crítico". Tal como explica o editorial deste primeiro volume "é unha revista en papel que reforza a idea do libro como elemento físico, máis tamén, simbólico". A coidada edición permite facer xustiza "á calidade dos traballos publicados e á importancia da investigación sobre o noso".

A revista inclúe seis artigos cun percorrido por diversos temas de interese local. A investigación gañadora repasa a historia da SAR (Sociedade Atlética de Redondela) e tamén artigos sobre o Taekondo redondelán e o Club de Remo de Cesantes. Un cuarto texto recolle a tradición das Penlas e outro a historia da librería da Imprenta e un

último artigo que ofrece unha ollada interxeracional da vida das avoas dos autores. Na presentación deste venres haberá exemplares da revista para todos os asistentes.

A alcaldesa, Digna Rivas, salienta a importancia de que a mocidade se interese polo noso pasado "mergullándose no Arquivo Municipal, nas lembranzas das súas familias e na historia viva das nosas parroquias". Con estes premios e a publicación da revista "non só recoñecemos o esforzo académico, senón que estamos a fomentar o arraigo e o respecto polas nosas raíces entre a nosa rapazada".

O Concello de Redondela e os institutos asinaron un acordo de colaboración para este certame. No texto, a alcaldesa, Digna Rivas, e as direccións dos centros acordan que o Concello impulsa a celebración do Certame "Redondela Investigada" para "promover o estudo e coñecemento sobre o conxunto do municipio e fomentar o espírito investigador e científico da xuventude de Redondela". O Concello financia os premios do certame e tamén a publicación da revista "Redondela investigada" cos traballos seleccionados.



O Rei nu

Alberte Román, Xestor cultural

Na fábula do rei nu, a adulación dos súbditos obnubílaos ante a realidade. O medo á discrepancia actúa como un freo. Na polémica en relación coa colección pictórica de Ángel Barros, un ten a sensación de estar ante un consenso obnubilado por un relato, contra o que non se ergue voz ningunha, por non se sabe que medos. Aínda que esas voces existen, sottovoce, e non son regato, senón río. Vaia por diante que non se trata dun cuestionamento da persoa, senón da obra. Ter que colocar este aviso, evidencia o incómodo que resulta abordar esta cuestión e tratar de abrir certo debate. Pouca ansia teño de meter nesta lameira, en verdade. Non tería interese persoal ningún no asunto se non estivésemos falando dun investimento de máis dun millón de euros de diñeiro público. Dicían os vellos que o alleo non doe, e por veces fálase de investir diñeiro público en actuacións dúbidasas cunha alegría que tal vez non se tivese se o diñeiro saíse directamente dos nosos petos.

Para sermos sinceros, véxolle escaso valor artístico a esa colección. Considéro que a calidade da colección de Ángel Barros é limitada e arbitraria. Haberá quen diga, que este criterio meu é tan subxectivo como o que máis. E dirá ben. Nisto da arte, xa se sabe. Mais non chega con que un diga que a súa obra artística ten un valor determinado, se non ven avaliado cun recoñecemento acreditado, sobre todo cando se está demandando un gran esforzo económico das institucións públicas.

Entón, como ponderar a calidade dunha obra ou colección artística dun au-

tor. Apunto algunhas das máis comúns no mundo museístico. Poderíase ver cantas coleccións públicas ou privadas teñen adquirido a súa obra para os seus fondos, ou que institucións culturais teñen organizado algunha exposición centrada na súa obra. Sería un xeito obxectivo de avaliar a calidade artística da colección.

Os promotores da iniciativa destacan a historia de vida do autor como un elemento que sustenta a iniciativa. Aínda que a vida persoal teña sido intensa, non valida a creación dun museo, porque un espazo así ten que ter un outro obxectivo. Mostrar a obra. Mais alén da biografía persoal, na verdade, non teño lido ou visto nada sobre a súa carreira artística, onde expuxo a súa obra, se a mesma tivo algún recoñecemento. E non me digan que foi restaurador en Francia. Ser restaurador é un oficio ben fermoso e interesante, mais non confire a condición de autor.

Pór en marcha un museo adicado á obra dun artista, non é inaugurar un camiño. Porque os problemas non acaban o día da inauguración, mais ben comezan. Está pensado ese día despois, en termos de persoal, traballos de mantemento e conservación das obras, hai un horizonte de custes? Durante moito tempo deixamos que os xestores públicos vivisen no mundo fartureto das inauguracións, como se non houbera un día despois. E vemos como outras infraestruturas culturais, inauguradas no seu momento con tirada de foguetes e grupo de gaitas, están esmorecendo, fechadas, sen persoal e co deterioro dos elementos patrimoniais que alí se trataba de conservar.



ÓPTICA TRAVESÍA

ESPECIALISTAS EN SAÚDE VISUAL E AUDITIVA

Vigo - Travesía de Vigo, 133 - Telfn: 986 37 22 42

Redondela - C/ Alfonso XII, 27 - Telfn: 986 40 48 68



MEDIADOR DE SEGUROS - Asesorando desde 1960

Agencia Exclusiva AXA

Rúa Reveriano Soutullo 23, Bajo - 36800 Redondela

Tfno.: 986 400 842 604 00 33 46

bullomediacion@agencia.axa.es



611 953 419



instagram: a_artesa_sen_gluten

Paseo da Xunqueira nº41 baixo - 36800 - Redondela

No asunto que nos ocupa, un paso previo á creación do museo podería ser promover unha exposición retrospectiva da obra de Ángel Barros nunha ins-

titución museística como o Museo de Pontevedra, por exemplo. Tal vez sería un xeito de ver se o rei está nu.

O PP de Redondela esixe a ampliación das melloras no Campo da Gándara e que se fagan con perspectiva de xénero incluíndo o necesario vestiario para equipos femininos

Os populares, que permitiron a aprobación deste proxecto co seu voto favorable en pleno, consideran que a reforma é “necesaria, pero non suficiente”, porque non é de recibo que se invistan 469.000 euros e siga sen dotarse a esta instalación dun espazo para as xogadoras

· A concelleira Vanesa González critica que unha alcaldesa que se declara feminista non contemple a creación doutro vestiario para facilitar o axeitado uso da instalación por todos os equipos e cre que ten unha gran oportunidade “para demostrar que o seu discurso non está baleiro”

Redondela

O grupo municipal do PP de Redondela vén de esixir a ampliación das melloras contempladas no proxecto de reforma do Campo de Fútbol da Gándara, que vén de ser aprobado no derradeiro pleno grazas aos votos dos dez concelleiros populares que, co seu posicionamento a favor, permitiron que se destinen 469.000 euros a esta actuación. Sen embargo, a formación considera que as obras previstas son “necesarias, pero non suficientes”, posto que non contemplan unha solución definitiva ao correcto abastecemento de auga nesta instalación, e tamén esixe que se acometa con perspectiva de xénero incluíndo o necesario vestiario para equipos femininos.

A concelleira Vanesa González salientou que o PP actuou con absoluta

responsabilidade, posto que a reforma integral do Campo da Gándara, emprazado na parroquia do Viso e no que xoga a CD Cesantes, é unha absoluta necesidade despois de que, hai menos de cinco anos, se destinasen 500.000 euros moi mal investidos pola falta de supervisión, control e dilixencia na execución por parte do goberno de Digna Rivas.

“Deixando atrás que se tirou con case medio millón de euros, queremos mirar para adiante en positivo e a ver se desta vez conseguen facer unha modernización do recinto e non unha desfeita, pero está claro que o proxecto que hai enriba da mesa é necesariamente mellorable”, manifestou a edil popular, que considera que non é de recibo que se vaian investir outros 469.000 euros e

que o proxecto non contemple decantacións e outras solucións técnicas para o abastecemento de auga evitando a entrada de area e os problemas no rego, e tampouco se prevea a construción doutro vestiario para permitir que se muden rapidamente os xogadores dos equipos de distinto xénero cando hai partidos consecutivos, que é algo que se produce practicamente cada fin de semana, ou cando sucede esta mesma situación cos adestramentos. Paralelamente, tamén indicou que sería preciso unha remodelación e mellora dos vestiarios existentes ante o seu deterioro

evidente.

Por iso, Vanesa González criticou que a alcaldesa, malia declararse feminista, non contemplase neste proxecto a perspectiva de xénero, “coa que se lle enche a boca, pero que nunca se traslada aos feitos”, e non incluíse no proxecto a construción doutro vestiario. En todo caso, cre que aínda está a tempo cunha pequena modificación do proxecto: “Ten unha gran oportunidade para demostrar que o seu discurso non está baleiro e para dar cumprimento á demanda do equipo feminino do Cesantes”, concluíu a concelleira do Viso

Terceiro ano consecutivo da “Semaniñaenteira” para o Grupo Casa Paco 81

Por terceiro ano consecutivo os de Manolo Conde secundaron a “Semaniña Enteira” impulsada polo Concello de Redondela para normalizar o uso do galego

en todos os ámbitos culturais, deportivos, comerciais, docencia...

dende estas páxinas, como defensores do idioma do noso país, parabenizamos tanto a Casa Paco como ao Concello por tal iniciativa, malia que para este humilde cronista da Vila resulta insuficiente para o que repre-

senta a nosa lingua, non estaría de máis que o vindeiro ano sexa un mesíño enteiro para que o seguinte ano sexa o aniño enteiro, o Galego ben o merece.

@s Rapaz@s siguen facendo bo uso do seu lema “Deporte, amizade e Soliedariedade” Parabens a tod@s el@s.



TU AUTOESCUELA EN REDONDELA



Paseo da Xunqueira, 39. Bj

986 17 35 07

¡TE ATENDEMOS POR WHATSAPP SIEMPRE QUE LO NECESITES!

667 847 683

TAMBIÉN CLASES ONLINE

A tu ritmo y desde donde tú quieras...



DESFruta DAS CARREIRAS DE MOTO GP EN DIRECTO CON NOS

POOL BAR VIDEO CLUBE
NALLUA

Ernestina Otero, 49 - Tel. 986 402 462
Tel. 986 401 394 - REDONDELA



Gastro Pub
TRISQUEL

Rúa da Prata, 8
Redondela

Inauguración da casa cultural de Amoedo

“O monte ben xestionado pode ser unha fonte de riqueza e unha barreira contra os incendios”

Miguel Míguez, Presidente da Cultural e da Comunidade de Montes de Amoedo

O pasado venres 27 de febreiro celebrouse a inauguración da casa da cultura de Amoedo. O resultado do evento non se pode cualificar doutra maneira máis que dun éxito rotundo. A asistencia foi masiva, o acto foi precioso e a casa é realmente un lugar fermoso que reúne todas as condicións para ser un espazo no que a sociedade de Amoedo poida socializar, e transmitir ás xeracións futuras as características máis significativas que conforman a súa identidade colectiva.

ANP estivo presente na celebración da inauguración deste espazo cultural e alén da música, moi bonita, a comida de balde, espectacular, quixera salientar un aspecto que me chamou poderosamente a atención: A emoción, a profunda emoción que desprenderon as palabras do discurso que pronunciou Miguel Míguez o presidente da Comunidade de Montes. Nas súas palabras Miguel fixo referencia a distintos episodios de conflitos desagradables no camiño que tiveron que atravesar os comuneiros e comuneiras para chegar ata a situación actual. Episodios que a el lle afectaron emocionalmente. As súas palabras finais chamando á concordia e a traballar todos xuntos e xuntas en prol do ben común da comunidade, subscribímolos plenamente e facemos votos para que se fagan realidade.

Desde o noso medio de comunicación dámoslle os parabéns a toda a CM en xeral, e á súa directiva en particular, polo traballo colectivo que levou a que puideran rematar esa preciosa casa. Nós falamos con Miguel, pero antes de deixarlles coas súas palabras quixera dirixirme a el para dicirlle que quen traballa honestamente en prol do beneficio da comunidade, poderá cometer erros e acertos, pero sempre, sempre sen excepción, está no lado correcto da historia.



Miguel Míguez

Miguel, de onde es ti?

Nacín en Ventosela, Redondela, pero dende os dez ou once anos creíame en Amoedo. Vivo entre Amoedo e Vigo.

A que te dedicas?

Profesionalmente tiven unha empresa

de construción que puxen en marcha fóra, en Canarias, e que me deu moita experiencia. Pero decidín volver por mor dunha enfermidade grave do meu pai. Aos 59 anos enfermou gravemente, e estivo cinco anos loitando. Aquel episodio

de tanta gravidade e sufrimento fixo que reformulara a miña vida e que tomara conciencia da necesidade de dedicar o tempo ás cousas realmente importantes.

Antes de continuar quixera darche os parabéns polo resultado final da obra. A casa cultural quedou realmente preciosa. Foi moi difícil o proceso para chegar ata aquí?

Moitas grazas. Ben, como todo na vida houbo todo tipo de momentos, máis fáciles e máis difíciles. Aínda estamos co xardín que é o que nos falta, pero si, este sitio é moi bonito.

Que proxectos tedes para o xardín?

Queremos que a nosa casa sexa un espazo de uso tanto no seu interior como no exterior. Trataremos de consolidar a programación cultural e atraer eventos como concertos e monólogos tanto no interior como no exterior do recinto. A idea é que este espazo sexa autosuficiente e dinamice economicamente a parroquia. Se se fixo un investimento tan grande, hai que darlle uso. Acaban de darnos a noticia de

que vai tocar Antonio Orozco, estamos en conversas con Touriñán...

Alén dos concertos e monólogos que outros servizos pode ofertar esta casa da cultura á veciñanza?

Agora estamos implantando cursos de ioga, pilates, actividades de lectura... Queremos que sexa un punto de encontro e un espazo vivo para á veciñanza. Tamén puxemos en marcha un proxecto chamado “Mercalibro”, para fomentar a lectura no rural e deixar un pouco o estímulo dixital. Recibimos a doazón de máis de seis toneladas de libros. Os exemplares en mal estado reutilizámoslos para facer briquetas de biomasa, aproveitando tanto os libros que non valen coma as follas do monte.

Que receptividade tivo na veciñanza de Amoedo a inauguración da casa da cultura?

Tivo boa acollida pero as circunstancias non foron as mellores. Eu asumín a presidencia no ano 2019. Atopamos unha situación moi complicada. A casa cultu-

Pelu de Lara
Lp
Peluquería & Belleza
☎ 986 450 713
Avenida de Vigo, 61
Chapela - Redondela
Síguenos en Instagram

lapeludelara

SABOR COLOMBIANO

COLOMBIA
Visítanos!
QUEREMOS QUE NOSA
CASA SEXA A TUA
Estamos en Redondela
Rúa O Muro, 46

OUTLET
CASA
Laranka
STORES, CORTINAS
Y ALFOMBRAS
a medida
Presupuesto
sin compromiso
OUTLET
en las mejores marcas
de TEXTIL - HOGAR

ral estaba practicamente abandonada, entraba a auga, era un auténtico desastre. O monte tamén estaba descoidado e había débedas. Ademais, viñamos dunha etapa moi dura polos incendios de 2017, cando esta zona estivo en perigo real. Vivimos momentos angustiosos, con vivendas ameazadas polo lume e sensación de abandono. Aquilo marcou un antes e un despois.

E como tratastes de reverter a situación?

O primeiro foi actuar no monte e botar á Xunta de Galicia fóra. Tiñamos claro que había que cambiar o modelo, que o monte ten moito que ofrecer e postos de traballo que xerar. Apostamos por manter arredor dun 60% de superficie madeirable, pero introducir un 40% de froitos secos. Plantamos máis de mil castiñeiros e unhas 7.600 abeleiras. Tamén fixemos unha pequena plantación experimental de pistacho, que está funcionando sorprendentemente ben. O rural non pode vivir só de subvencións nin de discursos. Hai que xerar actividade económica, aproveitar os recursos e implicar á xente. Eu creo firmemente que, se explotamos o monte de maneira intelixente, poderíamos reducir moito o paro na zona. Temos un nicho de mercado enorme por diante.

É rendible un modelo así?

A curto prazo non. Hai que pensar a medio e longo prazo, e alí non só é un modelo rendible, que indiscutiblemente si que o é, senón que fornece unhas bases sólidas para que o siga sendo de maneira continuada no tempo. O rural require investimento e paciencia. Pero eu estou convencido de que un monte ben xestionado pode xerar emprego e evitar incendios. As plantacións funcionan como barreiras naturais contra o lume. Ademais, diversificas e non dependes só da madeira.

Houbo reticencias por este modelo dentro da comunidade?

Si, sobre todo porque estamos falando

dunha poboación maior, acostumada a facer as cousas doutro xeito. Calquera cambio xera medo, e ao principio houbo reticencias.

Como financiastes as obras?

As obras financiámolas con axudas do GDR e da Xunta de Galicia.

Que tal son as relacións con Luciano Otero, o alcalde?

Son boas e ás veces non tan boas. Eu estou bastante decepcionado coa loita partidista en xeral. Creo que se me intentou anular en certos momentos, como se fose un inimigo político, cando o único que intento é facer cousas positivas, sumar e construír. Creo que o importante é sumar, non dividir. Incluso houbo un intento de moción de censura contra min por parte do antigo alcalde do PP.

Sufriches presións?

Si. Mesmo chegaron a meterse coa miña familia. Houbo momentos moi duros. Chegaron a queimar o camiión grúa e a pala escavadora, a situación fíxose moi dura a nivel persoal e familiar.

Ante esta situación, cres que tes o apoio da maioría da Comunidade de Montes?

Si, creo que si. Nas votacións quedou claro. Sempre hai medo ou reticencias en algúns sectores, pero eu síntome apoiado pola maioría do pobo. Nas votacións o apoio foi maioritario e moi claro. Iso deume forza para continuar.

Como andas de estrés e ánimos despois destas situacións tan duras que describes?

Pasei por unha etapa de estrés extremo, con problemas de saúde serios que me levaron á UCI. Mesmo presenteei a miña dimisión o ano pasado, pero a reacción do pobo fixo que reconsiderase a decisión. Sentín o apoio da maioría e iso axudoume a seguir.

Agora estou mellor, aínda que non foi doado. Cando as responsabilidades pesan tanto e hai tensión constante, pasa factura. Pero agora síntome con máis ánimo.

A inauguración en Fotografías



A música amenizou a xornada



A Comida espectacular



O BNG de Pazos tamén estivo



-Saxa- o crego de Amoedo non faltou á inauguración

+ 34 667 709 495
@PELUQUERIAGUAU

GUAU
SALÓN PELUQUERÍA CANINA

C/ SALGUEIRAL Nº1
BAJO 5 REDONDELA
PONTEVEDRA 36800

EL MEJOR CUIDADO
PARA TUS MASCOTAS!

LAGO'S

PELUQUEROS

Jose Francisco Lago Otero

C/ Ribeira, 9
Redondela

Telf.: 986 40 29 63

NEUMATICOS RONI

MECÁNICA EN GENERAL

Neumáticos
Suspensión
Distribución
Embragues
Aceite
Filtros

Diagnosis
Frenos
Baterías
PRE ITV

Av. Redondela, 12 - 36320
Chapela - Redondela - Pontevedra
neumaticosroni@hotmail.com

T.: 886 091 861
M.: 627 749 678

**Las Cositas
D Rouss**

Avda. de Vigo, 173
Chapela - Redondela

T. 671 671 329
Las Cositas
D Rouss

O Concello solicita á autoridade portuaria información sobre o futuro do cargadoiro coto wagner

O Concello amosa a súa preocupación polo estado de deterioración do cargadoiro mineral Coto Wagner, en Cedeira. Esta estrutura, patrimonio histórico-industrial de Galicia, corre risco de desaparecer se non se actúa con urxencia. A Autoridade Portuaria informou á alcaldesa hai sete meses que existe un “proxecto” para actuar na zona, pero a día de hoxe esa proposta non chegou ao Concello.

Digna Rivas reitera o compromiso do Goberno local “coa posta en valor do cargadoiro e a súa total disposición a colaborar en calquera iniciativa que garanta a protección e integración deste emblema do patrimonio industrial no contorno de Rande”.

de deterioración do cargadoiro mineral Coto Wagner, en Cedeira. Esta estrutura, un elemento fundamental do patrimonio histórico-industrial de Galicia e catalogada polo seu valor singular, corre risco de desaparecer se non se actúa con urxencia. A alcaldesa recorda que, tras unha reunión co presidente da APV o pasado mes de agosto, informouse da existencia dun proxecto para actuar na zona. Porén, sete meses despois, o Concello denuncia que non recibiu ningunha nova información nin avances ao respecto. “Solicitamos o estado actual de calquera proxecto ou estudo técnico previsto para a súa conservación e rehabilitación”, sinala a alcaldesa, e insta á Autoridade Portuaria a remitir toda a documentación dispoñible “para o

seu estudo técnico por parte do Concello”. O goberno de Digna Rivas reitera o seu compromiso “coa posta en valor do cargadoiro e a súa total disposición a colaborar en calquera iniciativa que garanta a protección e integración deste emblema do patrimonio industrial no contorno de Rande”.

Por outra banda o Goberno local reclama información detallada sobre unha embarcación que permanece fondeada dende hai tempo na zona do Muelle de Pedra, en Rande. O Concello quere coñecer que actividade desenvolve este buque, cal é a finalidade da súa estancia nese punto concreto e, sobre todo, se existe unha previsión sobre a súa retirada ou continuidade no emprazo.



Vista do cargadoiro Coto Wagner

Redondela

O Concello de Redondela solicitou á Autoridade Portuaria de Vigo aclaracións sobre dous asuntos de gran impacto para o litoral e o patrimonio do municipio: o estado de abandono do cargadoiro mineral de Coto Wagner a

presenza dunha embarcación fondeada en Rande. Esta demanda remitiuse hai un mes á presidencia do Porto, e polo de agora non se recibiu resposta.

En primeiro lugar, e de especial preocupación para o Concello, é o estado

Redondela inviste preto de 48.000 € no paseo da Portela para garantir a seguridade peonil

A actuación centrarase na rehabilitación integral de catro zonas críticas que presentan deterioración estrutural. Os traballos inclúen a substitución de taboleiros, o reforzo de pilotes e a limpeza a presión para evitar esvaróns na senda de madeira.

A alcaldesa Digna Rivas destaca que esta actuación “responde á prioridade do Goberno local de manter os espazos públicos en condicións óptimas para o desfrute da veciñanza”.

Redondela

O Concello de Redondela adxudicou as obras de mantemento correctivo e reparación do Paseo da Portela, unha infraestrutura clave que conecta o centro urbano co barrio da Portela a través dun carreiro peonil de 1,5 quilómetros que discorre pola desembocadura do río Alvedosa. A intervención, que con-

ta cun investimento de 47.843,4 euros, realízase tras unha exhaustiva inspección técnica na que se revisou todo o paseo. A estrutura presenta desgaste de diversos elementos de madeira debido á exposición constante á humidade e ao paso do tempo. O obxectivo prioritario é eliminar os riscos de

Fútbol en directo *Bocadillos Hamburguesas Comida para llevar*

CAFÉ BAR TORRES
HAMBURGUESERÍA

Nova xerencia
Visítanos!

Rúa Pantalla, 24 baixo
36693 CESANTES

Telf.: 886 31 05 77
675 50 66 65

Dende 1962 ó seu servizo

CONFITERIA

Filo
PASTELERÍA ARTESANA

Casto Sampedro, 4
Teléfono 986 401 718
REDONDELA (Pontevedra)

Talleres Nespereira
Mecánica en General

Teléfono y Fax 986 498 102 - Móvil 655 594 330
e-mail: talleresnespereira@gmail.com
Barcenal, s/n - 36817 Nespereira - Pazos de Borbén

BAR O CRUCEIRO

SELLADO DE APUESTAS

Os venres pulpeiro

C/ Avenida de Vigo, 8 - Chapela - Redondela

seguridade e devolverlle á pasarela a súa plena funcionalidade. A alcaldesa, Digna Rivas, explica que os informes técnicos identificaron catro tramos “onde a estrutura se viu comprometida pola degradación de pilotes e deformacións nos taboleiros”. De mon corrixirse estes problemas “poderían afectar á estabilidade da pasarela”.

Para solucionalo, o proxecto contempla traballos de reforzo estrutural, coa reparación de pilotes e zapatas para asegurar a base do paseo. Reporanse os elementos danados, coa substitución de taboleiros, puntóns e varandas respectando o deseño orixinal. Unha das fases fundamentais será o lavado a presión tanto dos tramos novos como dos reutilizados para eliminar o barro e a materia orgánica acumulada, “evitando así que a superficie se volva esvaradía”.

Rivas salienta que esta actuación en-

márcase dentro dun plan de mantemento que busca “preservar un espazo moi querido e utilizado polas veciñas e veciños para o paseo e o lecer”. A alcaldesa subliñou a importancia desta obra dentro da folla de ruta do seu equipo: “a seguridade das persoas que utilizan os nosos espazos públicos é innegociable. O Paseo da Portela é un dos camiños máis queridos e transitados de Redondela, e con este investimento non só aseguramos a súa estabilidade estrutural, senón que reafirmamos o noso compromiso coa mellora continua do noso entorno e a calidade de vida da veciñanza”. As obras executaranse seguindo unha orde lóxica de intervención para minimizar as molestias aos usuarios e usuarias, garantindo en todo momento o cumprimento da normativa de accesibilidade e seguridade peonil.

taxativa o deber de conservación por parte dos propietarios, incluídas as administracións públicas.

Non é admisible invocar a deterioración dun ben cando este é consecuencia de anos de abandono.

A declaración bic suporía unha protección xurídica efectiva e obrigaría á restauración do inmovible. resulta lexítimo preguntarse se esa protección é precisamente o que se quere evitar para facilitar outros intereses industriais na zona.

Cómpre lembrar que o apoio á conservación do couto wagner é amplo e transversal. ademais do acordo unánime do pleno municipal, numerosas entidades culturais e científicas pronunciáronse a favor da súa preservación. entre elas figura o consello da cultura galega, que recoñeceu expresamente o valor patrimonial do conxunto de rande e se manifestou contrario ao seu desmantelamento.

O couto wagner non é unha estrutura illada. forma parte dunha paisaxe cultural única na enseada de san simón, vinculada á memoria histórica da ría de vigo e ao desenvolvemento industrial do país. a súa desaparición suporía unha alteración grave da paisaxe histórica e unha perda irreparable para o patrimonio cultural galego.

Aceptar que a deterioración xustifica o derribo sentaría un precedente extremadamente perigoso. se ese criterio se aplicase de maneira xeneralizada, boa parte do noso patrimonio podería desaparecer baixo a escusa da falta de mantemento.

Para alén nós, o que está en xogo non é só o futuro dun cargadoiro industrial, senón o modelo de protección do pa-

trimonio en galicia. ou se aplica a lei con rigor e se esixe a conservación aos propietarios públicos, ou se permite que intereses económicos a curto prazo prevalezan sobre o interese xeral.

A asociación esixe á xunta de galicia que asuma o seu papel como garante do patrimonio cultural, incoe de inmediato o procedemento de declaración bic e garanta a restauración e posta en valor do couto wagner.

Iniciativa ante o parlamento de galicia

Como asociación de carácter civil comprometida coa defensa do patrimonio cultural, alén nós anuncia que fará chegar ao parlamento de galicia esta solicitude de declaración de ben de interese cultural para o cargadoiro de mineral do couto wagner.

Dende esta entidade redondelá solicitaremos aos grupos parlamentarios que impulsen as iniciativas necesarias para que o goberno da xunta de galicia poña en marcha o expediente correspondente e proceda á declaración bic deste elemento singular do patrimonio industrial galego.

Para alén nós, a protección do couto wagner non pode seguir demorándose. a posta en marcha deste procedemento sería un paso decisivo para garantir a conservación e posta en valor dun ben patrimonial que forma parte da historia industrial e da paisaxe cultural da enseada de san simón e da ría de vigo.



Alén Nós reclama a declaración BIC para o cargadoiro Couto Wagner de Rande

Redondela

A asociación cultural alén nós de redondela expresa a súa profunda preocupación pola negativa reiterada da xunta de galicia a incoar o procedemento para declarar ben de interese cultural (bic) o conxunto histórico de rande, no que se integra o cargadoiro de mineral do couto wagner.

En dúas ocasións, nos anos 2013 e 2020, o pleno do concello de Redondela —con apoio unánime de todas as forzas políticas— solicitou formalmente esta declaración. a día de hoxe, a administración autonómica nin sequera iniciou o trámite. para alén nós, esta inacción non pode interpretarse como

un simple atraso administrativo, senón como unha decisión política consciente e intencionada.

A lexislación galega é clara: cando existen valores culturais acreditados, a administración debe incoar o expediente. no caso de Rande e do couto wagner concorren sobradamente valores históricos, industriais, paisaxísticos e sociais que xustifican a máxima protección patrimonial.

O cargadoiro é propiedade da autoridade portuaria de vigo, entidade que solicitou o seu desmantelamento alegando estado de ruína. porén, a normativa vixente establece de maneira

PUB
AQUELARRE
REDONDELA

 **PlusUltra**
Seguros

María del Carmen Lago Pereira
Agente Exclusivo de Plus Ultra Seguros
nº reg. C051736002973S
sotoseguros@hotmail.com
Avda de Vigo, 234 - Bajo
36320 Chapela-Redondela (Pontevedra)
T 986 45 81 10 - M 672 213 497



Na Praia de Arealonga
Chapela



Nova xerencia

BAR BAQUEIRO
“VIÑOS ALBARIÑO, PAÍS E TAPAS VARIADAS”

Iglesias Galleiro, 18
Vilar de Infesta - Redondela

XXXVIII Festa da Ostra de Arcade

A parroquia de Arcade, no concello de Soutomaior, volverá converterse no corazón do sabor do mar das Rías Baixas coa celebración da XXXVIII edición da Festa da Ostra, unha cita que cada ano reúne a miles de visitantes arredor dun dos produtos máis emblemáticos da Enseada de San Simón. A festa terá lugar os días 3, 4 e 5 de abril, aínda que as actividades comezarán xa a finais de marzo.

por G. Figueiredo

Unha festa con máis de tres décadas de historia. A primeira edición celebrouse en 1987, impulsada polos propios ostricultores da zona, que viron na vila de Arcade o lugar idóneo para organizar unha celebración arredor deste molusco. Non era casualidade: a localidade fora pioneira no consumo, na comercialización e mesmo na exportación da ostra, que desde aquí chegaba non só a diferentes puntos de España, senón tamén a diversos países europeos.

A iniciativa naceu coa intención de potenciar o consumo da ostra e poñer en valor un produto clave na economía da zona, ao tempo que se proxectaba a imaxe de Arcade como un dos principais referentes na produción e venda deste apreciado marisco.

Desde os seus comezos, a organización da festa contou coa implicación de Ostricultores, hostaleiros e comerciantes que colaboran cada ano co Concello de Soutomaior para sacar adiante unha celebración que co paso do tempo se consolidou como unha das citas gastronómicas máis destacadas de Galiza, recoñecida oficialmente como Festa de Interese Turístico en 2002.

A elección do primeiro fin de semana de abril para a súa celebración tampouco é casualidade. Segundo explican os produtores, é nesta época cando a ostra se atopa nas mellores condicións bio-



lógicas para a súa degustación, o que garante a máxima calidade do produto. Ao longo da historia, a ostra estivo rodeada de lendas. Tradicionalmente atribúeselle un carácter afrodisíaco, e dise que o mítico sedutor Casanova recorría a elas para recuperarse dos seus excesos amorosos. Xa na antiga Grecia, as cunchas deste molusco utilizábanse para votar en Atenas: nelas escribíase o nome do político que se quería expulsar do goberno, e quen recibía máis

votos era condenado ao ostracismo, un desterro que podía prolongarse durante cen anos.

O escritor Álvaro Cunqueiro tamén quixo deixar o seu particular tributo a este produto e definiu a ostra como “un manxar esencial para abrir unha mariscada” e asegurou que posúe “un sabor espiritual, que é como unha saudade do mar”.

O pasado once de marzo a festa foi presentado no peirao de Arcade, coa

enseada como pano de fondo, nun acto no que participaron o alcalde de Soutomaior, Manu Lourenzo, a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles Vázquez, membros da corporación municipal, viticultores e representantes do sector hostaleiro.

Durante a presentación, o rexedor destacou que a festa é “un evento feito co maior dos agarimos e coidados, trátase dunha festa de unión que enxalzará o produto máis típico da parroquia de Arcade, unha festa de interese turístico á que convido a vir a todo o mundo a descubrir e degustar a Ostra, do nos Albariño de Soutomaior e a coñecer todos os atractivos do noso concello”. Evento pensado para poñer en valor o produto máis representativo da parroquia. Lourenzo convidou a visitantes e veciñanza a achegarse a Arcade para degustar as ostras e os viños da zona, especialmente o albariño elaborado no propio concello.


O alcalde tamén subliñou o traballo realizado durante meses para preparar unha edición que aspira a ser “a mellor ata o momento”, combinando gastronomía, música e promoción do produto local. A ostra volverá ser a gran protagonista da celebración, cunha maridaxe destacada co albariño de Soutomaior.

A pregoeira desta edición será a veciña



**CONSTRUCCIONES
NIETO**

687 612 774 · 677 513 604
info@nietoconstrucciones.com



AN de bolos celtas
LUME NOS CÚS
Soutomaior
Lourido S/N



Cafetería



La Creación
Avda. Castelao, 35
Arcade



María Codesido García, á que o Concello quere recoñecer pola súa traxectoria persoal marcada pola disciplina, a constancia e a superación. Segundo palabras do alcalde: "María é unha persoa que traballa incansablemente para conseguir as súas metas. Unha persoa que é unha referente para todas e todos nós, pois a súa traxectoria demostra que a pesar das adversidades non nos podemos render nin desilusionar, xa que, é posible sobreporse a todas as dificultades e loitar ata conseguir os nosos obxectivos. Con tal motivo, este ano a pregoeira será a nosa veciña, María Codesido García. Unha muller que é un claro exemplo de disciplina, seriedade, constancia, tenacidade, perseveranza, modestia e valores para conseguir o que nos propoñamos".

Pola súa banda, a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro destacou o valor da festa como homenaxe ao sector do mar e ao traballo das persoas vinculadas a el. Tamén puxo en valor o proxecto Ostreares, impulsado pola Confraría de Arcade.

A organización agarda superar as

30.000 persoas asistentes, que poderán degustar as ostras a prezos populares: 10 euros a dúcia, mentres que as botellas de albariño de Soutomaior manteranse en 12 euros. Como novidade este ano as casetas xa abrirán o venres por cadrar coa Semana Santa.

Ademais da degustación tradicional, tamén haberá propostas gastronómicas máis elaboradas da man da experiencia Os Tres, que este ano inclúe como protagonista a: crujiente de gamba con tartar de ostra, ostra en escabeche tradicional ou ostra marinada en teriyaki sobre crema de aguacate e caviar de arenque.

Programación completa:

29 de marzo

Celebración da 7K Soutomaior e da Carreira Infantil da Ostra (inscrición gratuíta).

Madrugada do 1 ao 2 de abril
Programa especial "Pensando en ti" da Radio Galega, en directo desde o Multiusos de

Arcade.

Venres, 3 de abril

- 12:00 h. Apertura das casetas da festa.

- 12:30 h. Concerto de Chispas do Lérez.

- Noite Actuación das orquestras Olympus e Finisterre.

Sábado, 4 de abril

- 12:00 h. Apertura das casetas.

- Pasarrúas da comparsa Imperiais, desde o Calvario ata o Peirao.

- Noite Verbena coas orquestras Los Satélites e La Misión.

Este ano a tradicional tirada de fogos artificiais non se ce-

lebrará tras un informe desfavorable de Costas, ao tratarse dunha zona incluída na Rede Natura.

Domingo, 5 de abril

- 10:00 h. Pasarrúas da Banda Artística de Arcade e da Banda Cultural de Arcade, desde o Calvario ata o Peirao.

- 11:00 h. Apertura das casetas de degustación.

- 12:00 - 15:00 h. Actuación de Fernando Sánchez Jazz Quartet na carpa do Peirao.

- 13:00 h. Lectura do pregón a cargo de María Codesido García.

- 18:00 h. Concerto de Louoband no Peirao de Arcade.

Vive al natural
Alimenta tu salud disfrutando de nuestras terapias



Sandra 659 844 706
vivalnatural@gmail.com

C/ Rosalía de Castro, 25
36690 Arcade (Pontevedra)

Telf.: 986 700 779

Bocatería ANDÉN
9 3/4
Est. 2018

Avda de Castelao nº52
Arcade

986701424
682121654

@anden934arcade

ACUÑA
Don pastelles y muchas cosas más

Rosalía de Castro, 16 Baixo
Arcade
986 70 09 56

PANADERIA DEGUSTACIÓN PASTERIA PILI

Avda. Castelao, 128
986 700 558
Avda. José Solla, 28
986 700 854

Ges seguros

Avda. Xosé Solla, 34 (Arcade)

Visítanos!
Estaremos encantados de asegurar a túa tranquilidade



Pola liberdade dos pobos, contra o Imperialismo

Pedro Cortegoso, traballador do SERGAS

opinión

O mundo atópase nunha situación crítica, o Imperio consciente do seu declive económico e de "lexitimidade" forzada pretende frear esta situación da peor forma posíbel, coa violencia. Non asume a súa decadencia e revólvese violentamente para manter os seus privilexios e continuar espoliando o planeta. Mentres China aumenta a súa prosperidade económica, e se coloca en primeira posición, e Rusia resiste os intentos de destrución pola vía militar, a economía dos EEUU está cada día máis endebedada. Unha débeda superior aos 38 billóns de dólares, que aumenta unha media de 5.888 millóns diarios. Trump e os membros do seu goberno falan claro ao resto do mundo: se non facedes o que queremos, iremos a por vós. E os gobernos lacaios de Europa aplauden coas orellas esta nova estra-

texia e asumen o reparto de papeis que fai o Imperio. Vós "europeos" encargadevos de Rusia, até o último ucraíno, e EEUU do seu "patio traseiro" e do resto do mundo.

Os que moven os fíos puxeron a un bufón á fronte do goberno dos EEUU para romper con todo, para tratar de dar marcha atrás a súa lenta agonía. As normas internacionais, a ONU, a diplomacia, xa non serven. Agora a única lei que vale e a do máis forte, a do matón de colexio, a do chulo acosador que atemoriza e pega. A lei do que bombardea Caracas e secuestra ao Presidente Maduro, a lei da agresión contra Irán nun conflito que non se sabe como pode rematar, a lei dos bloqueos criminais, do roubo de barcos petroleiros e do bombardeo e asasinato de lanchas no Caribe. Canto máis débiles se senten máis violentos se volven.

Todo o que está acontecendo desde fai anos está relacionado e forma parte do plan imperial de acoso e derribo dos países soberanos que se resisten a entrar polo aro da dominación e o espolio dos seus recursos.

Non podemos separar o xenocidio do pobo palestino do derrocamento do goberno Sirio por uns cortadores de cabezas financiados por occidente. As agresións e ameazas a Irán forman parte do acoso e de-

derribo da China, igual que a guerra na Ucraína organizada para debilitar a Rusia. As masacres no Congo, no Sudán, o ISIS e organizacións similares no Sahel forman parte do mesmo escenario. O imperio aliméntase de sufrimento e sangue humana.

Os pobos que queren exercer a súa soberanía libremente son sancionados e acosados polo imperialismo estadounidense coa colaboración do resto dos países chamados occidentais. Organizan contra eles "revolucións" de cores, son difamados en todos os medios de comunicación con mentiras, medias verdades e ocultación da realidade para convencer a unha opinión pública adurmiñada dunha realidade que non é. Son infiltrados por ONGs financiadas pola CIA, que debaixo desa fachada humanitaria e desinteresada tentan agochar as súas intencións desestabilizadoras e criminais.

Estamos no tempo de tomar partido. Ou escollemos someternos e padecer a distopía que nós ofrece a camarilla violadora e pedófila que dirixe os EEUU ou apostamos polo Antiimperialismo e a salvación da humanidade.

Por iso é importante entender que ante a agresión a Venezuela, Cuba ou Irán debemos estar do lado dos agredidos e non dos agresores. Debemos defender a soberanía de ese países para decidir libremente o seu futuro sen imposicións e bloqueos.

Por eles e por nós, se queremos unha

Galiza liberada temos que ter claro en que bando estamos:

No dos opresores que nós levan polo camiño da guerra: o Estado Español, a Unión Europea e a OTAN. Instrumentos que garanten a nosa dominación e o noso espolio material e humano, que nunca permitirán que gobernemos nós na nosa terra.

Ou no bando dos países que defenden a súa soberanía e loitan pola súa autodeterminación, e a convivencia pacífica entre os pobos do mundo. Colocarse no medio é tamén tomar posición, a do opresor.

P.D.: Escrebo estas letras o día anterior ao inicio da agresión de EEUU e Israel contra o Irán. Repítese o que xa vimos en Gaza ou Líbano, bombardeo de escolas, ximnasios e hospitais. Esta agresión conta, unha vez máis, coa colaboración de moitos países-colonias con bases militares ianquis, e dos países "civilizados" de Europa.

EEUU utiliza as bases militares que ten no estado español, mentres o presidente oponse coa boca pequena a esta guerra. Vaia cinismo.

Irán foi o país agredido, e polo tanto ten todo o dereito a defenderse dos atacantes que queren unha transformar unha sociedade milenaria en cinzas para satisfacer os seus intereses económicos. Non caben equidistancias nin xustificacións estúpidas, se somos antiimperialistas só podemos estar co agredido, nunca co agresor.

Refrescos **Lambonadas**
Gominolas
Hielo
Helados
Tabaco

Date una alegría con una buena chuchería

La maravilla
Zona peatonal Banda do río (Bueu)
986 12 81 67

Casa dos druidas

Acuña Vilaboa

BRASERÍA

TAPERÍA SUSO

Toural nº30 VILABOA

658 887 625
986 631 514

MARINER Fuerabordas
YANMAR marine
QUICKSILVER
CM
BLACK FIN
VALIANT RIGID INFLATABLE BOATS
MERCURY MerCruiser
WALKER BAY

GONBELA
Distribuidor Exclusivo

NAUTICA GONBELA

Avenida de Ourense, 50 - Marín
Telf. tienda: 986 88 39 31- Fax: 986 88 00 95
Telf. nave: 986 70 32 14 - Móvil: 666 45 00 95
gonbelventas@gonbelmar.es
WWW.gonbelmar.com

Elena Gallego e Mayka Braña achégannos ao universo dos furanchos

Hai historias que nacen dun encontro casual e acaban converténdose nun proxecto audiovisual capaz de levar un anaco de país ás pantallas. Iso é, en boa medida, o que aconteceu con Furancho, bota viño!, unha curtametraxe rodada nun auténtico furancho das Rías Baixas que mestura humor, tradición e unha mirada moi próxima á cultura popular galega. O proxecto xorde dunha conversa entre a escritora e xornalista Elena Gallego Abad e a actriz Mayka Braña durante unha viaxe entre Marín e Vigo, cando decidiron unir creatividade e experiencia para dar forma a unha historia ambientada nun destes espazos tan propios da nosa identidade gastronómica e social.

A curta, dirixida por Mayka Braña e con guión e produción executiva de Gallego Abad, recrea a reapertura dun furancho familiar onde nada sae exactamente como estaba previsto: unha matriarca accidentada, unha cociñeira desaparecida, clientes que chegan cun televisor para ver fútbol ou mesmo a posible irrupción dun influencer da chamada “furanchoesfera”. Todo iso constrúe unha comedia coral rodada nun furancho real de Marín, cun amplo elenco de actores e actrices da escena galega.

Falamos con Elena Gallego Abad sobre a xénese desta historia, o valor cultural dos furanchos e o desafío de levar á pantalla un universo tan enxebre como universal.

por **Aarón Franco**



Elena Gallego

Despois dunha longa traxectoria na literatura, especialmente coa saga Dragal, que a levou a dar o salto ao audiovisual e á produción dun-

ha curtametraxe?

Pois a necesidade de contar as miñas historias doutra maneira. Hai uns anos quedou no aire a posibilidade de levar a saga Dragal ao audiovisual sendo conscientes de que sería unha produción multimillonaria polo que, desta volta, decidín formar parte do gremio de maneira directa. Para iso estiven preparándome con formacións que fixo RTVE e continuo facéndoo coa Universidade de Vigo.

En que intre xurde a posibilidade de Furancho, bota viño! de maneira máis clara?

Pois todo comezou nunha conversa entre Mayka Braña e eu, nunha viaxe camiño de Vigo.

O furancho é un espazo moi particular da cultura popular galega. Que lle interesaba narrativamente deste universo?

O que me interesa é contar cousas que me tocan na miña contorna. O furancho teño a sorte ou a desgraza de telo casa, co cal vivín desde un

primeiro plano todo o proceso de apertura e de mantemento. Grazas a iso descubrín a importancia de contalo.

Desde esa perspectiva intentas explicar o que é un furancho polo tanto.

Quería contalo con sentido do humor e sen buscar o chiste fácil. Queríamos crear humor de situación e non estar na procura da frase fácil.

A cuestión é se Isto vai quedar aquí, mais tendo en conta o elevado custo que ten o audiovisual.

E tanto que é caro, carísimo. Estamos a falar de que para unha curtametraxe de vinte minutos, o orzamento chegou ás cinco cifras e todo isto contando con que os actores son amigos que botaron unha man de xeito altruísta e que dispoñíamos do espazo de gravación.

O que se pretende é que ademais



RAMÓN CABANILLAS,
105
MOAÑA
986 31 56 25



AutoRos
Taller Multimarca

Rúa Tobal, 76 - San Roque - Cangas
Antigos Talleres Móvil, ao lado de Don Hotel
986 30 56 73 - 626 14 45 96 reproautoros@hotmail.com

BAR PLAZA CANGAS
Rúa Méndez Núñez, 27 - Cangas







dunha curtametraxe, isto sexa tamén o capítulo piloto dunha serie na que estou a traballar.

Nesta curtametraxe participa como produtora e tamén como autora do guión. Como foi o proceso de levar esa historia do papel á pantalla?

Estiven e estou formándome, teño o espazo no que se gravou, e comecei a escribir o guión pensando nos actores. Os papeis foron escritos para os actores que finalmente interpretaron. Por exemplo, o papel de Carlos Blanco.

Canto tempo tivestes que investir na rodaxe da curta?

Pois houbo que rodar en dous días. Só tiñamos ese tempo. Houbo que cadrar as axendas como se puido para facelo así porque á inmensa complicación da axenda dos actores e actrices, sumábase tamén se axenda de 13 amarillo, que o furancho ten os seus horarios...

Cadrar as axendas daba como resultado ter que gravalo nun tempo determinado, ademais, por suposto, da cuestión económica, posto que cada día suma.

A historia mestura tradición (o furancho familiar) con elementos contemporáneos como influencers ou fútbol televisado. Esa mestura revisita a situación actual destes espazos tradicionais?

O que resulta da curtametraxe é un xogo de espellos contrapostos. A profesionalidade que representa a personaxe que interpreta Mayka fronte a quien fai as cousas, pois como se facían...

En definitiva, unha contraposición de xuventude e experiencia; modernidade e tradición.

Como ben dis, hai ata un influencer, despois resulta que queren ver o fút-

bol cando a normativa non o permite. Mestúrase o encanto e tradición dos furanchos con elementos modernos, que na realidade é o que explica, en parte, a boa saúde e bo momento do que gozan os furanchos.

Polo tanto, sabendo que este proxecto naceu con vocación de crecer cara a unha serie ou longametraxe. En que punto está agora esa posibilidade?

Pois primeiro de todo, estou no punto de facer as cousas ben. Isto naceu como curtametraxe é agora mesmo continuo formándome para co tempo, e unha vez feita a biblia da serie, venderlla a unha cadena.

Vén do mundo da literatura, onde o control creativo é máis directo. Que foi o máis sorprendente, ou difícil, ao traballar nun equipo audiovisual?

Eu son xornalista, traballei na radio entón en certo modo algo tiña de bagaxe, tamén sabía que ía ser caro e tamén era sabedora, grazas a que me fun formando, das diferencias que hai entre unha cousa é outra.

Nunha novela con dúas frases, podo mudar o mundo do lector, pero no audiovisual esas dúas frases, ese mundo que quero mudar, o espectador ten que miralo, e iso é caro.

Despois desta experiencia, cara onde se dirixe agora Elena Gallego: novos libros, novos guiños ou máis proxectos para cine e televisión?

No eido audiovisual continuo formándome co obxectivo de chegar a ser showrunner.

No literario hai un par de cousiñas por aí nas que teña moita ilusión depositada.

Para rematar, a colección Dragal que posibilidades ten de que chegar á pantalla?

Bueno, aí está en estudo e con esperanzas depositadas en que ao mellor poida chegar á bo porto.

CAIXA DE MÚSICA

Por Xose Manuel Fernández Costas "Muxicas"

Abrir unha nova sección que trata sobre música de base tradicional é, para min, un orgullo e un privilexio.

Vai para cincuenta anos que por vez primeira me puxen publicamente cunha gaita ó lombo, acompañado na ocasión no tambor polo meu mestre de lingua e titor de COU no instituto da Guía. Foi o 17 de maio do ano 1977. A el quero dedicar o meu primeiro artigo nesta publicación, agora que vimos de darlle a triste despedida. Xesús Alonso Montero. Máis que un mestre para min. Un pai.

O primeiro tema exposto é un pasodobre que compuxen o pasado ano 2024 para a Rondalla de Reis de Zamáns, da que actualmente son director. "BATE FORTE".

Porque só batendo forte acádanse obxectivos que poderían parecer lonxanos, pero ós que con obstinación pódense chegar.

BATE FORTE

Xosé Manuel Fernández "Muxicas"
Decembro 2024

unha vez completa
Para acabar de
e a CODA FINAL

DUPLICADO DE LLAVES - MANDOS A DISTANCIA
LLAVES CODIFICADAS DE COCHE
MARTINEZ

Rúa Pazos Fontenla, 31 (Buen)
Móvil: 661 508 088

TALLERES SIAN

MECANICA · CHAPA
PINTURA

Pazos Fontenla, 82 - Bueu
986 320 724
talleressian@hotmail.com

PENEIREIRO

Taller Automoción

C/ Camiño Vello nº 5
36913 Seixo - Marín
Pontevedra
Tels: 986 703 485 - 629 160 912
talleres_peneireiro@outlook.com

MIRANDA

LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

Rúa Pazos Fontenla 35
Bueu - Pontevedra

Tel/Fax: 986 320 504
libreriamiranda@yahoo.es
f Librería Miranda Bueu

RECHOUCHÍOS de marzo e abril 2026

Programa de dinamización lectora e lingüística dirixido ao público infantil e familiar organizado pola Concellaría de Normalización Lingüística, a Concellaría de Cultura e a Concellaría de Igualdade

Os Rechouchíos teñen por obxectivo organizar de maneira estable actividades culturais relacionadas coa dinamización lectora e lingüística do público infantil e achegarlles recursos ás familias encamiñados á socialización en galego da infancia.

Neste novo ciclo haberá teatro, monicreques, narración oral, moito humor e espectáculos musicais con música en directo desde o venres 13 de marzo ata o venres 17 de abril de 2026 nos diferentes espazos e locais socioculturais do concello repartidos polas parroquias. As actividades do 13 de marzo e do 10 de abril contarán con intérpretes en lingua de signos de XOGA (Organización de Diversidade Sensorial de Galicia), polo que nos días previos publicaremos no facebook os Signochíos: 4 ou 5 cinco palabras signadas que definen esta actividade. Todos estes espectáculos son de balde ata completar cabida.

Programa:

Venres 13 de marzo, Centro Sociocultural Castroviejo, Tirán, 18 h
Manuela Contacontos: Peques e heroas
Contacontos teatralizado a partir dos 4 anos

Sinopse: Falamos de "heroas", "pilotas", "profas"...?

Que actos heroicos deben acometer as nenas e mulleres para chegar a desempeñar unha carreira profesional?

A pirata Daniela será quen de ir superando as probas que os piratas homes lle esixen?

Rematamos esta sesións de contos para reivindicar a igualdade coa historia dun pequeno heroe, Juan, un neno ao que lle gustaba pintar as unllas de co-

RECHOUCHÍOS Actividades para público infantil e familiar MARZO E ABRIL 2026

Venres 13 de marzo: Centro Sociocultural Castroviejo, Tirán, 18 h
Manuela Contacontos:
Peques e heroas
Contacontos teatralizado a partir dos 4 anos

Venres 13 de marzo: auditorio do IES As Barxas, 18 h
Escola Municipal de Música:
A mellor sopa do mundo
Conto musicado a partir dos 3 anos

Venres 17 de abril: Sala Celso Parada de C. S. Daniel Castela, Quintela, 18 h
Pérez&Fernández:
Nanai da China
Teatro e monicreques a partir dos 4 anos

Venres 17 de abril: Centro Sociocultural Repolá de Castro, Domaio, 18 h
Miguel Guido:
O lobo feliz
Contacontos e música a partir dos 3 anos

Venres 17 de abril: Sala Celso Parada de C. S. Daniel Castela, Quintela, 18 h
Inventi Teatro:
A librería máxica
Teatro recomendado a partir dos 4 anos

CONCELLO DE MOAÑA

Centro Sociocultural



Deseño para a ilustración de Ana López

Biblioteca Pública Municipal de Moaña
Servizo de Normalización Lingüística
Servizo de Igualdade

res. Será signado por XOGA (Organización de Diversidade Sensorial de Galicia)

Mércores 18 de marzo, auditorio do IES As Barxas, 18 h

Escola Municipal de Música: A mellor sopa do mundo

Conto musicado a partir dos 3 anos

Sinopse: Uns animalíños do bosque van chegando a unha cabana na que elaboran unha sopa cos ingredientes que cada un vai achegando. O resultado é unha sopa musical feita sobre a marcha con ingredientes como a amizade, a colaboración, o compromiso...

Venres 27 de marzo, Sala Celso Parada do C.S. Daniel Castela, Quintela, 18 h

Pérez&Fernández: Nanai da China

Teatro e monicreques cheo de maxia, aventuras e humor recomendado a partir dos 4 anos

Sinopse: Nanai naceu unha noite de lúa. Os seus veciños e veciñas rexétana desde que nace, por pura superstición. Ela axuda a seu avó a cultivar o arroz máis delicioso desta beira do río Yangtzé xunto con

Chispúm, un simpático búfalo de auga. Para loitar contra a estúpida superstición da xente, Nanai e seu avó elaboran

un plan que non sempre sae tan ben como imaxinaron.

Esta peza gañou o Premio María Casares 2024 na categoría de monicreques e formou parte de programas como a Feira de Títeres de Lleida ou Camino Escena Norte.

Venres, 10 de abril, 18 h, Centro Sociocultural Rosalía de Castro, Domaio, 18 h
Miguel Guido: O lobo feliz
Contacontos e música a partir dos 3 anos

Sinopse: Abonda de historias de lobos feroces... É tempo de lobos que buscan a felicidade ouveando á lúa!

O lobo feliz é un contacontos musicado baseado no conto do mesmo nome,

e contado polo seu protagonista (interpretado polo autor, Miguel Guido, coñecido tamén como o profesor de inglés dos Bolechas).

Un contacontos con humor e música pensado para un público de 3 a 8 anos, pero do que pode gozar toda a familia! Será signado por XOGA (Organización de Diversidade Sensorial de Galicia)

Venres 17 de abril, Celso Parada do C.S. Daniel Castela, Quintela, 18 h

Inventi Teatro: A librería Máxica

Sinopse: Atención donas e cabaleiros: chega á súa vila a librería máxica. Nela, dous simpáticos libeiros, interpretados por Bea Campos e Marcos Alonso, ofreceranlle o libro perfecto grazas a súa capacidade de atopar o conto necesario para cada persoa e ocasión! Este espectáculo para toda a familia é unha divertida peza teatral que rende homenaxe ao pequeno comercio, as tendas de barrio, e que achega os nenos e as nenas ao amor pola literatura e á lingua galega.

Teatro recomendado a partir dos 4 anos



Muebles del Río

Avda. Loureiro, 41
36930 Bueu, Pontevedra

Tel.: **986 320 236**

Movil: **633 401 169**

mueblesdelriosl@gmail.com

TALLERES HERDASA
MECÁNICA · ELECTRICIDAD · NEUMÁTICOS
ESPÍRITU SANTO 20, 36940 CANGAS
986 30 09 56
TALLERESHERDASA@HOTMAIL.COM

MotoJard
Bueu
Venta y reparación de
maquinaria agrícola y motos
Francisco Escaneo, 13 - Bueu
Taller: 986 322 826

pipa & pope
accesorios y peluquería canina
Avda. Ourense, 69 Bajo Marín (PO)
Tlf.: 605 601 523
f pipay pope

O Carlete
Desde 1977
Rúa David Cal nº13
36945, Vilarinho
986328744
O Carlete
ocarlete@gmail.com



Por un novo concepto no imposto de plusvalía

opinión

Xavier Rodríguez, BNG de Nigrán

O imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, popularmente coñecido como plusvalía, grava o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se pon de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título. Foi un tributo polémico, pois ata non fai demasiados anos a imposición realizábase incluso en ausencia de plusvalía, algo que afortunadamente a lexislación corraxiu e agora si fai honra ao seu nome e grava exclusivamente o incremento real do valor dos terreos experimentado ao longo do tempo. Non é un imposto ao traballo, nin se aplica sobre ningún tipo de actuación que poidan realizar os obrigados tributarios. Máis ben é un imposto aos beneficios caídos do ceo, derivados do aumento de valor das propiedades inmobiliarias polo simple paso do tempo e a suba do prezo do solo, en boa medida provocado pola espiral inflacionaria da especulación urbanística.

Trátase de que no momento en que se pon de manifesto eses valores como consecuencia dunha transmisión, os propietarios devolvan unha pequena parte deses beneficios á sociedade, tendo en conta que se producen polo incremento xeral dos prezos do solo nunha zona, que pode responder a diferentes causas, pero non por ningún traballo ou actividade dos obrigados tributarios.

Dende este punto de vista é, pois, un gravame xusto, en contra dos argumentos de sempre que provén dos sectores de sempre. Que se é confiscatorio, inxusto, cun obxectivo recadador e que eleva a presión fiscal. Pero ademais de ser xusto debiera ser necesario para penalizar con maior claridade a especulación urbanística fronte a outro tipo de transmisións. É por iso que a novidosa proposta anunciada polo BNG de Nigrán para a súa modificación debiera ser saudada. Novidosa respecto da súa implantación, que non da súa innovación, pois está contemplada na lei

pese a que ningún concello do entorno a adoptou. Trátase de substituír o tipo fixo actual, que no caso de Nigrán é un 27%, por un tipo variábel que empece no máximo legal do 30% para as transmisións realizadas nun período de tempo menor a un ano e se vaia reducindo conforme vaia aumentando a antigüidade da adquisición do terreo, ata chegar a tan só un 10% para propiedades cun período de xeración de 20 ou máis anos, que é o caso no que soen estar a maioría das herdanzas, por exemplo.

O obxectivo é discriminar tributariamente situacións obxectivamente distintas e facelo ademais de xeito progresivo, penalizando os movementos especulativos do solo que buscan obter importantes beneficios en curtos espazos de tempo. O pelotazo de toda a vida, vamos.

Neste sentido o BNG xa anunciou que presentará unha proposta detallada de modificación da ordenanza fiscal regu-

ladora coa intención de que, de aprobarse polo pleno, entre en vigor no próximo exercicio de 2027. Sería unha boa nova que así fose, como calquera outra modificación das ordenanzas fiscais que, dentro da escasa marxe que a lexislación actual deixa aos concellos, afondase no carácter progresivo da fiscalidade municipal, incidindo na contribución de toda a veciñanza ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica, posta de manifesto directa ou indirectamente a través de diferentes indicadores.

Non debe esquecerse de igual xeito a función que os impostos teñen para penalizar tributariamente determinadas actividades que poidan ser negativas para o conxunto da sociedade fronte a outras que deben ter un tratamento distinto. Os tributos non deixan de ser un instrumento da política económica para incidir na sociedade. Tamén na especulación urbanística, aínda que sexa de modo ben cativoiro.



O prezo dos alimentos, cada vez máis alto

opinión

Fran "Larrú", traballador precario

Sustentar na competitividade a produción de alimentos é do máis absurdo que ten alcanzado a razón. Para manter os baixos custos de produción que esixe o mercado, existe un continuo incumprimento das normativas ambientais e sanitarias na produción agraria, no caso de que exista unha mínima protección, o

que provoca o colapso dos ecosistemas e pon en perigo a saúde pública. Vaise así destruindo e esgotando a terra, a auga e os recursos. Esta depredación encarece o custo de produción, como a pescadilla que se morde a cola, a medida que a explotación avanza guiada pola imbécil obsesión por acumular diñeiro.

Desde hai máis de 30 anos, innu-

merables obsesos e obsesas do sector agroalimentario e hortofrutícola viaxan cada febreiro á capital alemá para presentar os seus produtos e facer negocios na Feira Fruits Logística. Existe unha concentración desta obsesión no estado español que o converte no primeiro país exportador, vendendo no mercado europeo o 80 % das froitas e hortalizas que

produce. Fruit Logística reuniu na edición do ano pasado, 2025, a máis de 91.000 asistentes de todo o mundo, coa participación de 2.600 expositores e máis de 67.000 visitantes profesionais. O estado español, con máis de 260 expositores, foi o terceiro con máis participación a nivel mundial. "España é un mercado clave para Fruit Logística, e cada ano vemos crecer



Freire Anta, S.L.
Agencia Exclusiva AXA
Nº Inscripción 136164
AXA España

T/F +34 986 36 09 55
M +34 607 474 644
freire.anta@agencia.axa-seguros.es

Pza. Manuel Alonso, 5, Bajo A
36380 Gondomar
axa.es



-MENÚ DEL DÍA - COMIDAS Y CENAS-
Plaza Santa Liberata, 7 (Frente a la Iglesia)
36300 baiona (Pontevedra)
Telfn: 986 385965 - 685 135 540



C / San Lorenzo, 22 (Esq. de Diego carmona)
36300 Baiona (Pontevedra)
Telfn: 986 385 115 - 685 135 540

o talento, a innovación e a presenza das súas empresas en Berlín”, mencionou Alexander Stein, director da feira, nunha presentación en Madrid.

Nos 26 pavillóns do recinto feiral berlinés móstrase ás visitantes a imaxe dunha agricultura ecoloxicamente sostible que non se corresponde en absoluto coa realidade sobre o terreo. Mais, non só hipocrísia, imbecilidade e obsesión concéntranse en Berlín, senón tamén ruindade, como sinalou a Asociación Prol Dereitos Humanos de Andalucía (APDHA) que participou nas protestas e accións que, con motivo da Fruit Logística, tiveron lugar en Berlín este febreiro. APDHA, tamén participou nas sesións do Tribunal Popular, nas que se denuncian as condicións laborais e de vida inhumanas, precarias e sen dereitos nas que viven miles de traballadoras/es migrantes do sector.

As entidades participantes nas protestas denuncian que, a pesar de que nesta feira fálanse de innovación, de alianzas, de acordos comerciais e de tecnoloxía, ignórase conscientemente que os grandes réditos económicos que obtén o sector sostéñense sobre a base da vulneración dos dereitos das persoas que traballan os campos. E, neste sentido, APDHA puxo o foco na situación dos traballadores e traballadoras do campo en zonas como Almería e Huelva, quen, ademais de sufrir condicións de explotación laboral, vense obrigadas a vivir en asentamentos chabolistas, sen auga, sen luz, sen acceso a servizos básicos e coas súas vidas en risco como consecuencia da falta de condicións dignas.

APDHA denuncia que “o modelo agroindustrial intensivo sostense sobre os corpos das persoas migrantes en situación de explotación laboral e sobre a base da vulneración dos seus dereitos humanos, ademais dos impactos ambientais irreversibles”. A entidade andaluza considera urxente e necesario denunciar “as prácticas dun sector que obtén importantes beneficios económicos e que pretende seguir crescendo sobre a base da explotación de persoas en situación de vulnerabili-

de”.

Anteriormente, o 21 de xaneiro de 2025, APDH constataba no seu informe Fronteira Sur 2025 graves vulneracións de dereitos humanos nos asentamentos de traballadoras/es migrantes de Almería e Huelva. Cando se presentou, Carmen Vázquez, unha das investigadoras de APDHA que participou na confección do informe, explicou que “aínda que a agricultura intensiva é o motor económico destas dúas provincias, xerando grandes beneficios económicos, as condicións laborais dos traballadores migrantes son sumamente precarias”. Desta forma, “mentres que en Almería contabilízase un 22,3% de poboación estranxeira e en Huelva un 10,57%, as cifras reais poderían ser moito máis altas debido á falta de datos sobre persoas en situación irregular”. A investigadora de APDHA apuntou que “son moitos os problemas que afronta a cotía este colectivo, entre os que destacan infravivendas construídas con materiais refugados como plástico, cartón ou palets, a falta de auga potable, electricidade e saneamentos, a cronificación da situación para as persoas que residen permanentemente nestes lugares, a vulnerabilidade das crianzas, mulleres e mozas ex tutelados, problemas de saúde vinculados a condicións de vida insalubres, a permanente ameaza de incendios, a dificultade para obter atención sanitaria ou problemas para a escolarización das menores”. Vázquez cuantificou en “polo menos 7.000 persoas en Almería e como mínimo outras 5.000 na provincia de Huelva que viven nestas condicións que describimos”.

Como ven sendo habitual o Informe inclúe un Balance Migratorio correspondente ao pasado ano 2024. APDH leva case catro décadas monitorizando a Fronteira Sur, cun sistema de verificación sobre chegadas, mortes e desaparicións que ofrece datos fiables sobre migracións desde 1988 ata os nosos días. Como explica Macarena Olid, vicecoordinadora da APDHA “as políticas migratorias da Unión Europea e do Estado español están a condenar cada ano a miles e miles de persoas a utilizar os roteiros máis perigosos, nas que

deben xogarse a vida a bordo de precarias embarcacións, para exercer o seu lexítimo dereito a migrar, recoñecido como tal na Declaración Universal dos Dereitos Humanos”. O Informe Fronteira Sur rexistrou polo menos 2.465 persoas que perderon a vida ou desapareceron para sempre tentando acceder ao territorio do Estado español durante 2024.

O proceso de selección do departamento de recursos humanos de moitas empresas do Estado español que acoden á Fruit Logística comeza coa superación deses roteiros, adaptación contemporánea do “Pasaxe do Medio” dos antigos barcos negreiros, a viaxe pola que millóns de africanos/as foron enviadas ao novo mundo como mercadería do comercio de escravos/as. O colectivo de defensa dos dereitos das persoas migrantes, Caminando Fronteras, acaba de publicar o Informe Monitoreo Dereito á Vida 2025. O informe alarma que entre o 1 de xaneiro e o 15 de decembro de 2025, 3.090 persoas perderon a vida nos cruzamentos fronteirizos da Fronteira Occidental Euroafricana, incluíndo 192 mulleres e 437 crianzas e adolescentes. A análise exhaustiva dos diferentes roteiros migratorios documenta 303 traxedias, con especial atención a 70 embarcacións que desapareceron sen deixar rastro, sinalando un aumento dos riscos e das condicións extremas nos traxectos.

O informe, do que subtraemos a información que segue, amosa como o aumento das traxedias nas fronteiras do Estado español responde á combinación da omisión do deber de socorro, a activación tardía ou inexistente dos dispositivos de procura e rescate e a falta de coordinación entre os Estados implicados. Estas dinámicas vense agravadas polas políticas de externalización do control fronteirizo, que trasladan a responsabilidade do rescate a terceiros países con recursos limitados, así como polo endurecemento das condicións dos traxectos migratorios, con roteiros cada vez máis longos e perigosos, o uso de embarcacións precarias e sobrecargadas e a emisión tardía de alertas, factores que incrementan de

forma directa o risco para a vida.

Tamén denuncia que existe un aumento e sostemento do financiamento a terceiros países para frear os fluxos migratorios, expandindo a fronteira ata os países de orixe. Estes modelos de externalización levan consigo unha achega económica por parte da Unión Europea e de países a título individual que consolidan espazos cada máis globais e letais que amplían os espazos fronteirizos e multiplican os espazos onde a vida está ameazada.

Na análise dos roteiros, o alxerino cara ao estado español consolídase como o máis transitado e perigoso, superando ao atlántico cara a Canarias. Neste roteiro documéntanse 1.037 vítimas en 121 traxedias marítimas, e a conexión cara a Eivissa e Formentera aparece como un dos cruces de maior risco, con percorridos máis longos e expostos nunha zona onde non hai proactividade dos servizos de salvamento que dificultan as operacións de procura e rescate.

Aínda que en 2025 obsérvase un descenso nas chegadas polo roteiro atlántico cara ás Illas Canarias, que rexistrou 1.906 vítimas, esta redución explícase pola intensificación dos mecanismos de control migratorio e pola externalización de fronteiras cara a terceiros países, non por unha mellora real na protección do dereito á vida.

Este 2025 hai que destacar un incipiente novo roteiro desde Guinea Conakry, un traxecto de aproximadamente 2.200 km, 750 km máis que desde Senegal. Este roteiro é de risco extremo e supón unha travesía de máis de dez días no medio do océano Atlántico.

O cruzamento do Estreito mostrou un aumento significativo de intentos de chegada e traxedias, con 139 vítimas, das cales o 24% son crianzas e adolescentes.

Fóra de toda lei ou dereito laboral, o prezo do alimento ten un alto custe en vidas e depravación debido a un sistema baseado na tiranía da rendibilidade competitiva, xa non do traballo asalariado senón do escravismo moderno e o seu froito.



Peixaría Oia
Do mar á túa casa.
Visítanos!!

Estrada de Vista Alegre, 165 (Oia)



Casa Paco

• Especialidad en Cocido y Cabrito • Comidas por encargo

Entre Baiona y O Rosal, la carretera PO 354 atraviesa la sierra de A Groba, pasando por Chan da Lagoa, O Cortelliño y Torroña, una solitaria localidad con pocas casas entre las que destaca **Casa Paco** famosa desde hace unos años por su gran menú a base de percebes, cocido y cabrito.

Torroña - Santa María de Oia
Teléfono: 986 36 21 71 Móvil: 610 457 510

Val Miñor

O concello de Nigrán programa o seu cuarto ciclo 'Primavera de Jazz' cos músicos galegos de culto

Arranca este sábado 28 de marzo co pianista Yago Vázquez, continuará o 25 de abril co cuarteto 'Noar' de Iago Marta e Rubén Fernández e finalizará o 30 de maio con 'Juzz', banda liderada polo guitarrista Virxilio da Silva. Todos os concertos son con entrada de balde, no Auditorio Municipal, e ás 20:30 horas.

"Levamos 4 anos ofrecendo en Nigrán aos mellores músicos de jazz do país en directo e fora da tempada estival, un auténtico luxo para un público fiel a este xénero musical", explica o alcalde, Juan González.

A Guarda

O Concello de Nigrán abrirá este sábado 28 de marzo co gran pianista vigués residente en New York Yago Vázquez o seu cuarto ciclo 'Primavera de Jazz', un cartel que novamente reúne músicos galegos de culto internacional en tres citas imprescindibles para os amantes deste xénero. Tras este sábado, o ciclo continúa o 25 de abril co cuarteto 'Noar' de Iago Marta e Rubén Fernández e finaliza o 30 de maio con 'Juzz', banda liderada polo guitarrista Virxilio da Silva. Todos estes concertos son no Auditorio Municipal ás 20:30 horas con entrada de balde ata completar aforo e contan co apoio da Deputación de Pontevedra a través da liña 2 'Plan + Provincia'.

"Levamos catro anos ofrecendo en Nigrán aos mellores músicos de jazz do país en directo e fora da tempada estival, un auténtico luxo para un público fiel a este xénero musical", explica o alcalde, Juan González, en referencia ao festival de verán Nigranjazz. "Despois de 19 anos ininterrompidos de Nigranjazz temos xa un público moi

consolidado que demanda concertos en directo o resto do ano e un alumnado da Escola de Música que tamén o reclama, e por iso apostamos firmemente por este festival que, paralelamente, quere promover aos mellores músicos galegos", explica o rexedor.

Yago Vázquez

Este pianista vigués residente en New York é habitual na súa escea musical comeza os seus estudos no Conservatorio de Música de Vigo, e máis tarde estudia en Escola Estudio de Santiago de Compostela e no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra. No 2008 marcha a New York cunha bolsa de estudos para 'The New School for Jazz and Contemporary Music', onde se gradúa con honores no 2010. Alí ten a oportunidade de estudar con profesores coma Junior Mance, Sam Yahel, Kevin Hays ou Jane Ira Bloom.. Na súa carreira tocou con músicos coma Reggie Workman, Billy Harper, Drew Gress, Jeff Hirshfield, Scott Lee, David Schnitter, Jamie Baum, Gilad Hekselman, Joe Martin ou Ingrid Jensen, etc. E actúa nos clubs máis pre-

tixiosos da cidade: Jazz at Lincoln Center, Blue Note, Jazz Gallery, Jazz Standard, Smalls Jazz Club, Smoke, Fat Cat, Birdland, Minton's, etc. Yago Vázquez tamén participa en numerosas xiras internacionais en Alemaña, Suíza, Francia, España, Portugal, Inglaterra, República Checa, Estados Unidos, México, Guatemala, Honduras, Salvador, Nicaragua,

Costa Rica, Chile ou Corea. Resultou gañador do Premio Martín Codax da Música en 2018 e nomeado aos Premios Pulsar 2016 (Chile) e aos Echo Awards 2016 (Alemaña). Yago conta con máis de 30 álbums na súa discografía.

NOAR

Noar é a nova proposta musical de Iago Marta (guitarra) e Rubén Fernández (voz), dous experimentados músicos da escena galega. Procura, creatividade, sutileza e intensidade dun dúo que muda en cuarteto coa incorporación de Yudit Almeida (contrabaixo e voz) e Zalo Rodríguez (electrónica e teclados), para ofrecer un formato máis amplo das músicas de Noar. Coa mesma esencia que caracterizaba o seu derradeiro disco, 'Ao vivo', o seu novo traballo amplía horizontes á canción de autor e ao pop, coas pinceladas de jazz e experimentación que están sempre presentes nos universos musicais deste proxecto.

JUZZ

JUZZ é a banda liderada polo guitarrista galego Virxilio da Silva, un nome máis relacionado nun principio coa escena jazzística, aínda que non só se pode cinxir a ese xénero musical. Virxilio, ademais de ter colaborado en numerosas gravacións e directos como

'sideman' ao longo dos últimos vinte anos, colidera tamén bandas como Foxy Freire, Loiros, Fuzzo, The Manueles ou Steel Sheep, que reflicten a variedade estilística na que este músico se sente especialmente cómodo. As orixes deste proxecto persoal remóntanse aos seus estudos de mestrado en Holanda. Como parte do traballo de final de estudos, Virxilio presentou en 2015 algunhas das composicións que posteriormente gravaría no primeiro LP homónimo do grupo, traballo que vería a luz na primavera de 2018. Nel presentaba os seus traballos máis recentes, froito dos últimos anos de procura e experimentación, unha música cuxas influencias van desde o rock máis psicodélico e ácido de finais dos sesenta até o jazz, pasando polo pop avant-garde máis experimental, o noise ou o stoner. A música de JUZZ ten como máxima a procura da liberdade alén da súa clasificación nun xénero determinado, e aspira, por enriba de todo, a manifestar a súa esencia subversiva. En abril de 2024, o selo lucense de rock progresivo áMarxe publica unha reedición en formato CD do seu primeiro disco, que inclúe material inédito da sesión de gravación orixinal. O lanzamento recibe moi boa acollida entre o público especializado, colleitando

IV CICLO PRIMAVERA DE JAZZ

YAGO VÁZQUEZ TRIO 28/03 **NOAR 25/04** **JUZZ 30/05**

AUDITORIO MUNICIPAL 20:30H.

NIGRÁN **Deputación Pontevedra**

Jumar s.l.
Materiales de construcción

PEDORNES - STA MARÍA DE OIA
TELF.: 986 36 21 09
FAX: 986 36 29 12

New Tekes
Bocatería - Cafetería

Telfs.: 986 36 98 66
628 11 56 34 Ana
newtekes@gmail.com
c/ Diego Sarmiento Acuña, 12
36380 Gondomar

FRUITAS VILAR PATACAS

Fruterías en Vigo e Feiras de Padrón,
Redondela, Sabarís, Tomiño e os
xoves no mercado municipal de Tui

La Vitrola
RESTAURANT

C/ Rosalía de Castro, 11 GONDOMAR
Tel.: 986 36 99 83 Móvil: 606 897 159

O PP de Tui acusa ao concello de causar danos significativos aos tilos da praza da Inmaculada coas obras da Corredoira e ser o responsable da súa tala

Os populares revelan que os informes técnicos cos que xustificaron a súa corta confirman que non se respectaron as medidas de protección durante os traballos e acusa ao executivo de agochar estes feitos.

O voceiro municipal, Nico Montes, anuncia que van pedir toda a documentación e, chegado o caso, pedirán responsabilidades políticas pola perda destes activos ambientais e pola súa negligencia na obra.

Tui

O grupo municipal do PP de Tui vén de acusar ao Concello de ser o responsable dos danos nos emblemáticos tilos da Praza da Inmaculada e da súa posterior tala ante o risco de caída, xa que os mesmos foron provocados polas obras de humanización do Paseo da Corredoira e da rúa Augusto González Besada, segundo se detalla no informe técnico da Estación Fito-patolóxica de Areiro -dependente da Deputación de Pontevedra- co que o goberno local xustificou a súa corta.

Os populares revelaron que os citados informes técnicos deixan ben claro que as obras "non respectaron a integridade destas árbores nin adoptaron as preceptivas medidas de protección sobre as mesmas" e cita especificamente que estes traballos provocaron "danos significativos" nestes exemplares. En concreto, sinalase que houbo raíces principais "seccionadas pola maquinaria", con



Imaxe das talas

feridas de máis de 15 centímetros, que os alcorques estaban cheos de cemento e restos de obra, que a cota da plantación era inferior á precisa para a súa supervivencia e que incluso ha-

bía "garrafas de gasolina no interior dos alcorques".

Ante esta situación, o PP tudense acusou ao goberno local de empregar os informes técnicos para xustificar a corta dos catro tilos, pero de agochar á cidadanía que o deterioro destas árbores estivo directamente relacionado coa execución dunha obra impulsada polo Concello, na que non se adoptou medidas de protección nin se realizou a correspondente labor de supervisión, responsabilidade última do executivo de Enrique Cabaleiro.

Ademais, os populares consideran que o goberno centrou a súa explicación pública nas patoloxías e pragas mencionadas no informe, omitindo que o propio documento vincula a perda de estabilidade aos danos producidos durante as obras e ás mutilacións do sistema radicular.

O voceiro municipal, Nico Montes, anunciou que a súa formación vai pedir todos os informes e a documentación deste caso, xa que desvelou que

algún foi solicitado con posterioridade á produción dos danos nestes exemplares. "Fíxose unha obra a machado, sen respectar para nada estes activos ambientais que acabamos de perder para sempre e cambiando a fisonomía dun punto de encontro moi querido pola cidadanía. E despois da desfeita, cando xa sabían da estocada mortal que lle inflinxiron a estes exemplares, puxéronse a pedir os informes, polo que todos os tudenses temos dereito a saber que pasou e, chegado o caso, pediremos as responsabilidades políticas que correspondan", indicou o concelleiro popular.

Finalmente, indicou que, ademais a obvia responsabilidade do Concello, da construtora e da dirección de obra, houbo "moi pouca sensibilidade" para tratar de salvar e recuperar estes tilos por parte do goberno socialista e contrapuxo esta corta dos exemplares cos intentos que fan moitos concellos por conservar as súas árbores máis emblemáticas cando sofren patoloxías.

Aberta a inscrición para a Carreira Popular Solidaria de San Telmo II Memorial Xosé Tato

Celebrarase o sábado 11 de abril coincidindo coas Festas de San Telmo

Tui

Dende hoxe, 11 de marzo, e até o

martes 7 de abril está aberto o prazo de inscrición para a Carreira Popular Solidaria de San Telmo II Memorial Xosé Tato organizada conxuntamente polo Club Atletismo Tui e o Concello

de Tui.

A carreira comezará ás 11 h para as categorías senior, xuvenil, junior e veteranos cunha distancia de 6.225 metros nun circuíto urbano. Unha hora despois será a quenda dos cadetes e in-

café bar

A cultural de Guillarei

sala de xogos - terraza - bocadillos

A Gándara-Guillarei-Tui 627 407 853

ROCHA
SUMINISTROS

SUMINISTROS PARA LA CONSTRUCCIÓN

www.rochasuministros.com

✉ C/José Mª Sexto 31, A Gándara
36780 A Guarda, Pontevedra

@ info@rochasuministros.com

☎ Tfns. 986 61 42 90 y 673 839 881



MAPFRE

Manuel Angel Pereira Ferreira

Telf.: 986600616

Mvl.: 617021474

Fax.: 986607550

Rúa. De La Concordia, 4 36700
Tui (Pontevedra)



fantís con 1.600 metros, ás 12-15 h os alevíns con 700 m, ás 12.30 h benxamíns cun percorrido de 350 m. Os máis pequenos pecharán esta proba deportiva cun percorrido de 175 metros para os prebenxamíns ás 12.45 h, e de 80 metros, para os pitufos ás 13 h.

A inscrición é gratuíta. A proba ten carácter solidario polo que momento de recollida do dorsal realizarase a "Ope-



ración Quilo" coa entrega de 1 quilo de alimentos non perecedoiros que serán doados a SOS Tomiño - Baixo Miño.



Fraga aperturista

opinión

Aarón Franco, xornalista

Hai que ter valor e descaro. Ir ao Parlamento de Galicia e dicir que Fraga Iribarne tivo unha etapa "aperturista", como fixo a deputada do PP Paula Prado (Vendex), non é unha reflexión histórica, é o intento consciente de lavar a cara de quen morreu coas mans manchadas co sangue.

Fraga non foi un espectador do franquismo. Foi un dos seus ministros.

Ministro de Información e Turismo. É dicir, o encargado da censura. O responsable político dun aparato que controlaba prensa, radio, libros e cinema. Nun país onde escribir algo incómodo podía significar secuestro editorial, multas ou cárcere.

Ese é o primeiro dato.

Segundo dato: en 1963 o réxime fusilou

a Julián Grimau, militante comunista xulgado nun consello de guerra. A ditadura recibiu presión internacional enorme para evitar a execución. Quen saíu a defender a imaxe do réxime no exterior? O ministro Fraga. O mesmo que agora nos presentan como "aperturista".

Terceiro dato. Ano 1976. Fraga é ministro de Gobernación. Policía e orde pública baixo o seu mando. Durante unha folga en Vitoria-Gasteiz, a policía entra nunha igrexa onde estaban reunidos traballadores e dispara. Cinco mortos. Centos de feridos. Aquela represión coñécese como a matanza de Vitoria.

Ese é o "aperturismo".

E por se alguén esqueceu o clima político daquela época, a frase que quedou para a historia foi: "La calle es mía."

Non é unha metáfora. É unha forma de entender o poder.

Agora traslademos isto a Galiza. Durante anos construíuse un relato oficial arredor de Fraga como o estadista, o presidente que modernizou o país, o patriarca da dereita galega. E mentres ese relato se consolidaba, o outro quedaba agochado: o ministro da ditadura, o home do aparello represivo, e xa non falemos do narcotráfico porque non hai espazo para tanto.

Agora dan un paso máis, a señorita Paula Prado (Vendex) di que aquilo foi aperturismo.

Unha operación política na que se logra converter un ministro franquista nun reformista incomprensido, xa tes medio camiño feito para relativizar todo o demais. A censura convértese en contexto histórico. A represión en

exceso puntual. A ditadura nun sistema con matices.

Así funciona o branqueamento. Galiza debería ter memoria dabondo para non entrar nese xogo. Este país tivo alcaldes fusilados, sindicalistas perseguidos, mestres expulsados das escolas e militantes obrigados ao exilio.

O franquismo non foi unha teoría. Foi medo, cárcere e morte.

O problema é que, en pleno 2026, a dereita que goberna Galicia segue sen ser capaz de chamar ditadura á ditadura. E cando unha democracia non é capaz de dicir a verdade sobre o pasado, o futuro convértese nun lugar bastante perigoso.

Xa o dixo aquel vello republicano no exilio: "Fascistas coñecín moitos, pero fascistas como tal coñecín dous: Calvo Sotelo e Fraga Iribarne".

A parvada do mes Anotop at "PSOE e BNG convertéronse nunha esterqueira moral de borrachos e putañeiros"

Paula(regalos da hostia) Prado
deputada do PPdeG

MANEL RIVEIRO
PELUQUER@S · ESTÉTICA
30 AÑOS
DESDE 1995
986 621 077
Avd. Ordóñez, 27
36750 Colón - Tomiño
Pontevedra

Orientalia
gabinete
psicología · psicopedagogía · logopedia
Bibiana Álvarez Magallanes
Psicopedagoga Col. nº 6652
699 34 30 50
gabinete.orientalia@gmail.com
Camiño do Alivio 8, Tomiño

Casa Telleiro
DESDE 1984
CASA TELLEIRO, EN TOMIÑO, A CARÓN DO
SANTUARIO DE SAN CAMPIO DE FIGUEIRÓ

986 621 298

8M En Camposancos

Un ano máis a Entidade Local Menor de Camposancos quixo celebrar o 8 M de maneira especial. E como as últimas ocasións fíxoo cunha preciosa exposición de figuras representativas da muller da parroquia. Desta volta centrouse nas mulleres que traballaron no serradoiro da Pasaxe. Velaí van as imaxes



Mueble juvenil
Armarios empotrados
Tapizados
Mediciones
Proyectos

MS
muebles
descanso

www.mueblesousa.com
 sousamuebles@gmail.com

Rúa Galicia, 52 - 36780 A GUARDA
 Tel./Fax: 986 61 04 07

Talleres Jocar
 Taller - Mecánica - Chapa - Pintura

620 898 021
 E-mail: talleresjo-car@hotmail.com
 Ctra. San Roque, 62 bajo - 36789 A Guarda (Pontevedra)

grupo
Cromata s.l.

- Pinturas
- Barnices
- Armarios Empotrados
- Tarima Flotante
- Papel decorativo

MONTA
Pinturas

c/ Baiona, 9 bajo B A Guarda (Pontevedra)
 Telf./fax: 986 610 108 cromata@mundo-r.com

LAVANDERÍA
ALFOMBRAS - MANTAS - FONDOS - ETC.

TINTORERÍA
MOISÉS
LAVANDERÍA

986 610 503
 Concepción Arenal, 34. A Guarda

RenovaPhones
 Reparación y venta de telefonía
 Informática y Consolas
www.renovaphones.es
 Venta de Consolas de segunda mano

MÁSMÓVIL
XIAOMI

C/ Concepción Arenal nº36 bajo - 36.780 - A Guarda - Telf: 986184101 - info@renovaphones.es

Master A Guarda e Master Tomiño: A vangarda da tecnoloxía dos electrodomésticos a carón das nosas casas, e ao dispor de calquera economía

“Calquera cliente que nos distinga coa súa confianza pode ter a tranquilidade absoluta da calidade e a solvencia dos nosos produtos”

Gabino Estévez, xerente

Gabino é un mozo de Sanguinédra ao que os camiños da vida levaron a abrir un negocio de electrodomésticos, da cadea Master, na Guarda hai máis de 25 anos. Hoxe dirixe 3 tendas desa mesma cadea: Dúas no Baixo Miño, A Guarda e Tomiño, e outra na parroquia de Teis, na rúa Sanjurjo Badía da cidade de Vigo. El ten unha visión comercial coa que coincidimos: o comercio local de proximidade dá vida aos barrios, crea economía circular e contribúe a construír unha sociedade máis xusta na que todos nos axudemos a todos. Despois de tantos anos de amizade e colaboración co noso medio de comunicación foi un pracer conversar con el e coñecelo un pouco mellor.

Gabino queremos coñecerte un pouco mellor

Ben pois eu nacín en Sanguinédra, no concello de Mos. E os camiños da vida trouxéronme ao Baixo Miño. Teño tenda na Guarda, en Tomiño e no ano 24 abríñ unha terceira na rúa Sanjurjo Badía de Vigo. Eu vivo no Rosal

Como acaba un mozo de Sanguinédra vivindo e traballando na comarca do Baixo Miño?

O negocio dos electrodomésticos xa vén de familia. O meu primo, que para min foi case como un padriño, tiña unha tenda no Porriño. Eu comecei traballando con el alí e aprendendo o oficio. Despois de facer o servizo militar, considerou que xa estaba preparado para levar unha tenda propia e empezamos a buscar unha localidade onde abrir. Finalmente decidimos apostar pola Guarda e abríñ a tenda no ano 1999.

Polo tanto, levas xa máis de dúas décadas na Guarda.

Si, xa son 27 anos. Ao principio estaba vinculado á empresa familiar, pero co paso do tempo desvinculeime e no ano 2016 fundei a miña propia empresa, Gabinete de Electrodomésticos, aínda que na práctica a tenda xa funcionaba independente á do meu padriño.

Foi acertada a decisión de apostar polo Baixo Miño?

Para min, totalmente. Tanto a nivel persoal como profesional. Cheguei a unha localidade onde me sentín moi ben acolido e o negocio foi funcionando. Despois de tantos anos coa tenda aberta, a valoración só pode ser positiva.

Cando abriches a tenda de Tomiño?

No ano 2004. Xa tiñamos persoal para o reparto e vimos que podíamos atender tamén esa zona. Ademais, Tomiño queda moi preto da Guarda e tiña sentido ampliar o servizo. É unha tenda máis pequena, pero tamén funciona ben.

E a tenda de Vigo?

Abrímol a recentemente, no ano 2024, así que agora mesmo estamos no primeiro ano de actividade.

Como valores este primeiro ano en Vigo?

Alí partimos de cero, porque son un completo descoñecido nesa cidade, pero pouco a pouco imos abrindo camiño pola traxectoria do nome da tenda e dándonos a coñecer todos os días un pouco máis.

En que zonas traballades principalmente?

Sobre todo no Baixo Miño: A Guarda, Tomiño e O Rosal. Tamén facemos entregas puntuais noutras zonas, ás veces para clientes que teñen segunda vivenda ou que xa nos coñecen de aquí. Agora, coa tenda de Vigo, tamén podemos coordinar entregas desde alí cando convén.

Vendes máis gama alta, media ou baixa?

Hai de todo, porque non nos podemos pechar a unha soa gama. Pero o que máis se vende é a gama media, que ofrece boa relación entre calidade e prezo. Os clientes buscan iso: un produto fiable sen que o prezo se dispare. En calquera caso os clientes que nos distingan coa súa confianza poden ter a tranquilidade absoluta de que compren o que compren a calidade e a solvencia do produto está garantida.

Tedes servizo a domicilio e servizo posvenda verdade?

Si.

En que consiste o servizo posvenda?

Teño un técnico de reparación de todo tipo de electrodomésticos tanto na tenda como a domicilio, é unha persoa na que confío e ten un trato excelente para os clientes.

Que electrodomésticos teñen máis saída?

As lavadoras e os frigoríficos son os produtos máis demandados durante todo o ano. Despois hai outros máis estacionais:

no verán aumentan moito os aparatos de aire acondicionado ou ventilación, e no inverno todo o relacionado coa calefacción. Tamén os lavalouzas e as televisións.

Que ofrece o comercio local fronte ás grandes superficies ou ás compras por internet?

Sobre todo o asesoramento e o servizo posvenda. Aquí o cliente pode ver o produto, tocar, preguntar e recibir explicacións claras. Ademais, se hai algún problema, non ten que chamar a un número de teléfono impersoal nin tratar con alguén que non coñece e esperar moito tempo a ser atendido nunha chamada telefónica. Nós encargámonos de xestionar todo e iso dá moita tranquilidade.

A venda en liña afectou ao teu negocio?

Si, sobre todo no pequeno electrodoméstico: cafeteiras, espresadores ou outros aparatos pequenos para a casa. Nese ámbito si se nota máis a competencia de internet e de plataformas como Amazon. Nos grandes electrodomésticos, en cambio, a xente segue valorando poder velos e recibir asesoramento.

Que é o que máis che gusta do teu traballo despois de tantos anos de experiencia?

O trato coa xente. Gústame explicar as cousas, asesorar e que o cliente entenda ben o que está mercando. Cando ves que alguén aprecia esa explicación e confía en ti, resulta moi gratificante.

Tivestes problemas de morosidade ou de seguridade nestes anos?

Atracos, afortunadamente, ningún. Morosidade houbo algo máis ao principio, cando era máis habitual pagar a prazos directamente na tenda. Agora traballamos con financeiras para ese tipo de operacións, así evitamos riscos e aseguramos o cobro.

Recorre moita xente ao pago financiado?

Non moito, só para electrodomésticos grandes, aproximadamente un 10% das vendas.

Cantas persoas traballan nas tres tendas?

En total somos sete persoas.

E que futuro ves para o negocio cando te xubiles?

Iso nunca se sabe. Teño dous sobriños que, polo menos pola idade, poderían continuar no futuro. Pero de momento sigo con ganas e ilusión. A xubilación aínda queda lonxe eu teño 52 anos.



Deliquencia Floral

CITA PREVIA

Telf.: 986 621 110
667 932 855
C/ Centinela
36750 - GOIAN

COOPERATIVA

PORTA DO RÍO MIÑO

A Lomba, 49 - O Rosal

Teléfono 986 625 242 - Fax: 986 626 370

Carnes o Rosal

Teléfono 986 626 158
Fax 986 625 721
carnesorosal@gmail.com

Caselas, 32 B
36770 O ROSAL
(Pontevedra)

Mobilizacións en defensa do ensino público

“As recentes mobilizacións amosaron que existe un clamor social en defensa do ensino público”

Iria Salvande, presidenta de FOANPAS

A finais do pasado mes de febreiro milleiros de persoas tomaron as rúas para defender a necesidade de que a administración autonómica dote ao ensino público galego de recursos económicos e humanos suficientes, para que os nenos e as nenas poidan recibir unha educación de calidade nos distintos centros públicos do noso país.

A educación é un dereito humano básico que o partido popular pon e perigo ao non dotar á rede de centros públicos dos recursos necesarios. Desde A Nova Peneira tamén defendemos a educación privada, claro que si, pero financiada integramente polas persoas que teñan interese en ser as súas usuarias. O 100% dos cartos que a administración destine á educación deben de ir ao ensino público. Só desesa maneira se pode asegurar que os fillos e fillas de familias con poucos recursos teñan as mesmas oportunidades que quen si teña posibilidades para sufragar un colexio ou unha universidade privada.

Nós conversamos con Iria, a presidenta da federación viguesa de nais e de pais, para coñecermos a súa valoración ao respecto das mobilizacións e do estado xeral do ensino en Galicia.

Que valoración fas das recentes mobilizacións en prol do ensino público?

A valoración é moi positiva. Foi unha demostración de que existe un clamor social en defensa do ensino público e de que hai moita preocupación polo rumbo que está a tomar o sistema educativo. Levabamos tempo traballando desde as ANPA e as federacións de familias da comarca Morrazo, Vigo, Redondela, Val Miñor e Pontearreas na defen-

sa do ensino público e, sobre todo, dunha inclusión real do alumnado nas aulas.

Cales fon os motivos que as impulsaron?

-Problemas de inclusións de alumnos e alumnas.

-Deficiencias estruturais de moitos centros de ensino.

-Insuficiente achega de persoal e de recursos necesarios para ter un ensino digno.

Hai realmente deficiencias na inclusión do alumnado con necesidades educativas?

Si, hai moitas deficiencias. Desde FOANPAS impulsamos incluso unha iniciativa parlamentaria que está pendente de ser debatida no Parlamento galego. O que denunciámos é que non se está cumprindo coas directrices internacionais da ONU en materia de inclusión educativa.



Última manifestación pola ensinanza en Vigo

Actualmente o modelo que promove a Consellería aposta por crear aulas específicas para alumnado con necesidades educativas especiais, separándoos do resto do alumnado. Iso, segundo a ONU, supón unha forma de discriminación.

Por que consideran que ese modelo é inadecuado?

Porque na práctica significa apartar ese alumnado, facer guetos. Créanse grupos separados onde reciben clase só entre eles e non participan na dinámica habitual da escola.

A educación non é só aprender contidos académicos; tamén é socializar, convivir cos iguais e formar parte da comunidade educativa. Se separas a ese alumnado, estás privándoo dunha parte fundamental do proceso educativo e de igualdade.

É un modelo exclusivo de Galicia ou é un modelo que tamén se dá noutros territorios do Estado Español?

Non. É un modelo que existe noutros lugares do resto do Estado pero

que xa foi abandonado en moitos sistemas educativos. En comunidades como Cataluña, Euskadi ou Asturias apostouse claramente pola inclusión real nas aulas ordinarias e desbotaron este modelo.

En Galicia, con todo, a Consellería da Xunta segue defendendo este modelo porque resulta máis barato en termos de recursos, con dous PT e un AL teñen o problema resolto, deberían de ter un PT (Pedagogo Terapeuta) por aula.

Ademais da inclusión, que outros problemas detectades no ensino público?

Hai varios. Por unha banda, o abandono das infraestruturas escolares. Hai centros con décadas de antigüidade nos que practicamente non se inviste nada.

Por outra banda, tamén hai unha clara falta de recursos humanos e materiais para garantir unha educación de calidade. Unímonos por este motivo ao profesorado que crearon unha plataforma e unificamos as súas reivindicacións coas nosas.

Nivaria
centro de fisioterapia

Alberto Carrera Blanco
Nº Colex 2328

Rita Cabeza González
Nº Colex 2294

Tel/Fax: 986 622 839
Móbil: 677 040 683

fisionivaria@gmail.com

Rúa Gondomar 59 baixo C.C.P. 36740
Tomino-Pontevedra.

Café SORAYA Bar

SELLADO
QUINIELAS
BONO-LOTO
PRIMITIVAS

SORAYA
Xunto á igrexa de Zamáns

CAFETERÍA
Bò Catar

Martes a Domingo de 8:00 de la mañana a cierre
Gregorio Espino 48 - VIGO
Tel.: 669 522 169

Xuntámonos para saír ás rúas e dar visibilidade ao abandono e o desleixo que hai co ensino público por parte das administracións.

Ese abandono reflíctese no estado dos centros educativos?

Si. Hai centros con problemas estruturais, con filtracións ou instalacións moi antigas.

Pero tamén queremos deixar claro que, malia estas dificultades, o ensino público segue ofrecendo unha educación de gran calidade por enriba do ensino privado e concertado, sobre todo grazas ao esforzo do profesorado e das familias.

Por que non aceptades o acordo que asinou a consellería con algúns sindicatos?

O acordo foi asinado por algúns sindicatos, como CCOO, UXT e ANPE (Sindicato do Profesorado). Desde FOANPAS respectamos as

negociacións laborais do profesorado, pero o que non pode ser é que melloras laborais se fagan á custa de reducir recursos educativos ou da atención ao alumnado, estas melloras para o profesorado teñen que vir dotadas con persoal para cubrilas.

Volvamos ás mobilizacións; onde se desenvolveron?

Houbo mobilizacións en varias localidades: Vigo, Redondela, Cangas, O Porriño e Pontearreas. Nalgúns casos incluso se organizaron marchas entre concellos, como a que uniu Mos e O Porriño.

Que participación tiveron?

Foron mobilizacións multitudinarias. En Vigo, segundo a Policía Local, participaron máis de 8.000 persoas, aínda que desde a organización calculamos que foron máis de 10.000.

Noutros lugares tamén houbo unha participación moi significativa, con arredor de 2.000 persoas de media.

Contastes co apoio dos partidos políticos?

Nas mobilizacións participaron representantes políticos a nivel persoal e houbo presenza de cargos do BNG, da CIG e de STEG, son os que estaban e sacaron comunicados ao respecto.

Desde o Concello de Vigo non tivemos apoio, nin nos prestaron o auditorio para facer a rolda de prensa.

Que pode pasar nos próximos anos se non cambia a situación?

Hai programas europeos que están financiando parte do persoal de apoio educativo como son o PROA e o PROA PLUS. O problema é que eses programas son temporais e a ver que pasa cando rematen. Se desaparecen e non se consolidan

esas prazas de PT e AL, podemos atoparnos cun sistema educativo con menos recursos dos que tiñamos inicialmente. Estes recursos de Europa viñan como reforzos e o que fixo a consellería foi eliminar prazas e cubrilas con estas. Así que non hai tal reforzo

Hai previstas novas mobilizacións?

Si. As mobilizacións continuarán se non hai cambios. Xa se celebraron protestas en diferentes cidades e houbo tamén unha gran manifestación en Santiago de Compostela o día 28 de febreiro, convocada pola Plataforma en Defensa do Ensino Público que está composta por sindicatos, partidos políticos e ANPAS galegas.

Agora estamos mantendo reunións coas ANPA de toda Galicia para decidir os próximos pasos.

O BNG de Vigo reclama a Caballero medidas para incentivar a matrícula nos colexios públicos da cidade

A fronte nacionalista propón que o Concello realice campaña animando a matrícula nos colexios públicos, retire o catálogo de centros privados do portal escolar municipal e bonifique nas axudas de comedor e libros de texto ao alumnado dos centros públicos

Sinala que en Vigo hai máis de 1.200 prazas dispoñíbeis nos centros públicos, algúns con matriculación moi baixa e que padecen recortes de liñas e persoal por parte da Xunta por falla de alumnado

Xabier P. Igrexas: “Cunha man o Caballero di defender o ensino público e coa outra faille a campaña de márketing á privada, como vén de facer coa proposta de outorgarlle nada menos que Medalla da Cidade ao colexio das Carmelitas”

Coincidindo co inicio do período de matriculación escolar, o Bloque Nacionalista Galego (BNG) de Vigo vén de demandar ao Concello a posta en marcha dunha campaña para animar ás familias a matricular os seus fillos e fillas nos colexios públicos da cidade.

O portavoz municipal do BNG de

Vigo, Xabier P. Igrexas, sinalou que “é contradictorio e incomprensíbel que o Goberno de Abel Caballero diga que aposta polo público mentres practica, igual que o PP, unha falsa equiparación cos centros privados concertados”. Igrexas engadiu que “cunha man o Caballero di defender o ensino público e coa outra faille a campaña

de márketing á privada, como vén de facer coa proposta de outorgarlle nada menos que Medalla da Cidade ao colexio das Carmelitas”.

O BNG reclama, en primeiro lugar, a retirada inmediata do catálogo de centros privados do portal escolar municipal, advertindo que unha web pública non pode converterse nunhas “páxinas amarelas de balde” para o negocio de centros privados, moitos deles vinculados a confesións relixiosas.

Ademais, a fronte nacionalista propón que as axudas municipais –de comedor, libros e material escolar– inclúan, a través dun programa específico, unha bonificación para o alumnado da rede pública. “Non se trata de castigar o alumnado e as familias dos centros privados, senón de apoiar con maior decisión os colexios públicos e estimular a matrícula ne-

les”, subliña Igrexas.

1.200 prazas dispoñíbeis

Os datos reforzan esta iniciativa: en Vigo hai máis de 1.200 prazas dispoñíbeis nos centros públicos, algúns con matriculación moi baixa e que padecen recortes de liñas e persoal por parte da Xunta, precisamente, coa excusa da falta de alumnado. Para o BNG, “o Concello non pode colaborar, desde unha falsa neutralidade, en manter o réxime de concertos privados que alenta o PP, mentres a rede pública ten capacidade para máis alumnado”.

“Da mesma maneira, e coa mesma contundencia con que rexeitamos o transvasamento de diñeiro á sanidade privada, o BNG vai defender o sistema educativo público con feitos. Porque defender o público non son palabras, é priorizar o que é de todos e de todas”, remacha Igrexas.



Servicio técnico de
reparación de electrónica



886 305 377/623 146 595



info@dsatvigo.com



www.dsatvigo.com @_d_satt



C/ Ecuador, 30-Bajo, Vigo-36203

Horario: Lav 9:30-13:30 16:00-19:30



986 49 12 60

1ª edición da entrega de premios Antiviguesas Distinguidas

O pasado xoves 12 de marzo celebrouse, nun céntrico local do casco vello vigués, a 1ª edición da entrega de premios “Antiviguesas Distinguidas”. O evento estivo organizado por Ecoloxistas en Acción en colaboración con distintos colectivos que traballan en prol do ben común: Greenpeace, FAVEC, Sindicato de inquilinas de Vigo...

Estes premios nacen con vocación de continuidade e, dado o enorme éxito que tivo esta primeira celebración, teño a convicción de que a continuidade está asegurada. O obxectivo dos premios é recoñecer o traballo de distintas asociacións e colectivos que tratan de achegar a súa contribución na construción dun modelo de cidade máis amable, ecolóxica, humana e xusta.

Este premio non ten intención de minusvalorar nin moito menos a aqueles e aquelas que no pasado, no presente e no futuro sexan galardoados coa distinción de vigués distinguido, o que pretenden é amosar en clave de humor que moitos outros modelos de cidades son posibles e que quen confunde a súa visión persoal da realidade coa realidade non está nin moito menos no lado correcto da historia.

Estes premios nesta edición en concreto diferenciaron tres categorías distintas, cada unha das cales recibiu o seu galardón:

-A categoría “Outro modelo de cidade” premiou a asociación “Beiramar da Xente”. Eles son un conxunto de colectivos que teñen como obxectivo defender e preservar o patrimonio industrial da nosa cidade

-A categoría de “medio ambiente” premiou a “Amigas das Árbores”. Eles son un colectivo que defende a importancia vital que teñen as árbores e os espazos verdes na construción de calquera cidade. E abofé que tendo e conta as pulsións arborícolas do alcalde Abel Caballero a tarefa desta asociación é a todas luces titánica.

-A categoría “Xustiza social” recoñeceu ao Foro Socioeducativo As Ninguéns pola súa heroica loita contra a pobreza e a exclusión social logrando que en moitas ocasións se poida visualizar aos que a administración prefire non ver, e darlle voz á quen habitualmente non a ten.



Manu Santos de Greenpeace e Cristóbal López de Ecoloxistas en acción



Os ninguéns recollendo o seu premio

Os poemas de Mar Míguez A Rosalía



Cazu de xeonllos
Mirando pra terra
As bágoas insolentes
Asolagando as meixelas
Gritoulle ao vento...
Que feliz ti seprás!!!
...Que non extrañas a terra
E que eu desexo voltar!!
Rosalía pzsarosa
Escoitou tanxer as campás
E chorou para os seus adentros
Dende as ribeiras do Sar,
Foi se camiñando amodiño
Igual que a viran chegar
Foi se facendo verbas
Que nos habían de namorar.
Mira que un día Rosalía
Grande figura seprás
Recitaranse os teus poemas
E dirase con grande afán
Que grande foi a nosa poeta
Tan grande o amor
Tan fondo o pesar.

Café - Taberna Tenda Exprés



Laura

Vending 24 horas


Estrada de Zamáns, 219
Teléfono: 986 468 365
Móbil: 670 062 376



Mecánica del Automóvil - Cambio de Aceite y Filtros
Puesta a punto y Control encendido - Alineado de Dirección Electrónico
Alineador al paso Comprobación equipos inyección y A.B.S.
Ruiseñor, 13 - CALVARIO - VIGO
Telf: 986.37.65.70



A primavera chega a Moliner



newcompany
mouliner
VENTA Y DISTRIBUCIÓN DE
REGALOS Y JUGUETES



Polígono A Granxa
259-Nave, 6

O Porriño

986 346787
visita a nosa web:

info@jmouliner.com



Retrato da envexa política hoxe

opinión

Manuel Alfonso Estévez, fillo de Fornelos da Ribeira

As campás de San Xoán de Fornelos

Me queren de veras,

Dende cando fun nado

E chorarán por min cando morra.

n tódalas aldeas por moi pequenas que sexan, sempre encontramos unha igrexa ou unha capela con elementos identificables singulares como as campás. É, non hai outro instrumento metálico de forma de "copa invertida" que soe por percusión, composta de 78 partes de cobre e 22 de estaño, a que se lle engade zinc.

Narrar a historia das campás en xeral, direi que foi utilizada polos persas, gregos e romanos, na Idade Media, con fins militares. Logo, utilizadas

pola Igrexa, para convocar os fieis aos oficios relixiosos, sendo tamén mensaxeira doutras finalidades. "Louvar a Deus", chamar o pobo, chorar polos fillos defuntos, fuxida de tempestades, queimar raios e excitar aos preguizosos.

O son metálico eco, sabe levar acento lacrimoso ou alegría cando anuncia as romarías e festas. Lembremos os programas co volteo xeral das campás e o final, o disparo dos foguetes...

Lémbrome dos toques das campás a misa, a diario, nos festivos, toques de

clamor cando as campás choran en enteiros, ou cando se quedan en silencio no Xoves Santo, e estalan co toque de "Gloria", etc.

Estas campás da Igrexa de Fornelos da Ribeira, durante tempos tiveron un significado especial, no toque de nubes, polas traxedias temidas e terribles na época dos nosos bisavós, avós e avoas, con nubes de primavera e verán que ameazaban en grande cos trebóns e pedrisco.

Sementando a ruína das colleitas.

As ovellas asustadas, os vello de xeóns, temerosos, rezaban ao santos avogados contra as tormentas. Aos santos de pedra...

O son das campás, que durante séculos foron o código de sinais, indicando os sucesos cotiás, o Alba, o mediodía, a oración, comunicando mediante volteo, chegando ata os recanto da aldea.

Se efectuaban as sete da mañá, as doce do mediodía, e no momento de dar a última volta o pucheiro, antes de levarlle a comida o marido ao prado onde estaba traballando.

Había o toque de arrebatos reservados aos incendios, pestes e guerras efectuados con rapidez para resaltar a emergencia do desastre.

As campás da Igrexa de San Xoán de Fornelos, foron a principal fonte de comunicación dos nosos antepasados, e seguen alegrando as festas e romarías, ou chorando polos mortos. Elas, marcaron o ritmo de vida na freguesía.

Repenicaron tódolos domingos alertando dos perigos, cantaron alegrías, vodas, bautizos, aliviaron as despedidas, da agonía e dos mortos, modulando os sentimentos e as emoción dos veciños dende tempos inmemoriais.



MENTA POLEO
arte en flor

Servicio 24horas.

+34 629 505 958 | +34 986 659 288

Rúa Galicia, nº 2 36450 Salvaterra de Miño

info@mentapoleoartenflor.com

www.mentapoleoartenflor.com

LEIRAUTO TALLER
Talleres Leirauto S.L.L.

MECÁNICA EN GENERAL
CAMBIO DE LUNAS
MANTENIMIENTO
NEUMÁTICOS
PRE ITV ...

986 657 255
648 606 300

leirauto@gmail.com
San Roque 5B 36457
Leirado - Salvaterra

Joyería - Relojería
SANTATERESA

C/ Progreso, 80 - 36880 A CAÑIZA
Teléfono: 886 155 560
Mail: santatareixa@hotmail.com

Aridos do Mendo, s.l.

Mendo
áridos e formigóns

Tif.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos e Formigóns

O Actor das Neves Juan Luis Lage representa no auditorio do Concello

“A valoración da representación foi enormemente positiva. Encantárame repetir pronto”

Juan Luis Lage, actor

O pasado domingo 8 de febreiro o actor das Neves Juan Luis Lage representou no auditorio municipal a obra “ Parece que foi Schrödinger”.Esta é unha obra de grande complexidade técnica na que un só actor ten que asumir cinco papeis diferentes, todos eles moi distintos entre si, nun moi curto espazo de tempo, pois a duración da obra é de entre 30 e 45 minutos. O éxito da función foi notable. O auditorio Jose Gil estivo practicamente ateigado de público que gozou coa grande calidade interpretativa deste mozo das Neves que con moito talento e ilusión pretende facerse un oco no difícil mundo da interpretación ata poder converter a súa paixón, interpretar, na súa forma de gañarse a vida.

Nós aproveitamos a representación para conversar con el sobre esa función en particular, e sobre os seus plans de futuro no mundo do teatro.

No mes de febreiro fixeche unha representación no auditorio de As Neves. Que obra foi ?

Representei a obra “Parece que foi Schrödinger”. Fixémola a través do circuito “ Máis escénicas”, un programa da DEPO. Contratoume o Concello de As Neves

A valoración?

Enormemente positiva. Superou as miñas expectativas. O auditorio do Concello estaba practicamente cheo.

A representación fixéchela ti só, ou con máis actores ou actrices?

Fixena eu só

Caramba, e canto dura a representación?

A idea é que dure arredor de 45 minutos. Ese día durou sobre 30, porque o primeiro día de representación os tempos son un pouco máis complicados.

Non é un pouco complicado para un actor representar el só?

Pode parecer que si. Pero en realidade para min é máis cómodo porque non dependo de ninguén para os ensaios.

O texto era complexo?

Si, si que o era porque tiven que facer cinco personaxes diferentes. O máis difícil foi o cambio de vestuarios e de rexistros.

Os perfís dos 5 personaxes eran semellantes?



Juan Luis Lage nunha representación

Non, son perfís moi distintos. Son 5 detectives pero todos moi diferentes entre si.

E asumir cinco personalidades distintas en tan só media hora non resulta un tanto esquizofrénico?

Ha, ha, ha... Pode parecelo, pero a min intercambiar personaxes é o que máis me gusta do teatro. Eu paseino moi ben. Sentínme moi cómodo na escena. Por outra banda esta obra permite en gran medida a interacción co público que é algo que axuda enormemente a estar a gusto mentres representas.

Algunha vez mentres representabas sentiches medo escénico?

Por sorte non. Ás veces estiven a piques de quedarme en branco pero sempre o solucionei con improvisación

No teatro actual xa non existe a fi-

gura do apuntador, verdade?

Non, xa non existe.

Entón se no medio dunha representación quedas en branco non che queda outra que foderte?

Ha, ha, ha ha...Efectivamente, non queda outra.

Como valoras a reacción do público das Neves: Estaba integrado e interactuaba? Ou chegastes a eses momentos un tanto tensos nos que hai moita xente mirando o móbil?

Como antes che mencionei a valoración é moi positiva en todos os aspectos. No que atinxe ao público tamén, non só en canto a asistentes, senón tamén no que se refire á súa actitude pois a xente estaba moi implicada e notábase que estiveron presentes desde ao principio ata o final.



A obra foi financiada pola DEPO. Prevés repetir representación proximamente?

Encantárame. Agardo que me chame algún outro concello. Teño algunha cousa en carteira pero aínda está sen confirmar. Por outra parte teño tamén algo previsto para o mes de maio en colaboración co actor Giovani Peixoto pero tamén está aínda sen confirmar.

Se finalmente se confirma, que espero que si, xa vos mantereí puntualmente informados.

Alén destas representación tes algunha outra actividade?

Si, dou clases de teatro en Angoares. Teño un grupo máis ou menos grande e estamos a preparar un par de obras que trataremos de representar durante o verán.

O concello de Salvaterra de miño ven de aprobar os dous primeiros proxectos de inversión que se solicitarán a través do Plan +Provincia 2026

Salvaterra de Miño

Na pasada Xunta de Goberno Local o goberno do Concello de Salvaterra de Miño aprobou os dous primeiros proxectos que se financiarán a través do Plan +Provincia do ano 2026.

Por un lado a cofinanciación do III Plan de Infraestruturas Deportivas da Deputación de Pontevedra. Un proxecto de máis de 314.000 euros destinado a renovación das instalacións do Pavillón Cándido Carrera e que se financia en 140.814,45 euros a través do plan de infraestruturas deportivas e os restantes 174.053,93 euros a través da liña de inversión do Plan +Provincia. Esta acción únese as xa executadas polo Concello en busca da modernización das instalacións deportivas. Con esta última actuación acadase unha histórica inversión de preto de 1.500.000 euros con inversións realizadas tan importantes como a mellora das instalacións deportivas do Casal, do Campo de Fútbol do Oural, das instalacións deportivas da Canuda ou a modernización do Campo de Fútbol

Antonio Bernárdez Gándara – Dextros.

As obras consistiran na mellora da pista de xogo, que será substituída totalmente, a mellora da recollida de augas pluviais da cuberta, a mellora da ventilación e a instalación dunha cortina divisoria da pista para que durante os diferentes usos que hai no pavillón se poida dividir a pista en dous cun elemento separador.

Por outro lado a Xunta de Goberno local aprobou o proxecto de mellora do acceso ao polígono industrial Chan da Ponte polo Casal. Unha actuación que empeza no entronque da PO-403 co camiño Bouza do Viso, que comunica o Polígono Chan da Ponte, e que non ten zonas peonís definidas e que conta cun importante tráfico rodado. Con esta obra preténdese realizar unha mellora da seguridade viaria e pavimentación no acceso ao Polígono, realizando unha senda peonil na entrada, diante das vivendas existentes de 2 m de ancho en formigón, cos servizos correspondentes

soterrados, a instalación dunha varanda de protección de aceiro galvanizada e pintada na zona do torreiro e a plantación de arbustos, pavimentar os acce-

sos, axustando as rasantes na entrada e crear unha zona de aparcamento definida. Unha actuación de máis de 218.000 euros.

O Concello de Ponteareas entrega desfibriladores DESA aos clubs de fútbol e reforza a rede municipal de cardioprotección

Ponteareas

O alcalde en funcións do Concello de Ponteareas, Juan Carlos González Carrera, xunto co concelleiro de Deportes, fixeron entrega hoxe aos clubs de fútbol do municipio de dispositivos médicos portátiles DESA (Desfibrilador Externo Semiautomático), equipamentos deseñados para actuar de forma inmediata ante unha parada cardíaca repentina e que poden resultar determinantes para salvar vidas.

Con esta iniciativa, o Concello continúa reforzando o seu compromiso coa seguridade e a saúde da cidadanía, ampliando os recursos de primeira intervención dispoñibles nos espazos deportivos onde se desenvolve unha intensa actividade física.

Na actualidade, o Concello de Ponteareas conta con 18 desfibriladores DESA distribuídos en distintos edificios e espazos públicos, entre eles centros escolares, pavillóns deportivos, a praza de abastos, a piscina municipal, a Casa do Concello, así como nas sedes de bombeiros, Policía Local e Protección Civil.

Ademais da instalación destes dispositivos, o Concello impulsa cada ano cursos de formación e reci-

claxe no uso dos DESA coa colaboración dos bombeiros e TesGalicia, dirixidos tanto á comunidade educativa como á cidadanía en xeral. Esta formación resulta fundamental para garantir que, no caso de emerxencia, as persoas presentes saiban identificar unha parada cardíaca e actuar con rapidez e eficacia ata a chegada dos servizos sanitarios.

Durante o acto, o alcalde en funcións destacou que “contar con desfibriladores en espazos públicos aumenta significativamente as posibilidades de supervivencia ante unha parada cardíaca, especialmente cando a intervención se produce nos primeiros minutos”.

González Carrera tamén adiantou que o Concello continuará ampliando esta rede de cardioprotección e que nos próximos meses se procederá a dotar tamén as casas e centros culturais do municipio destes dispositivos de primeira intervención.

Desde o goberno local sublíñase que a combinación de equipamentos accesibles e formación continua é clave para construír un municipio máis seguro e preparado para responder ante emerxencias sanitarias.

GALIPOR
GALAICO PORTUGUESA DE REPARACIONES, S.L.
SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA
Polígono Chan da Ponte P 14
36450 Salvaterra de Miño
986 658 257

INSTALACIONES AS NEVES

FONTANERÍA - CALEFACCIÓN Y GAS
MANUEL NÚÑEZ ÁLVAREZ
986 667 012 | 608 884 729
C/ Cruceiro, 11 Bajo 3. 36440 AS NEVES

asesoría terra
"Consultoría, Servicios Integrales en Asesoría, Organización, Planificación, Productividad y Eficiencia"

asesoría terra
Rúa Rosalía de Castro, 107 - Baixo

Máis feminismo por favor!



En marzo conmemoramos a loita das mulleres dende principios do século XX pola xustiza e a igualdade. Daquela eramos oficialmente consideradas persoas de segunda categoría sen dereito ao voto ou ás nosas finanzas. Hoxe os avances son ben visibles, máis as desigualdades aínda son profundas:

Porque seguimos morrendo a mans das nosas parellas homes

O poder xudicial rexistrou en 2025 en Galicia unhas 20 denuncias diarias por violencia de xénero, sendo condenatorias o 87% das sentencias. No Estado Español, a finais de febreiro deste ano lévanse rexistrados xa, 12 asasinatos machistas incluídos 2 menores.

Porque seguimos gañando menos ca eles

A fenda salarial de xénero en España actualmente é do 15%, o que significa que as mulleres cobramos anualmente, miles de euros menos que os homes. A pesar de ter diminuído, a desigualdade persiste debido á segregación laboral e á maior contratación a tempo parcial das mulleres.

Porque seguimos sendo nós quen asu-

me os coidados de crianzas e maiores

A fenda de xénero nos coidados en España é profunda e ten un custo oculto de máis de 95.000 millóns de euros anuais. O 37% das mulleres asumimos o coidado habitual das crianzas fronte a un 5,6% dos homes. En 2024, o 84,4% das excedencias por coidados foron solicitadas por mulleres.

Porque seguimos sendo nós as que asumimos as tarefas do fogar

As tarefas da casa seguen principalmente nas mans de mulleres. Máis da metade afirma que sempre ou case sempre se encarga de lavar a roupa, fronte ao 13,3% dos homes que din asumir esa tarefa.

Porque seguimos ignoradas e maltratadas na atención sanitaria

Amáis da violencia obstétrica ou o a deficiente atención en saúde mental, enfrontamos diagnósticos nesgados e tardíos (2.5 anos máis para cancro e 4.5 para diabetes), menor investigación e peores indicadores de saúde para as mulleres, influenciados por factores socioestruturais como usar o corpo masculino como estándar biomédico.

Porque seguimos sufrindo violencia sexual

Non hai día en que no se produza en Galicia una agresión sexual. Nos últimos 5 anos, estes delitos medraron en cantidade (25% máis) e en gravidade (violacións grupais). Só no primeiro trimestre do 2025 rexistráronse 187 delitos contra a liberdade sexual, dos que 42 foron violacións.

Porque seguimos ausentes dos centros de poder públicos e privados

A pesares das políticas de igualdade, o teito de cristal e o acaparamento masculino da toma de decisións son unha

realidade: En España as mulleres temos un 65% menos de posibilidades que os homes de ascender a cargos de alta dirección (3% CEO mulleres).

Porque seguimos figurando como obxectos

Na cultura, na escola, na ciencia, nos museos, na publicidade... en fin, en todas as esferas da vida social, a muller é relegada a obxecto negándose e invisibilizando a nosa acción creadora e protagonista. Por poñer un exemplo actual, no eido do cine, en 40 edicións, só 5 mulleres gañaron o Goya á mellor dirección.

Por todo isto non podemos abandonar a loita. Non podemos deixarnos seducir polos discursos que afirman falsamente que a igualdade xa está conseguida ou, o que é moito máis grave, que o feminismo está agredindo aos homes. Os datos son contundentes, só hai que ver con honestidade que seguimos sufrindo desigualdade e violencia, só por ser as femias da especie humana. Por iso o 8 de Marzo berramos: Máis feminismo por favor!

O BNG de Salvaterra aposta polos novos fondos CEF da UE para avanzar na nova ponte da Plisan e o aproveitamento do tren

A voceira Patricia Mariño reuniu-

se coa eurodeputada Ana Miranda para incluír necesidades locais do Condado no informe 'Mecanismo Conectar Europa'

O Bloque esixe melloras na cobertura da telefonía móbil e da wifi

Salvaterra de Miño

O BNG de Salvaterra quere aproveitar os fondos do programa 'Mecanismo Conectar Europa' (Connecting Europe Facility -CEF-) do vindeiro período orzamentario 2028-2034 da UE para dar un grande pulo á nova ponte da Plisan e aproveitar a liña ferroviaria de mercadorías para a súa utilización por parte de persoas viaxeiras. No ámbito dixital, apóstase tamén por este novo programa para dar solución ao problema xeneralizado de mala cobertura da telefonía móbil e da wi-fi na comarca. A voceira Patricia Mariño abordou estas cuestións coa eurodeputada Ana Miranda, con quen concretou varias emendas a incluír no informe europeo que terían unha grande repercusión en chave local.

Mariño destaca que a ponte da Plisan precisa "poñer o turbo de forma urxente", xa que o viaduto, aínda en fase de proposta e debate, é imprescindible para desconxestionar o tráfico pesado que cruza a diario o centro de Salvaterra a través da Rúa Miño e que xera inseguridade viaria e contaminación acústica no centro da vila. Segundo subliña, aproveitar os novos fondos europeos para conectividade suporía garantir a viabilidade dunha infraestrutura "vital" para a veciñanza de Salvaterra ante o esquecemento da Xunta de Galiza.

Por outra banda, a nacionalista tamén



Rosalía de Castro, 76 Bajo
36450 Salvaterra de Miño
Telf.: 986 65 90 33
Móvil: 676 450 438 - 636 649 232

enovit@enovit.es
www.enovit.es

sinala que resulta estratéxico desenvolver o transporte ferroviario de persoas ademais do de mercadorías aproveitando as infraestruturas existentes. Subliña que a estación intermodal da Pli-san debería funcionar como servizo de transporte para toda a poboación, conectando a zona coas áreas industriais de Vigo, O Porriño e con Ourense e o AVE, repensando a utilización das vías que percorren o Miño de forma transversal e multidisciplinar.

No ámbito da conectividade dixital do CEF, o BNG de Salvaterra tamén subliña a importancia de apostar polo despregue de redes e sistemas 5G na comarca, xa que a poboación da fronteira sofre continuos problemas de cobertura de telefonía móbil e de wi-fi. A voceira destaca que é necesario garantir o acceso da veciñanza á tecnoloxía. "Non

é de recibo que a día de hoxe polo feito de estar en territorio transfronteirizo, case terra de ninguén, haxa estes problemas de cobertura que impiden tanto a comunicación persoal como un bo desenvolvemento empresarial e económico", subliña.

Ambas as tres cuestións foron abordadas por Mariño e o resto do grupo local e comarcal do BNG nunha reunión coa eurodeputada Ana Miranda, quen trasladará varias emendas ao informe do 'Mecanismo Conectar Europa' para que a comarca poida aproveitar a oportunidade do aumento de fondos que se están planificando a nivel europeo para finalizar proxectos pendentes. Nestes momentos fálase dunha dotación de 81.400 millóns de euros, case un 150% máis que no período orzamentario europeo anterior.

Ponteareas

A alcaldesa de Ponteareas, Nava Castro, participará os días 12 e 13 de marzo na cidade de Praia (Cabo Verde) no II Encontro Internacional de Mulleres Electas 'As Elixidas', unha cita na que participará unha comitiva de alcaldesas e representantes municipais de Cabo Verde, Mozambique e Galicia co obxectivo de fomentar a participación efectiva das mulleres no poder local e impulsar políticas municipais con perspectiva de xénero.

As xornadas, que se celebrarán baixo o lema 'Electas no local, unha voz global', están organizadas polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e a Asociación Nacional de Municipios de Cabo Verde (ANMCV).

Coincidindo cos actos conmemorativos do Día Internacional das Mulleres, a rexedora ponteareá participará neste encontro internacional financiado pola Xunta de Galicia e a Agencia Española de Cooperación Internacional al Desarrollo (AECID) a través da Confederación de Fondos de Cooperación y Solidaridad.

O programa de 'As Elixidas'. II Encontro Internacional de Mulleres Electas Locais de Cabo Verde, Mozambique e Galicia contará non só con destacadas representantes municipais dos tres países, senón tamén con membros dos gobernos caboverdiano, español e galego, así como con persoas expertas de Nacións Unidas, do Instituto Caboverdiano para a Igualdade e Equidade de Xénero ou da Universidade de Santiago de Compostela.

Ademais, no marco destas xornadas presentárase a Rede de Mulleres Autarcas Caboverdianas, inspirada no

exemplo mozambicano que as participantes puideron coñecer na primeira edición do encontro celebrada na Coruña no ano 2024.

Mesas de debate

Tras a constitución desta rede na mañá do xoves 12 de marzo, arroupada polas representantes municipais de Galicia, terá lugar a apertura formal do encontro. A continuación desenvolverase a conferencia inaugural 'As mulleres no poder', que será impartida pola ministra de Xustiza de Cabo Verde, Joana Rosa.

O primeiro panel, titulado 'Mulleres na política local: barreiras, oportunidades e leccións aprendidas en Cabo Verde, Mozambique e Galicia', contará coa intervención da alcaldesa de Ponteareas, Nava Castro. Nesta mesa analizaranse os principais obstáculos que dificultan o acceso e a permanencia das mulleres nos cargos municipais, a partir da experiencia das propias representantes locais, así como os factores que favorecen a súa incorporación e as estratexias de sororidade que se poden impulsar.

O venres 13 de marzo a xornada comezará coa mesa 'Boas prácticas municipais con enfoque de xénero. Experiencias de Cabo Verde, Mozambique e Galicia', que buscará visibilizar e analizar políticas públicas que teñan xerado impactos positivos na igualdade de xénero a nivel local, así como explorar mecanismos institucionais que permitan transversalizar esta perspectiva nas accións municipais.

A continuación desenvolverase o obradoiro 'Elaboración de políticas locais e orzamentos municipais sensibles ao xénero', que contará entre as súas dina-

A alcaldesa Nava Castro participará en Cabo Verde no II Encontro Internacional de Mulleres Electas 'As Elixidas'



Nava Castro

O PINCHO DA AVOA
Tapería
Bocatas
Taberna
Fin de semana
MENÚ ESPECIAL
Rúa Progreso, 86
36880 A CAÑIZA
(Pontevedra)
Tels.: 986 651 399
647 805 873
Menú diario de martes a venres

TAPICERÍA
SAN ROQUE

650 44 00 57
C/ Moscadeira Nº5. PONTEAREAS


ATLÁNTICO
SUPERMERCADO
Praza da FERIA - As Neves


JUAN CARLOS
FOTOGRAFO
SERVICIOS FOTOGRÁFICOS
• REPORTAJE SOCIAL • RETRATO • PUBLICITARIA
• RETOQUE DIGITAL • REVELADOS
• VENTA DE MATERIAL • FOTOS CARNET
Telf: 986 65 92 51 - Móvil: 654 362 239
e-mail: j.carlosfotografo@hotmail.com
Rúa Fonte da Vila, 3 - 36450 Salvaterra de Miño

mizadoras con Marta Lois, decana da Facultade de Ciencias Políticas da Universidade de Santiago de Compostela.

A axenda pecharase o venres pola tarde cunha sesión de conclusións a cargo da Unión das Cidades Capitais de Lingua Portuguesa (UCCLA) e coa lectura e sinatura dunha declaración final por

parte de todas as electas locais presentes, tras a que se celebrará a clausura oficial do evento.

O II Encontro Internacional de Mulleres Electas 'As Elixidas' poderá seguirse tamén en streaming e a través das redes sociais das entidades organizadoras co hashtag #AsElixidas.

O músico Rafael Carracedo será o pregoeiro do Corpus Christi 2026 de Ponteareas

As festas, declaradas de Interese Turístico Internacional e BIC Inmaterial, celebrarán as súas principais señas de identidade: as alfombras florais e a música

Ponteareas

O Concello de Ponteareas vén de anunciar que o músico ponteareán Rafael Carracedo Crespo será o encargado de pronunciar o pregón das Festas do Corpus Christi 2026, declaradas Festa de Interese Turístico Internacional e Ben de Interese Cultural Inmaterial, recoñecementos que avalan a singularidade e valor patrimonial dunha celebración única.

Con raíces na parroquia de Guláns, Rafael Carracedo desenvolve a súa carreira musical na Unidade de Música da Garda Real, converténdose nun referente do talento local e da tradición musical que caracteriza á vila do Te. Rafael Carracedo gañou no ano 2025 o máis prestixioso premio no mundo da gaita, o "Trofeo MacCrimmon" do Festival Intercéltico de Lorient no mes de Agosto de 2024. A súa designación como pregoeiro recoñece tanto a súa traxectoria profesional como o seu vencello coa cultura e coas tradicións de

Ponteareas.

O Concello de Ponteareas ten nas alfombras de flores e na música as súas principais señas de identidade. Cada ano, milleiros de persoas enchen as rúas do municipio para contemplar a arte efémera das alfombras florais, unha expresión colectiva elaborada polas veciñas e veciños alfombreiros que converten a vila nun gran museo ao aire libre.

A alcaldesa, Nava Castro, destaca que o pregón de Rafael Carracedo simboliza a unión entre as dúas grandes almas da festa: a tradición das alfombras e a excelencia musical. Pola súa banda o tenente de alcaldesa, Juan Carlos Glez Carrera, explica que o acto do pregón marcará, como é tradición, o inicio oficial das celebracións do Corpus Christi 2026, convidando á veciñanza e ás persoas visitantes a participar nunha festa que é patrimonio vivo de Galicia e embaixadora internacional da cultura

ponteareá. A lectura do pregón será o domingo día 31 de maio e o domingo de Corpus será o 7 de xuño.

Traxectoria de Rafael

Carracedo Crespo

Rafael Carracedo Crespo nace no seio dunha familia de fonda tradición musical da parroquia de Guláns (Ponteareas). É licenciado en Música na especialidade de Trompeta polo Real Conservatorio Superior de Música de Madrid.

Obtivo o Premio Extraordinario de Fin de Grao Profesional no Conservatorio de Música Teresa Berganza de Madrid e acadou a Matrícula de Honra Fin de Carreira no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid no ano 2009. No curso 2008/09 foi admitido na aula de trompeta da Universität für Musik Mozarteum de Salzburgo (Austria), onde obtivo as máis altas cualificacións.

Como trompetista e fliscornista é convidado asiduamente pola Orquesta Nacional de España, a Banda Sinfónica Municipal de Madrid, a Orquesta Sinfónica da RTVE, a Orquesta Sinfónica de Madrid e a Orquesta Sinfónica de Galicia.

Foi membro da JONDE (Orquesta Xove Nacional de España) e da EUYO (Orquesta Xove da Unión Europea) e, durante cinco anos, trompetista titular

da Orquesta Escuela da Sinfónica de Madrid (Teatro Real). Tamén foi convidado a actuar coa Orquesta Xove da Radio de Polonia en Varsovia e coa Hulencourt Soloists Chamber Orchestra de Bélxica.

No ámbito da música tradicional galega foi profesor de gaita e requinta no Centro Galego de Fuenlabrada e na Asociación Xirandela de Madrid. Colaborou en gravacións e concertos con prestixiosos grupos de música folk como BellónMaceiras, Radio Cos ou Korrontzi.

En 2017 publicou o libro A requinta da Ulla. Obradoiro Riobó, un traballo etnográfico sobre a música tradicional galega e primeiro cancionero de música propia para requinta da Ulla, do que recentemente se publicou a segunda edición.

Como gaitero, tras unha dilatada traxectoria, obtivo numerosos premios en concursos, entre eles o primeiro premio no concurso de "Gaiteros no Exterior" de Valladolid en dúas ocasións, o primeiro premio do Certame de Gaita e Tamboril de Tui en 2022 e, recentemente, o prestixioso Trofeo MacCrimmon do Festival Intercéltico de Lorient.

Na actualidade, Rafael Carracedo é fliscorno solista da Unidade de Música da Garda Real.



Rúa Castelao, 33- Salvaterra

ZAPATERIA

Rúa Marqués de Viana Nº14
Salvaterra de Miño

PANADERIA A BROA

LEIRADO

Puzo - San Mateo Ponteareas
Tlf: 986 657 577
Móbil: 639 817 090

*Pan integral e artesan
pan de centeo, empanadas
roscoños e bicas
croissants e napolitanas*

Despacho: Rúa Estrada, 13
986 660 951
Ponteareas

*Visítanos tamén
en Salvaterra*

Rúa Rosalía de Castro, 36

RESTAURANTE ATALAYA

Pescados y mariscos,
empanada, caldo gallego,
arroz, ciervo con setas,
ternera gallega, lamprea en
temporada....

Teléfonos
986 66 23 37
986 66 23 35

RAMÓN PEINADOR, Nº23, 36890
MONDARIZ BALNEARIO
Calidad y tradición desde 1988



Oscar Lomba, licenciado en dereito

Irán baixo lume demoníaco

opinión

Irán volve situarse no epicentro do tremor xeopolítico tras o ataque coordinado de Estados Unidos e Israel contra o corazón do seu aparello estatal, unha ofensiva que soborda o marco da confrontación rexional, expón a fractura profunda da orde internacional en plena crise estrutural do sistema-mundo e abre novas fendas no equilibrio global, intensificando a pugna pola hexemonía.

O ataque masivo lanzado por Estados Unidos e Israel contra o corazón do poder iraniano non é un episodio máis na xeografía convulsa de Oriente Medio. É a irrupción violenta dunha contradición que levaba décadas xestándose no subsolo do sistema-mundo capitalista. Para comprender o seu significado cómpre afastar a ollada do balbordo inmediato e observalo cunha perspectiva máis fonda, como quen examina as cousas desde a distancia histórica, onde os feitos revelan o seu sentido oculto. Nel condénsanse crises poliédricas superpostas, tensións que operan en distintos estratos da realidade social e que agora estoupan nunha soa labarada.

Desde unha perspectiva que entrelaza teoría crítica e economía política, a escalada non pode separarse da crise estrutural do capitalismo contemporáneo. Vivimos unha fase de estancamento prolongado, de sobreacumulación e de rendibilidade minguant. Os centros imperiais tentaron conxurala mediante a financiarización. Cando esa vía se esgota, emerxe a destrución forzada do territorio. A guerra aparece entón como unha prolongación da política económica. O golpe sobre Irán, nó enerxético dunha das rexións máis decisivas para a circulación global, non responde ao capricho de dirixentes alporizados. Inscríbese nunha lóxica imperialista sistémica que só recoñece

unha saída ás súas propias contradicións, a imposición violenta.

A acumulación por desposesión, tan presente na privatización do común e na expansión dos mercados financeiros, amosa na guerra a súa faciana máis crúa. O imperialismo busca apropiarse de recursos estratéxicos, controlar os grandes roteiros comerciais e redeseñar os estados para facelos máis permeábeis ás esixencias do capital. As bombas non caen sobre o baleiro, senón sobre mapas onde xa estaban trazados os corredores enerxéticos e os fluxos do investimento global.

O episodio revela ademais a metamorfose do poder imperial norteamericano. A imaxe clásica do estado-nación que declara a guerra dilúese ante un armazón transnacional de intereses. A alianza entre Estados Unidos e Israel é máis que a coordinación de dous réximes. É a expresión visíbel dunha constelación que reúne corporacións enerxéticas, industria armamentística, lobbys políticos e fraccións ou segmentos das elites rexionais que perciben nadesestabilización de Irán unha oportunidade estratéxica. O estado de excepción normalízase e proxéctase sobre territorios enteiros cando a hexemonía xa non descansa no consenso.

A soberanía iraniana é vulnerada non só na súa integridade territorial senón na súa capacidade de decisión. Néga-selle o dereito a definir o seu programa nuclear e as súas alianzas con outras potencias emerxentes. Actualízase así

unha forma de colonialidade na que uns poucos deciden quen pode desenvolverse e quen debe ser disciplinado. A mensaxe é clara, a xerarquía internacional non se discute.

Irán encarna, aos ollos do establishment occidental, a indisciplina. Tentou consolidar un polo autónomo, estreitar vencellos con Rusia e China, cuestionar a unipolaridade financeira e militar. No transfondo xoga a xeografía do capital. Os novos roteiros euroasiáticos, os corredores que enlazan Asia Central co Mediterráneo, os ductos de gas e petróleo, constitúen o taboleiro real sobre o que se desprega a ofensiva. Os mísiles seguen o ronsel dos oleodutos.

Nada disto se esgota no territorio da materia. A guerra é tamén un fenómeno da conciencia, un teatro onde se configuran percepcións, onde a espectacularidade mediática traza fronteiras mentais, fabrica significados e xera adhesións soterradas. A vella narrativa do eixo do mal regresa, apenas disfrazada baixo novas tonalidades. O inimigo é esculpido como unha ameaza absoluta, unha sombra que permite simplificar o mundo até reduci-lo a dúas cores.

A violencia preséntase como unha anomalía, como un recurso extremo en defensa dunha suposta civilización ameazada. Porén, nas periferias do sistema, a excepción convértese en norma. Alí, a ameaza non é un episodio illado, senón unha presenza constante, unha paisaxe permanente da vida cotiá, onde a guerra deixa de ser acon-

tecemento para transformarse nunha condición da existencia.

Nas metrópoles actíbase outro mecanismo. A guerra ofrece unha descarga emocional, un goce escuro que reafirma identidades e sutura fracturas internas. Mentres se proxecta a ansiedade social cara ao exterior, a desigualdade e a deterioración das condicións de vida quedan momentaneamente relegadas. O inimigo externo ordena o caos doméstico.

Porén baixo o estrondo das explosións persiste unha pregunta máis silenciosa, a da reprodución da vida. A guerra non é só estratexia e cálculo. É interrupción brutal da cotiandade. En Teherán, nais que buscan medicamentos que xa non chegan. Traballadores do petróleo que perden o seu sustento. Comunidades desprazadas. Infraestruturas civís reducidas a entullos. O ataque ao corazón do poder é tamén un ataque ao corazón social.

A teoría da reprodución social obriga a mirar alí onde a análise xeopolítica adoita calar. Cando a auga potábel é un obxectivo militar e os hospitais perden electricidade, alguén sostén a vida en condicións extremas. Esa carga recae de novo sobre mulleres e comunidades empobrecidas. En tempos de paz o sistema xa extrae valor do traballo reprodutivo non remunerado. Na guerra esa extracción vólvese descarnada, máis visíbel e brutal.

As consecuencias despréganse como un abano incerto. É difícil imaxinar

Carretera N-120, Km. 616
Pereiras - 36888 A Cañiza
(Pontevedra)

Jaime
Chapa y Pintura

Teléfono/Fax: 986 652 088
Mail: jaimetizona@hotmail.com

Cafetería

Gonixul

San Gregorio, 3 Morndariz

LA PARADA
24 horas

GASOLINERA 24h
Tienda covenencia-butano/propano, palets, carbón y leña, lavado de coches (túnel, boxes y aspirado), aparcamiento clientes

Taller Salco (9-13:30/15-19)

Cafetería La Parada 24H
Desayunos, menú de día, cenas, bocadillos, platos combinados, comidas y postres para llevar, terraza, parque infantil, aparcamiento clientes.

que un golpe desta magnitude quede sen resposta. O armazón das alianzas rexionais pode activarse e derivar nunha guerra prolongada de desgaste, con risco permanente de escalada. Ao mesmo tempo, o ataque acelera a consolidación de bloques alternativos. China e Rusia, aínda que non interveñan directamente, poden profundar a súa cooperación con Irán, fortalecer mecanismos financeiros que eludan o dólar e consolidar corredores comerciais paralelos. Paradoxalmente, a ofensiva podería debilitar a orde que pretende reafirmar.

No plano social global, as repercusións non tardarán en sentirse. As sancións e as tensións enerxéticas impactarán en Europa e outras rexións. Inflación, encarecemento de subministracións, deterioración do poder adquisitivo. O descontento pode traducirse en protestas ou en repregamentos nacionalistas. As elites, amparadas na emerxencia, reforzarán dispositivos de vixilancia e recortarán dereitos en nome da seguridade. A democracia corre o risco de baleirarse aínda máis, convertida nunha forma sen substancia.

A dimensión ecolóxica completa o cadro. Un conflito no corazón petroleiro do planeta deixa cicatrices que non se borran. Refinerías incendiadas, verteduras, emisións masivas. A pegada ambiental da guerra acelera a crise climática e alonga a fenda entre humanidade e natureza. O capitalismo na súa fase bélica non só explota a contorna, devóraa para sostese un pouco máis.

Este ataque debe lerse como un momento de condensación dunha crise civilizatoria máis ampla. Non é un desvío accidental senón a manifestación extrema dunha orde que, ao perder a súa capacidade de persuasión, recorre á forza. Os seus efectos serán profundos, reconfiguración de alianzas, intensificación de conflitos sociais, devastación ecolóxica e un sufrimento que recaerá, unha vez máis, sobre os máis vulnerábeis.

A guerra é o síntoma visíbel. A doenza permanece nas estruturas que a fan posíbel. Pensar este episodio esixe algo máis que describilo. Esixe imaxinar outras formas de organización social capaces de crebar a lóxica que converte a destrución en método de goberno. Sen esa transformación de fondo, os mísiles seguirán trazando no ceo as liñas invisíbeis do sistema que os necesita.

Aberto o prazo de inscrición para a IX andaina da lamprea de Arbo

IX ANDAINA DA LAMPREA. Un evento ideal para descubrir os encantos de Arbo, a súa historia, o seu patrimonio e a súa enogastronomía.

5 de Abril. Saída dende a Praza Consistorio ás 9:30h. Agasallos e degustación de produtos locais e viño das adegas de Arbo entre tod@s @s participantes

O Concello de Arbo abre o prazo de inscrición para participar na IX Andaina da Lamprea, unha das actividades incluídas dentro da programación do Mes da Lamprea e dos actos previos á tradicional Festa da Lamprea que neste ano 2026 cumpre a súa 66 edición e se celebra os días 24, 25 e 26 de abril.

A andaina celebrarase o domingo 5 de abril, ofrecendo ás persoas participantes unha experiencia única que combina actividade física, natureza e tradición gastronómica. Trátase dunha ruta de sendeirismo popular que se celebra anualmente no mes de abril, coincidindo coa Festa da Lamprea, e que percorre algúns dos paraxes naturais máis emblemáticos do municipio.

A actividade partirá da Praza do Concello ás 9:30 horas e contará cun percorrido aproximado de 12 quilómetros, de dificultade media-alta, ideal para persoas afeitas ao sendeirismo. Ademais do atractivo deportivo, a andaina permite gozar de vistas inmejorables da contorna natural de Arbo, a través de sendeiros que discorren entre os ríos Miño e Deva, acompañando á persoa camiñante nun auténtico remanso de paz durante todo o percorrido.

Estes camiños permiten descubrir un valioso patrimonio natural e arquitectónico, con elementos tan singulares como as históricas pesqueiras do río Miño, a ponte románica de Mourentán, as augas medicinais de Sela ou os bancos miradoiro sobre o río, desde os que contemplar a paisaxe e deterse



IX ANDAINA DA LAMPREA

Domingo 5 de Abril

Km: 12 Aprox
Dificultade: Media/Alta

Salida:
📍Praza Consistorio
🕒9:30 horas

Inscrición nas oficinas do Concello de Arbo ou no enderezo electrónico: tributos@concellodearbo.gal

Prezo: 10 euros
Nº de Conta: ES4420805011853040005379

Degustación e agasallos para tod@s @s participantes

Vén, en Arbo é tempada de Lamprea

CONCELLO DE ARBO

a gozar da tranquilidade da contorna. Todo isto converte a andaina nunha experiencia completa, na que natureza, historia e benestar van da man.

Ao remate do percorrido, as persoas participantes poderán degustar produtos locais, como a emblemática lam-

bancario do ingreso da taxa.

Arbo preséntase como un destino para gozar sen présa, deixarse seducir pola súa beleza natural, mergullarse nas súas tradicións e vivir experiencias auténticas que permanecen na memoria. Cada paseo convértese nun descubrimento e cada comida, nunha viaxe de sabores que convida a celebrar a vida. Ao rematar o percorrido, as persoas participantes poderán degustar produtos locais e os viños da zona, reforzando o vínculo entre deporte e gastronomía.

Tal e como lembra o alcalde de Arbo, Horacio Gil, "do 24 ao 26 de abril celebraremos a 66.ª edición da Festa da Lamprea, unha cita única coa tradición, a gastronomía e a cultura, que convida a todas as persoas a achegarse a Arbo non só durante estas datas, senón os 365 días do ano"



MANUEL GARCÍA ARAUJO, S.L.

BAÑOS Y CERÁMICA • FERRETERÍA • ELECTRODOMÉSTICOS
SANEAMIENTOS • MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN

Telf. 986 648 089 Lamela, nº 8 Setados - LAS NIEVES / Telf. 986 651 289 C/ Silleda, nº 27 - LA CAÑIZA
mgaraujo@garciaaraujo.com www.garciaaraujo.com



Forjados Hnos. Duran S.L.

Ferralla y Forjados
Ladrillos, Tejas, Uralita, Aislantes, Áridos, Aros, Postes...

Santiago de Ribarteme, 1. AS NEVES
Tel. 986 648 150 Fax 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
www.forjadosduran.com



BIOTRICOLOGÍA
Cosmética Capilar Avanzada

Digna

Peluquería

Tlfno: 986 66 73 25

C/ Dr. Martínez Rodríguez, núm 7
As Neves (Pontevedra)



áridos chandesalgosa
ARENAS Y GRAVAS

Telf: 986 648 381
chandesalgosa@hotmail.com
www.aridoschandesalgosa.es

Chan de Salgosa S/N
LIÑARES
AS NEVES

XXXIII Feira do Requeixo e Mel das Neves

Cada primavera, desde o ano 1991, o concello pontevedrés de As Neves convértese nun punto de encontro para milleiros de persoas atraídas por unha das citas gastronómicas máis representativas da comarca do Condado. A Festa do Requeixo e do Mel recoñecida no ano 2013 como Festa de Interese Turístico de Galicia e organizada en venres e sábado da Semana Santa, ten como protagonistas dous produtos tradicionais da zona, o requeixo e o mel.

O requeixo, un derivado lácteo elaborado a partir de leite de vaca, consumido habitualmente acompañado de mel, é o protagonista desta feira e distinguido co selo «Alimento Artesán de Galicia» desde 2023, conta cunha longa tradición histórica que se remonta ao medievo. Xa no século XII, segundo recolle a tradición da vila, os veciños e veciñas da parroquia de Cerdeira ofrecían este produto aos peregrinos e peregrinas que transitaban polo camiño coñecido hoxe como Sendeiro dos Frades.

A celebración da feira nestas datas responde a unha tradición moi arraigada da Comarca. Antigamente, as mulleres que elaboraban e comercializaban



o requeixo acudían especialmente os venres á feira semanal do concello para vendelo. Durante a Semana Santa, ao tratarse duns días festivos, a afluencia de xente era maior, o que favorecía a venda deste delicioso produto artesa-

nal.

Co paso dos anos, esta feira gastronómica converteuse nun evento de referencia en Galicia. Durante os días da celebración, veciñanza e visitantes tanto de dentro coma de fóra de Galiza, poden degustar o requeixo preparado segundo a receita tradicional, normalmente servido con mel da comarca ou acompañado de outros produtos da zona. Esta XXXIII edición da Feira celebrarase o 3 e 4 de abril e conta cunha ampla programación cultural, gastronómica e deportiva para todas as idades e que botará a andar xa o 21 de marzo. O pregón terá lugar o venres 3 de abril, ás 13:00 horas, coincidindo coa xornada central da Feira, que reunirá gastronomía, música, tradición e actividades para todos os públicos arredor dos dous produtos máis representativos da identidade da vila.

Para o pregón deste ano contarán cunha referente do deporte galego. Será

Teresa Portela, a deportista olímpica galega. Teresa está considerada unha das grandes figuras do deporte galego e español. A padexeira canguesa fixo historia ao converterse na primeira deportista española en competir en sete Xogos Olímpicos consecutivos, logrando ademais a medalla de prata en K1 200 metros nos Xogos de Tokio 2020, un fito que consolidou unha traxectoria marcada pola constancia, o esforzo e a superación. Acumula tamén 6 diplomas olímpicos, 17 medallas nos Campionatos do Mundo de Piragüismo, dúas delas de ouro, e outras 17 no Campionato de Europa, sete foron de ouro.

Ao longo da súa carreira deportiva acadou numerosos títulos internacionais e recoñecementos: foi distinguida dúas veces coa Real Orden do Mérito Deportivo, medalla de bronce en 2004 e medalla de prata en 2013. Ademais de recibir a Medalla Castelao da Xunta de Galicia en 2019, converténdose nun exemplo de perseveranza e excelencia dentro e fóra da competición. A súa figura destaca tamén pola capacidade de conciliar a vida deportiva e familiar, sendo nai e referente para novas xera-



C/ Caiña,1
36440 As Neves
telf. 986 64 86 25




Bar A Praza

Coñécenos!
O mellor ambiente do condado Paradanta



RESTAURANTE - BAR - MARISQUERIA



C/ Bordadores, 11 - 28013 Madrid - Tels. 91 541 90 55 - 56 - Fax 91 559 12 25
www.lacasagallega.com - casagallega@lacasagallega.com



Marisa C. A.

Tel: 619 676 778
Entrecines, 14 - AS NEVES

cións de deportistas.

A programación comezará o sábado 21 de marzo co I Memorial Manuel Guitián de bádminton no pavillón municipal (a partir das 10:00 horas) e continuará o domingo 22 coa andaina "Mitos e crenzas do Termes" (saída ás 10:00 horas dende a praza do Concello). O venres 27 celebrarase un show-cooking con degustación no mercado municipal (ás 11:00 horas), mentres que o sábado 28 terá lugar a Andaina do Requeixo (saída ás 10:00 horas do Pousadouro) e unha xornada sobre os retos da artesanía alimentaria galega con cata de produtos no mercado municipal (ás 19:00 horas).

Entre as actividades destacadas tamén figuran a ofrenda floral das Mulleres do Requeixo o domingo 29 de marzo (ás 17:00 horas en Cerdeira), a III Xornada sobre a vespa velutina o luns 30 (ás 19:00 horas no CIPC de Taboexa), a cata de meles de Galicia o martes 31 (ás 19:00 horas na Escola de San Cibrán de Ribarteme), e a degustación "Sabores con marxem" (ás 18:00 horas no mercado municipal).

A fin de semana grande desenvolverase o venres 3 e sábado 4 de abril, coa apertura oficial da Feira, o pregón, pasarrúas, actuacións musicais, animación infantil e concertos. O día 3 incluírá actuacións de Laura Mariño & Band, a charanga Os Tamega e a orquestra Panama Band. O día 4 celebrarase a III Exposición da Camelia (11:30 horas no mercado municipal), o III Certame de Música Tradicional Transfronteiriza (16:30 horas), actividades infantís e as actuacións do grupo 2Tipos, da charanga A Sorchá e da orquestra Charleston Big Band.

Durante estes días, o centro das Neves énchese de postos de venda, carpas gastronómicas e actividades culturais. O público pode probar o requeixo con mel, pero tamén outros pratos típicos

como polbo á feira ou chourizos ao viño.

A festa convértese así nun espazo onde tradición, cultura e gastronomía se mesturan, creando un ambiente festivo que atrae visitantes de toda Galicia e incluso do país veciño Portugal.

A Festa do Requeixo e do Mel non só serve para celebrar a gastronomía local, senón tamén para promover o turismo e a economía da zona. Durante os días da feira, bares, restaurantes e comercios das Neves reciben numerosas visitas que aproveitan para coñecer o patrimonio natural e cultural da vila. Deste patrimonio podemos destacar a Fervenza e muíño da Ceña. Está moi cerca dos límites do concello das Neves e Salvaterra, desemboca o Río Xuliana no Río Miño e faino en forma de cascada.

A Lagoa de Medáns, na parroquia de Setados, é un recuncho para sentarse, respirar e tomar folgos ao carón do Camiño dos Pescadores.

Tamén podemos achegarnos a ver as Esculturas de Redondelo. Esta serie de obras de estilo moderno nunha ladeira rochosa do monte Coto do Facho de 184 metros. Son varias as esculturas realizadas en distintos materiais. A máis representativa é "O Xigante" na que representa a un xigante que se sentou a contemplar as belas panorámicas que dende alí se divisan do val do Miño. Foi inmortalizada en cemento por obra de Mario Iglesias González. Outra das esculturas é "Punto de partida", composta por catro portas de aceiro, cada unha delas cunha apertura diferente e que representan os catro puntos cardinais, creación de Carlos Tejo. Unha circunferencia de granito con debuxos de sinxelos bonecos se localiza xunto a estrada. O seu autor é Manuel Rial Pérez e a obra non ten título. Outra de estas esculturas son unas pisadas de metal dispostas no chan e que ascen-

den ata a rocha. É obra de José Luis Pereira Rodríguez e se titula "Sendeiro do coñecemento compartido".

En definitiva, unha festa que é unha mostra da riqueza gastronómica e cultural de Galicia, e un exemplo de como

un produto tradicional pode converterse nun símbolo de identidade e orgullo para toda unha vila que nos amosa o máis bonito do rural galego e os produtos máis gustosos no padal do mundo.

XXXIII FEIRA DO REQUEIXO E MEL

3 E 4 DE ABRIL 2026

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

AS NEVES



ABANCA

XUNTA DE GALICIA

Deputación Pontevedra

ARTESANÍA GALICIA

galicia



As Pedriñas Novas

MARISCOS TRAÍDOS CADA DÍA DE GALICIA

Abierto todos los días. Cocina ininterrumpida

Madrid - Ortega y Gasset, 66 Telf.: 914 014 445

Trato amable, menús sabrosos y precios-calidad-variedad normales

Metro Lista

AGROPARAÑOS

- Piensos en xeral
- Cereais
- Abonos / Sulfatos
- Sementes e plantas
- Viña, horta e froitas
- Plásticos e mallas
- Ferretería
- Patatas
- Venda de polos e galiñas

SERVICIO A DOMICILIO

664 414 191

PARAÑOS, 3. COVELO

Mondariz mellora o abastecemento de auga potable do lugar de Boente (Gargamala) grazas a unha axuda da Xunta de 30.000 euros

Instaláronse máis de 500 metros de canos que permitirán dar servizo a 12 domicilios

Estas axudas beneficiaron a un total de 14 concellos da provincia por un valor próximo aos 450.000 euros

Mondariz

O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, visitou esta mañá o lugar de Boente (Gargamala), xunto ao alcalde e Mondariz, Pablo Barcia, onde se instalou unha nova rede de abastecemento de auga potable grazas a unha axuda da Xunta

de máis de 30.000 euros.

A axuda encádrase dentro da liña competitiva do Fondo de Compensación Ambiental e permitiu dotar de servizos a un total de 12 domicilios. Así, a actuación consistiu na instalación de máis de 500 metros de canos de polietileno de alta densidade cun diámetro de 63 e 50 milímetros, dependendo da área. Ademais tamén se instalaron novos contadores intelixentes que permiten facer un seguimento do consumo en tempo real.

O Delegado territorial destacou a importancia de manter liñas de colaboración cos concellos e asegurou que “hai que confiar nas decisións dos alcaldes porque so os que mellor coñecen as necesidades dos seus veciños e veciñas”

Cabe destacar que esta liña de axudas beneficiou a preto de 14 concellos da



provincia de Pontevedra por un valor próximo aos 450.000 euros.

FCA

O FCA foi creado para distribuír o canon eólico en beneficio da conservación e restauración da contorna, así como do reequilibrio territorial. As accións subvencionables inclúen os investimentos e custos de funcionamento dos servizos municipais dedicados á protección do medio.

Entre os obxectivos que deben perseguir figuran a conservación da biodiversidade, o fomento do coñecemento e da utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais, e a recuperación do medio natural degradado ou contaminado. Tamén deben impulsar a eficiencia e o uso sustentable das enerxías renovables, e, en xeral a protección do medio natural.

AS NEVES
TALLERES DE REPARACIÓN S.L.

Mecánica, Chapa
y Pintura al Horno
B- 36307866

Tlf.: **986 68 29 08**
667 36 70 41
Pazo, n.º8
36449 Tortoreos
As Neves
talleresneves@gmail.com

VENTA DE PANELES
ESTÉVEZ RIBEIRO S.L.
A MEDIDA DIRECTO DE FÁBRICA

TODO TIPO DE REMATES
SERVIDOS EN 24H
VENTA DE ESTRUCTURAS

María 670 233 441
www.estevezribeiro.es

Ferretería
Julio Pérez Giraldez

Tele/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 558
julioperezgiraldez@hotmail.com

C/ Progreso, 81
36880 A CAÑIZA

DON KEBAB

Loem ipsum

Paseo Matutino, 17 (Ponteareas) Telf.: 651 076 375

Agrícola
“A Sementeira”

PIENSOS - CEREALES - SEMILLAS - AGRÍCOLA
JARDÍN - SULFATOS - ABONOS / SUSTRATOS - ETC

Telfs: 986 65 93 94 - 606 7450 09
Rúa Galicia 2 Bajo SALVATERRA DE MIÑO (al lado del DIA%)

INMOBILIARIA
MERCA VENDA

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

SON GALIZA

A Nova Peneira e Hermes&Atenea son publicacións cuxos alicerces están na cultura popular do noso pobo, o pobo galego. Mergullámonos ata o máis profundo para darmos a coñecer as expresións culturais de base, aquelas que non precisan da subvención do poder para vivir. Somos pobo, débémonos ao pobo e ao pobo queremos darlle voz. Neste sentido imos iniciar hoxe unha nova xeira de entrevistas e reportaxes musicais, chamada Son Galiza, que teñen por obxecto dar a coñecer grupos de rock do país galego. Grupos que posúen unha enorme calidade e talento en todas e todos os seus compoñentes e que merecen moitas máis oportunidades para podelo desenvolver. Comezamos a viaxe falando cos compoñentes da banda:

Perro Futuro

A banda está formada por Suso (batería), Diego (voz e baixo) e Xoán (guitarra). Eles apostan por un rock directo, sen artificios, que bebe do punk e da actitude máis falcatrueira do xénero.

“O rock é unha forma de vida e queremos facelo sinxelo e directo”



Perro Futuro (Suso, Diego e Xoán)

Para empezar, presentádevos.

Eu son Suso e son o batería de Perro Futuro.

Eu son Diego, cantante e baixista.

Eu son Xoán, guitarrista.

Sodes de lugares distintos. Como facedes para ensaiar estando cada un nun sitio?

Eu son de Ferrol de nacemento pero leva xa media vida en Ponferrada. Outros están en Vigo. Iso obríganos a adaptarnos.

Pois mira, eu son traballador e eles tamén. Hoxe en día, co envío de pistas

de audio, podemos ensaiar a distancia xuntarnos unha vez ao mes.

cia. Eu gravo baterías, eles gravan no estudo de Diego, Xoán mesmo grava na casa. Pasámonos as pistas e imos montando os temas. Nunca ensaiamos xuntos de continuo, facémolo de vez en cando, sobre todo cando hai concertos á vista e bolos intentamos

A tecnoloxía fai que unha banda coma a nosa que non comparte local de ensaio de maneira habitual, poida traballar a distancia. É cuestión de organización e ganas.

Hai vinculación con Redondela, non Suso?

Redondela para min é unha segunda casa. Aquí foi onde tiven a primeira banda seria. Os da banda seguimos sendo colegas, hai un vínculo especial.

Unha pregunta clara: por que Perro Futuro?

Diego: Non o sabemos moi ben (risas). Vén dunha conversa na casa, falando de cando tiveramos “o noso perro futuro”. Literalmente era iso, pero gustounos como soaba. Despois vimos que tiña dobre sentido: o futuro é “perro”, algo incerto, algo canalla... e tamén hai referencias como Radio Futura ou Juan Perro. Ten ese xogo.

Incluso un día nun concerto alguén nos preguntou se eramos unha banda tributo de Juan Perro (risas). Non o pensamos así.

Gustounos como funcionaba o nome e quedou.

Como xorde o grupo?

Nós xa tocamos xuntos antes en Autopía. Tiñamos outro batería que no verán tocaba nunha orquestra familiar e sempre había problemas de compatibilidade. No verán, que é cando máis actividade hai, quedabamos

CAFÉ · BAR
PANADERÍA
Brasileiro
BOCADILLOS · BOLLERÍA · ROSCAS · EMPANADAS

Telf.: 986 76 81 45

Avda. do Concello, 15 baixo
36830 A LAMA

ALUMINIOS RODRIGUEZ, S.L.
Industrias Metálicas

Diego Jesús Rodríguez

Trabajamos:

- Todas las series en carpintería de aluminio
- Doble Acristalamiento
- Mamparas de Baño y Muebles de Cocina
- P.V.C.
- Cierres, Balcones, Galerías y Portales.
- Todo en Carpintería de Hierro
- Aluminio Soldado

Pazos, n.º 16
36829 PONTECALDELAS
info@aluminios-rodriguez.es

Teléfono 986 75 03 10
Móvil 670 23 95 62

O CAMPO
DA SANTIEGUIÑA

Caritel s/n 36.829 Ponte Caldelas
Pontevedra. Tel. 886 300 445

colgados. Buscamos alguén que puidera substituílo e, despois de chamar a moita xente, demos con Suso.

Foi a última hora, case, pero dende o primeiro momento houbo bo feeling. Fixemos algún concerto xuntos e despois decidimos montar algo novo xa máis estable.

Como definiríades a vosa música?

Rock sinxelo, directo, entre serio e truan.

Intentamos facer cancións sinxelas, que funcionen en directo. Cada vez buscamos máis simplicidade nun momento no que moitas producións musicais apostan pola sofisticación. Ás veces dá a sensación de que todo está moi producido, moi cargado. Nós queremos recuperar esa frescura máis básica da rock dos anos 80.

O rock quizais nunca tivo que saír do underground. Sempre haberá cousas pequenas por aí. Todos os grupos comezan nalgún sitio.

É un pouco ir contra corrente, non? Agora todo está moi producido, moi sofisticado...

O rock segue sendo unha cuestión de actitude máis que de estética. "O rock é unha forma de vida".

Agora facemos intercambio con outras bandas e para este verán ofrecéronos tocar con Carlos Balacera. Intentamos traer grupos a Redondela, colaborar, botarnos unha man. Ao final é facer rede, porque nós temos contactos que outros non teñen e viceversa.

Hai relevo xeracional nos concertos?

Malia que parte do público adoita ser da nosa xeración, ultimamente estamos vendo rapazada nova, saltando e

desfrutando. Iso dá moito ánimo. Ao final, se queremos que haxa escena, hai que coidala.

Eu, por exemplo, que dou clases de batería, intento meterlle aos pais na cabeza que traian os fillos aos concertos. Se hai entrada gratuíta para menores, mellor. Hai que crear costume. Non pode ser que só vaian os pais tomar a cervexa e deixen os rapaces na casa co reggaetón. A música en directo é unha experiencia que hai que vivir, ver tocar a batería en directo engancha.

Ao final tamén é responsabilidade nosa, a rapazada moveuse moito nas redes e isto temos que facelo nós tamén, promocionar, insistir. E deixarlles o acceso gratuíto para vernos en directo, porque aso 16 anos non se ten pasta para pagar entradas.

Como vivides os concertos?

Cando te metes nun grupo pensan en pasalo ben e desfrutar. Con temas directos, enerxía sobre o escenario e unha filosofía clara. A proximidade da xente en sitios pequenos, tocas horas sen deixar de sentilo. Persoalmente non vexo a miña vida sen unha guitarra. Tocar para a xente é evadirte dos problemas e responsabilidades, desfrutar do momento e desfrutar da xente que te ven a ver tocar.

Toda a música que tocaes é vosa?

Facemos versión e tocamos a nosa música a, as dúas cousas, pero todo o que se escoita é producido e gravado por nós.

Pódese vivir da música?

Pódese, nós vivimos disto pero temos que diversificar. Eu dou clases, outros compaxinan con tributos ou en verbenas.

O concello da lama conmemora o 8m, día internacional da muller, cun acto de homenaxe a tres traballadoras do municipio

A Lama

O Concello da Lama celebrará o Día Internacional da Muller cun acto institucional que terá lugar o vindeiro 6 de marzo ás 12:00 horas no Salón de Plenos da Casa do Concello, no que se renderá unha homenaxe a mulleres do municipio que destacaron pola súa traxectoria laboral e polo seu exemplo de esforzo e compromiso.

A iniciativa, organizada polo Concello da Lama en colaboración co Centro de Información á Muller (CIM), pretende recoñecer a contribución de mulleres que desenvolveron a súa vida profesional en distintos ámbitos e que, co seu traballo e constancia, abriron camiño cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Neste acto serán homenaxeadas Enma Ramos Medialdea, Lourdes Durán e Milagros Cordeiro Durán. O alcalde da Lama, David Carrera Cal, destaca que esta celebración do 8M busca "reafirmar o compromiso coa igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, especialmente nun ámbito clave para a autonomía e a dignidade das persoas como é o acceso ao mercado laboral".

Durante o acto tamén se porá en valor o papel das mulleres ao longo da historia, que tiveron que superar

numerosos obstáculos para poder exercer o seu dereito ao traballo en condicións de igualdade, afrontando barreiras invisibles, brechas salariais e dificultades para a promoción profesional.

Desde o Concello subliñan que, aínda que se teñen producido importantes avances, continúan existindo desigualdades que é necesario seguir corrixindo coa implicación das institucións e da sociedade no seu conxunto. Neste sentido, lembran que o emprego non é só unha actividade económica, senón tamén independencia, seguridade e participación activa na construción da comunidade.

A homenaxe ás mulleres recentemente xubiladas pretende recoñecer unha vida dedicada ao traballo e, en moitos casos, á conciliación co coidado das súas familias en épocas nas que as condicións eran aínda máis complexas.

O Concello da Lama anima á veciñanza a participar neste acto conmemorativo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, unha xornada de reivindicación pero tamén de agradecemento ás mulleres que, co seu esforzo e traxectoria, contribuíron ao progreso social e económico do municipio.

Klimbim Taparía Bocatería

Proba a nosa comida mexicana

Avda de Pontevedra, 10 Pontecaldelas 672 53 94 17

Auga C.B.

Beleza e saúde

Pedreira, 7 Baixo A Lama

986 768 261

augacb@outlook.es

Decoraciones Victor

Roberto Rivas

C/ de la Iglesia, 10 36820 Ponte Caldelas Pontevedra

roberto@decoracionesvictor.es

986 750 383 609 067 164

www.decoracionesvictor.es

O Club deportivo lean leva a gloria deportiva a Ponteareas

Na vila de Ponteareas, na rúa Trobador García de Guillade nº 50, está o club deportivo Lean. Este é un club que leva sete anos de actividade na vila do Tea, e que se dedica a formar aos seus alumnos e alumnas nos distintos deportes de loita. Asemade tamén compiten nos campionatos aos que teñen a oportunidade de acudir, e recentemente acadaron éxitos deportivos máis que notables entre os que destaca un campionato de España absoluto. Nós falamos co seu director.

por **Tino Lago**



“Os recentes éxitos deportivos son un enorme orgullo para todos os que formamos parte desta familia”

Jose Loren, director do club



Canto tempo levades funcionando en Ponteareas?

Levamos 7 anos. O primeiro estivemos na mesma rúa pero noutro local, e os 6 últimos estamos nas instalacións actuais.

Recórdanos que é o que facedes?

Traballamos as artes marciais e os deportes de loita. Ensinamos taekwondo, defensa persoal, kickboxing, boxeo...

En que abano de idade se moven os vosos alumnos e alumnas?

Moi amplo. Este tipo de deportes son bos para todas as idades. No noso caso o alumno máis novo ten 3 anos e o maior 60. Aínda que a maioría dos nosos alumnos son persoas novas.

Alén de ensinar tamén competides, e creo que con bastante bo resultado. Como están indo ultimamente as competicións?

Están indo moi ben. Os últimos resultados foron unha campioa galega cadete e dúas subcampioas no campionato galego cadete celebrado en Betanzos en decembro do ano pasado.

Nese campionato galego clasificamos a varios para ir ao campionato de España

Que tal os resultados no campionato de España?

A nosa deportista Icíá Sousa quedou campioa en cadetes de menos de 59 quilos. E outros éxitos importantes foron o subcampionato de España na categoría pre cadete acadado por Daniela García.

A nosa Aitana González acadou o ouro en individual e o ouro en parellas na súa especialidade.

E por último na categoría Master, Juan Carlos Pena acadou o terceiro posto de España na súa especialidade de “Master trío”

Todos estes éxitos son en Taekwondo?

Si, e aínda hai algún máis: pronto se celebrará o Open de España en Alacante, un importante campionato internacional no que estarán representados máis de 50 países e haberá dúas representantes do noso club: I. Sousa e I. Riveiro.

En Kickboxing e full contact pronto teremos a oportunidade

de amosar as nosas cualidades?

Pois si, temos campionato en Marín e alí estará o noso club con 8 representantes.

Vós noutros momentos xa tendes tido importantes éxitos deportivos, pero algo tan relevante como campionato absoluto de España, como foi o caso de Icíá Sousa, é a primeira vez, non?

No que se refire ás clasificacións que nos permitan ir ao campionato europeo esta

é a primeira vez. No que respecta a campionatos de España por clubs xa temos 6 ou 7.

Que significou para o voso club ese campionato de Icíá, e a posibilidade de que vaia á repre-

sentar á selección española no campionato de Europa que se disputará en Bulgaria?

Un orgullo tremendo para todos os que formamos parte desta familia. E para min en particular, que xa estou chegando á fin da miña carreira, unha satisfacción inmensa.

Fostes recibidos polo goberno municipal de Ponteareas?

Si, fixéronnos unha recepción moi bonita. Para os rapaces que se lle recoñeza o esforzo e o seu

talento nun deporte minoritario como o noso é moi importante.

Eu estoulle moi agradecido ao goberno de Ponteareas por telo feito así.

Ti xa non ningún neno Loren, quedache moito para seguir facendo o que fas?

Efectivamente non son ningún neno. Teño 63 anos, quedánme un par deles para xubilarme, pero o taekwondo é a miña vida e mentres o corpo aguante, dunha forma ou doutra, seguirei colaborando neste fermoso mundo.

Cando o teu corpo xa non che permita seguir o futuro do club está asegurado? Ou corre perigo?

O futuro do club está asegurado. A seguinte xeración ven empurrando con forza, e cando eu non estea eles seguirán formando aos alumnos e alumnas que queiran achegarse aos nosos ma-



rabillosos deportes.

Que beneficios supón a práctica dos distintos deportes de loita?

Ademais dos indiscutibles beneficios físicos, os deportes de loita achegan valores moi importantes para o día a día de quen os practica regularmente: Disciplina, compromiso, compañeirismo, solidariedade e seguridade.